PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Intervención Xeral

Subvencións concedidas no primeiro semestre do 2010 para actividades das entidades asociativas agrarias, correspondentes á convocatoria do ano 2009

CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS DE AGRICULTURA DIRIXIDO ÁS ENTIDADES ASOCIATIVAS AGRARIAS E LABREGAS DA PROVINCIA DA CORUÑA DURANTE O ANO 2009

SUBVENCIÓNS DE AGRICULTURA ÁS ENTIDADES ASOCIATIVAS AGRARIAS E LABREGAS DA PROVINCIA DA CORUÑA PARA ACTIVIDADE XERAL

De conformidade co disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro xeral de subvencións, no artigo 30 do regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, no artigo 15 da lei 9/2007, do 13de xuño, de Subvencións de Galicia e finalmente, na base 56 das de execución do presuposto provincial, faise pública a relación das subvencións concedidas durante o ano 2009 dende 01/01/2010 ata 30/06/2010

As subvencións outorgadas imputáronse á partida 0305/414A/481 do presuposto provincial.

O importe total das subvencións outorgadas foi de 40.990,48 euros, e distribuíuse conforme ó seguinte detalle:

NIF/CIF	BENEFICIARIO	CONCEDIDO	RESOLUCION	FINALIDADE
G70031224	ASOCIACION AGRICOLA-GANDEIRA COSTA DA MORTE.	11.995,88	8.945 06/05/2010	ESTUDO: IMPLANTACION DUN SISTEMA DE PRODUCCION GANDEIRA SOSTIBLE
G70054689	ASOCIACION DE GANDEIROS GALEGOS RIO ISO.	6.000,00	5.615 30/03/2010	VALORIZACION DE LEGUMINOSAS
G27007061	ASOC.NCNAL.CRIADORES GANADO VACUNO SELECTO RAZA RUBIA GALLEG.	14.997,80	2.988 01/03/2010	PROMOCION E MELLORA XENETICA DA RAZA RUBIA GALEGA
F15425309	VILASUSO SDAD.COOP.GALEGA.	7.996,80	5.614 30/03/2010	VALORIZACION DE LEGUMINOSAS COMO ALIMENTO DO GANDO
	TOTAL CONCEDIDO	40.990,48		

A Coruña, 4 de outubro de 2010

O presidente/a — O Secretario/a

Salvador Fernández Moreda — José Luis Almau Supervía

2010/14582

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Intervención Xeral

Subvencións concedidas no primeiro semestre do 2010 para investimentos das entidades asociativas agrarias, correspondentes á convocatoria do ano 2009

CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS DE AGRICULTURA DIRIXIDO ÁS ENTIDADES ASOCIATIVAS AGRARIAS E LABREGAS DA PROVINCIA DA CORUÑA DURANTE O ANO 2009

SUBV. DE AGRICULTURA ÁS ENTIDADES ASOCIATIVAS AGRARIAS E LABREGAS DA PROVINCIA DA CORUÑA PARA INFRA-ESTRUC. E EQUIPAMENTO

De conformidade co disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro xeral de subvencións, no artigo 30 do regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, no artigo 15 da lei 9/2007, do 13de xuño, de Subvencións de Galicia e finalmente, na base 56 das de execución do presuposto provincial, faise pública a relación das subvencións concedidas durante o ano 2009 dende 01/01/2010 ata 30/06/2010

As subvencións outorgadas imputáronse á partida 0305/414A/781 do presuposto provincial.

O importe total das subvencións outorgadas foi de 14.997,60 euros, e distribuíuse conforme ó seguinte detalle:

NIF/CIF	BENEFICIARIO	CONCEDIDO	RESOLUCION	FINALIDADE
G27007061	ASOC.NCNAL.CRIADORES GANADO VACUNO SELECTO RAZA RUBIA GALLEG.	6.000,00	2.987 01/03/2010	ECOGRAFO
F70178835	COOP.DE AGRICULTURA ECOLOXICA RAINHA LUPA S.COOP.GALEGA.	8.997,60	2.986 01/03/2010	INSTALACION, ADQUISICION E ACONDICIONAMENTO SISTEMA DE REGO
	TOTAL CONCEDIDO	14.997,60		

A Coruña, 4 de outubro de 2010

O presidente/a — O Secretario/a

Salvador Fernández Moreda — José Luis Almau Supervía

2010/14583

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Tesourería

Concello de Carnota. Notificación de acordo de inicio de procedementos sancionadores de tráfico

Unidade de Instrucción de Sancións Municipais de Tráfico

CARNOTA

NOTIFICACIÓN DE ACORDO DE INICIO DE PROCEDEMENTOS SANCIONADORES DE TRÁFICO

De conformidade co disposto nos artigos 59.5 e 61 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e o procedemento administrativo común, debido a que non foi posible a notificación persoal no último domicilio coñecido, fanse públicas as seguintes notificacións de iniciación de expedientes sancionadores en materia de tráfico segundo ACORDO ditado polo Alcalde ou, de ser o caso, órgano delegado do Concello, no exercicio das atribucións conferidas polo artigo 71.4 do Texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, aprobado polo Real decreto lexislativo 339/1990, de 2 de marzo, na súa redacción dada pola Lei 18/2009, de 23 de novembro (LSV no sucesivo).

O órgano instrutor do procedemento é a Unidade de Instrución de Sancións Municipais de Tráfico da Deputación Provincial da Coruña, en virtude de adhesión expresa do Concello ás Bases para a prestación de servizos en materia de sancións por infracción das normas de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria (Boletín Oficial da Provincia nº 160, de 17 de xullo de 2009). Os respectivos expedientes obran nas súas dependencias situadas na Rúa Archer Milton Huntington, nº 17-15071 A Coruña onde se poderán presentar os documentos e se dirixirán os respectivos escritos e recursos, ademais de no resto de rexistros, oficinas e dependencias da Deputación Provincial da Coruña e lugares previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, antes citada.

Identificación do condutor (artigo 9 bis LSV): Salvo no suposto de que se trate dunha infracción ao devandito artigo, de non ser vostede o condutor do vehículo denunciado no momento da comisión da infracción, dispondrá dun prazo de quince días naturais para identificar ao condutor responsable da infracción ante o órgano instrutor. O incumprimento desta obriga é sancionable segundo os artigos 65.5 j) e 67.2 a) da LSV:

Dispón dun prazo de 20 días naturais desde o seguinte á presente publicación para:

a) Efectuar o pago voluntario con redución do 50 % do importe da sanción (artigo 80 LSV). Obtención da carta de pago nas oficinas tributarias da Deputación (Localización na dirección electrónica www.dicoruna.es, apartado Servizos Tributarios, teléfono de contacto gratuíto 900132204).

b) Formular alegacións y propor ou aportar probas (artigo 81 LSV).

De non formular alegacións nin abonar o importe da multa a denuncia correctamente notificada sorte efectos de acto resolutorio nos supostos e coas consecuencias previstas polo artigo 81.5 LSV.

Prescrición e caducidade do expediente: Artigo 92 LSV.

As infraccións cometidas con anterioridade á entrada en vigor da Lei 18/2009, de 23 de novembro (25 de maio de 2010) rexeranse pola súa normativa correspondente (redacción anterior do Real decreto lexislativo 339/1990 e normativa concordante).

Abreviaturas:

LSV: Lei de seguridad vial.

CIR: Regulamento xeral de circulación.

OMT: Ordenanza Municipal de Trafico.

A Coruña, 6 de outubro de 2010

A INSTRUTORA XEFA

Asdo. Mª Jesús Sánchez Chouza

Unidad de Instrucción de Sanciones Municipales de Tráfico

CARNOTA

NOTIFICACIÓN DE ACUERDO DE INICIO DE PROCEDIMIENTOS SANCIONADORES DE TRÁFICO

De conformidad con lo dispuesto en los artículos 59.5 y 61 de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre de régimen jurídico de las administraciones públicas y el procedimiento administrativo común, debido a que no fue posible la notificación personal en el último domicilio conocido, se hacen públicas las siguientes notificaciones de iniciación de expedientes sancionadores en materia de tráfico según ACUERDO dictado por el Alcalde o, de ser el caso, órgano delegado del Ayuntamiento, en el ejercicio de las atribuciones conferidas por el artículo 71.4 del Texto articulado de la Ley sobre tráfico, circulación de vehículos a motor y seguridad viaria, aprobado por el Real decreto legislativo 339/1990, de 2 de marzo, en su redacción dada por la Ley 18/2009, de 23 de noviembre (LSV en lo sucesivo).

El órgano instructor del procedimiento es la Unidad de Instrucción de Sanciones Municipales de Tráfico de la Diputación Provincial de la Coruña, en virtud de adhesión expresa del Ayuntamiento a las Bases para la prestación de servicios en materia de sanciones por infracción de las normas de tráfico, circulación de vehículos a motor y seguridad vial (Boletín Oficial de la Provincia en º 160, de 17 de julio de 2009). Los respectivos expedientes obran en sus dependencias situadas en la Calle Archer Milton Huntington, nº 17-15071 A Coruña donde se podrán presentar los documentos y se dirigirán los respectivos escritos y recursos, además de en el resto de registros, oficinas y dependencias de la Diputación Provincial de la Coruña y lugares previstos en el artículo 38.4 de la Ley 30/1992, antes citada.

Identificación del conductor (artículo 9 bis LSV): Salvo en el supuesto de que se trate de una infracción a dicho artículo, de no ser usted el conductor del vehículo denunciado en el momento de la comisión de la infracción, dispondrá de un plazo de quince días naturales para identificar al conductor responsable de la infracción ante el órgano instructor. El incumplimiento de esta obligación es sancionable según los artículos 65.5 j) y 67.2 a) de la LSV.

Dispone de un plazo de 20 días naturales desde lo siguiente a la presente publicación para:

a) Efectuar el pago voluntario con reducción del 50 % del importe de la sanción (artículo 80 LSV). Obtención de la carta de pago en las oficinas tributarias de la Diputación (Localización en la dirección electrónica www.dicoruna.es, apartado Servicios Tributarios, teléfono de contacto gratuito 900132204).

b) Formular alegaciones y proponer o aportar pruebas (artículo 81 LSV).

De no formular alegaciones ni abonar el importe de la multa la denuncia correctamente notificada surte efectos de acto resolutorio en los supuestos y con las consecuencias previstos por el artículo 81.5 LSV.

Prescripción y caducidad del expediente: Artículo 92 LSV.

Las infracciones cometidas con anterioridad a la entrada en vigor de la Ley 18/2009, de 23 de noviembre (25 de mayo de 2010) se regirán por su normativa correspondiente (redacción anterior del Real decreto legislativo 339/1990 y normativa concordante).

Abreviaturas:

LSV: Ley de seguridad vial.

CIR: Reglamento General de circulación.

OMT: Ordenanza Municipal de Trafico.

A Coruña, 6 de octubre de 2010

LA INSTRUCTORA JEFA

Fdo. Mª Jesús Sánchez Chouza

EXPEDIENTE	NIF INFRACTOR	NOMBRE Y APELLIDOS	POBLACION	FECHA INFRACCION	HORA INFRACCION	NUM ARTICULO	APARTADO ARTICULO	LEY	Puntos	IMPORTE
916/2010	78797658A	CERBAN CAAMAÑO MANUEL	CULLEREDO	26/06/2010	19:46	94	2A	CIR	0	90,00
1657/2010	33272081M	COSTA COSTA JOSE LUIS	CARNOTA	13/08/2010	21:07	50	1	CIR	2	300,00
1498/2010	47364516H	DOMINGUEZ LOUZAN DAVID	CEE	31/07/2010	16:51	18	2	CIR	3	200,00
1650/2010	B 91155036	EXPANSIVA T CSL	SEVILLA	12/08/2010	16:35	171		CIR	0	80,00
1452/2010	50858125	MIRAGAYA SANCHEZ JOSE MANUEL	LUGO	30/07/2010	16:35	94	2A	CIR	0	90,00
1679/2010	B 15683303	OUSANY OURENSE SL	TEO	14/08/2010	00:54	50	1	CIR	2	30000,00
1001/2010	76364330Y	PEREZ MARIA MIGUEL ANGEL	CEE	05/06/2010	18:57	50	1	CIR	6	500,00
987/2010	76364330Y	PEREZ MARIA MIGUEL ANGEL	CEE	04/06/2010	23:29	50	1	CIR	4	400,00
1797/2010	50852893	SANZ SENDON JOSE LUIS	RIVAS-VACIAMADRID	18/08/2010	09:40	154		CIR	0	200,00
967/2010	32312637Y	VAZQUEZ CAMBEIRO RAMONA	CEE	04/06/2010	20:44	50	1	CIR	4	400,00

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARANGA

Secretaría - Intervención

Anuncio de contratación de adquisición de microbús

ANUNCIO DE LICITACIÓN PARA A CONTRATACIÓN DO SUMINISTRO DUN MICROBUS DE 19 PRAZAS +2 P.M.R. POR PROCEDEMENTO ABERTO NO CONCELLO DE ARANGA.

1. Entidade Adxudicataria: Concello de Aranga, en virtude do acordo da Xunta de goberno Local de 7 de outubro de 2010 que aproba o expediente e os pregos de cláusulas administrativas e de prescripcións técnicas, que se publican no Perfil do contratante da páxina web do concello.

2. Obxecto do contrato : Adquisición dun microbus de 19 prazas + 2 P.M.R.

3. Prezo de licitación : 77.241,38 €. (sen IVE).

IVE aplicable: 13.903.,45 €.

Total orzamento: 91.144,83 €.

4. Tramitación e procedimiento: Aberto con multiplicidade de criterios, trámite de urxencia.

5. Obtención da documentación: na páxina web do concello :www.aranga.es (Perfil del contratante) e no Rexistro Xeral do concello de Aranga.

6. Presentación de ofertas. No prazo de dez días naturais contados dende o día seguinte a insercción do anuncio no Boletín Oficial da Provincia. Presentaránse no Rexistro Xeral do Concello.

7. Gastos de anuncios: Serán de conta do adxudicatario.

8. Plazo e lugar de entrega: Os bens obxecto do suministro deberán entregarse no prazo dun mes que se contara dende a data de formalización do contrato , na praza Maestro Mosquera de Ponte-Aranga.

Aranga, a 8 de outubro de 2010

O alcalde :

Asdo.:Manuel Brañas Abad.

2010/14691

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARZÚA

Aprobación padrón suxeitos obrigados ó pago da taxa por abastecemento de auga e sumidoiros

Confeccionado e aprobado o padrón de suxeitos pasivos en concepto de taxa por subminstración de auga, conservación de contadores e acometidas, correspondente ao quinto bimestre do 2010; así como taxa por rede de sumidoiros; procédese á notificación colectiva ao amparo do artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, dispoñendo un prazo de quince días hábiles para que os lexítimos interesados aleguen o que estimen oportuno.

O prazo de ingreso voluntario das débedas correspondentes ao quinto bimestre do 2010 será de dous meses dende a publicación do presente anuncio no BOP. Transcorrido dito prazo sen que se efectuase o ingreso, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento e devengarán o recargo de constrinximento, xuros de mora e demáis costas que se produzan.

Contra a presente notificación poderá interpoñerse o recurso de reposición regulado no artigo 14 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, ante o órgano que dictou o acto.

Transcorrido o prazo máximo dun mes dende a interposición do recurso sen que recaera resolución expresa, o recurso considerarase desestimado quedando aberta a vía para a interposición do recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso administrativo.

Arzúa, 7 de outubro de 2010

O alcalde

Asdo. Xaquín García Couso

2010/14647

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A BAÑA

Aprobación definitiva Ordenanza axuda no fogar

Aprobación definitiva "Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar".

Elevado a definitivo o acordo plenario de data 10 de agosto de 2010 sobre a súa aprobación inicial, por non se presentar reclamacións durante o período de exposición pública, de acordo co artigo 17.4 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, publícase o seu texto íntegro para os efectos da súa entrada en vigor:

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACION DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

Artigo1º. Fundamento e natureza

1.1 En uso das facultades concedidas nos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei7/1985,do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade eco disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo , polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e artigo81da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia.

1.2 O Concello de A Baña establece a taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar atendendo ao establecido nos artigos 20.4 e 57 do citado Real decreto lexislativo polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

1.3 O servizo público de Axuda no fogar configurase como unha prestación do Sistema público de Benestar Social establecida na Lei 39/2006 do 14 de Decembro de Promoción da Autonomía persoal e de Atención as persoas en situación de dependencia e demais normativa estatal de desenvolvemento,Lei 13/2008 de Servizos Sociais de Galicia e demais na normativa de carácter autonómico que desenvolve a Autonomía e atención á dependencia na Comunidade Autónoma, e en especial a Orde de 22 de xaneiro do 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar (DOG nº22 do 2/02/2009).

1.4 As atencións que se prestan son as reflectidas no Regulamento Municipal do Servizo de axuda no fogar no Concello de A Baña.

Artigo 2º. Feito impoñible.

Constitúe o feito impoñible da taxa a prestación por este concello do servizo público de axuda no fogar.

Artigo3 º. Suxeito pasivo.

Son suxeitos pasivos desta taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas, xurídicas e as entidades a que se refiren o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria e 23 da Lei 39/88, de 28 de decembro, que sexan receptoras e se beneficien das prestacións do servizo de axuda no fogar.

Artigo 4º. Responsables.

Responderan solidariamente das débedas tributarias as persoas ou entidades as que se refire o artigo 42 da lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.Serán responsables subsidiarios as persoas ou entidades as que se refire o artigo 43 da Lei 58/2003,de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Artigo 5º. Base Impoñible.

A base impoñible deste tributo calcularase en función do Indicador público de rendas de efectos múltiples (IPREM).

Artigo 6º. Cota Tributaria.

6.1 . O prezo/hora queda establecido en 12 €/hora de prestación do servizo. Sen embargo, as tarifas graduaranse segundo o seguinte cadro:

Ingresos relacionados Co IPREM	Copagamento
Ata o 100%do IPREM	0%
Entre o 100% e o 200%	10%
Entre o 200%e o 250%	15%
Entre o 250% e o 300%	20%
Entre o 300%e o 350%	25%
Entre o 350%e o 400%	30%
Entre o 400% e o 450%	35%
Entre o 450% e o 500%	50%
Do 500% en adiante	65%

6.2 Sen prexuízo do disposto no numero anterior, poderán preverse excepcións aos criterios xerais nos casos en que a problemática principal atendida sexa a desestructuración familiar e se procure a protección e integración social de menores de idade en risco de exclusión , mediante resolución motivada do órgano competente para acordar a concesión do servizo, da que en todo caso deberá deixarse constancia no correspondente expediente.

6.3 Aos efectos deste artigo considerase persoa usuaria aquela para a que se solicite o servizo. No caso de intervención con familias, entenderase como persoa usuaria un dos membros adultos da unidade de convivencia responsables dos menores que formen parte dela.

6.4 A capacidade económica das persoas usuarias do servizo de axuda no fogar calcularase en atención a súa renda e, se e o caso, ao seu patrimonio

6.5 A renda valorarase atendendo aos ingresos netos que se perciban, e comprenderan:

Os rendementos de traballo, incluídas pensións e prestacións de previsión social, calquera que sexa o seu réxime.

Os rendementos de capital mobiliario e inmobiliario.

Os rendementos das actividades económicas.

As ganancias e perdas patrimoniais.

6.6 No caso de que a persoa usuaria tivera cónxuxe parella de feito, as rendas de ambos os dous terán a consideración de rendas computables, entendéndose neste caso por renda persoal a metade da suma dos ingresos de ambos os dous membros da parella.

6.7.1 A capacidade económica por razón da renda determinarase dividindo a renda ou rendas computables, de acordo co número anterior, entre a suma das seguintes persoas que conviven: o perceptor ou perceptores de rendas computadas e, se e o caso, o cónxuxe e os ascendentes ou fillos /as menores de 25 anos, ou maiores desta idade en situación de discapacidade, que dependesen economicamente dos citados perceptores.

6.7.2 Para o cómputo da renda ou do patrimonio teranse en conta os datos correspondentes a última declaración fiscal dispoñible ou pensión coñecida.

Artigo 7º. Devengo e período impositivo.

A taxa devengarase co comezo da prestación do servizo de axuda no fogar.

O período impositivo coincidirá co mes natural, liquidándose o primeiro día do mes natural seguinte, e ratéase por días nos supostos en que a dita prestación non se realice polo mes completo.

Artigo 8º. Liquidación .

As liquidacións practicaranse por meses naturais, aboándose cada mensualidade nos cinco primeiros días naturais do mes.

A tal efecto e para a prestación do servizo de axuda a domicilio, elaborarase un padrón ou lista cobratoria mensual, na que se reflictan as incidencias ou alteracións respecto do mes anterior. Nos supostos en que a cota tributaria a satisfacer polos suxeitos pasivos sexa igual ou inferior a 10.00€, a Administración poderá acumular a un mesmo suxeito pasivo, as liquidacións tributarias mensuais practicadas ata un máximo de tres cotas tributarias.

O pagamento efectuarase mediante cargo na conta corrente ou libreta de aforros que a persoa solicitante ou usuaria do servizo de axuda no fogar deberá indicar no modelo oficial que lle será facilitado polo concello.

Artigo 9º. Normas de xestión.

9.1 a presentación das solicitudes, documentación esixible así como o cálculo dos ingresos da unidade de convivencia, regularanse segundo o disposto na presente ordenanza fiscal e na Ordenanza reguladora do servizo municipal de axuda no fogar.

9.2 A forma de prestación do servizo , a súa autorización ou cese, así como a prórroga , regularase de acordo co disposto na Ordenanza reguladora do servizo municipal de axuda no fogar.

9.3 A baixa da prestación do servizo terá efectos ao día seguinte en que se pida ou se declare de oficio por esta Administración.

9.4. O Concello de A Baña revisará anualmente os prezos base do servizo, e adaptará porcentaxes correspondentes ás aportacións das persoas usuarias segundo as modificacións que poderán emanar dos órganos autonómicos correspondentes. En ambos casos, de darse modificacións, comunicarase por escrito as persoas usuarias.

Disposición adicional

En todo aquilo non sinalado na presente ordenanza, estarase ao disposto nas disposicións xerais aplicables, así como na orde do 22 de xaneiro de 2009, pola que se regula o servizo de axuda no fogar, e disposicións que a complementen ou modifiquen.

Disposición derrogatoria

A Presente Ordenanza derroga expresamente a Ordenanza fiscal aprobada polo Pleno en sesión realizada o día 27 de marzo de 1998 e as súas modificacións posteriores.

A Baña, 6 de outubro do 2010

O Alcalde,

José Andrés García Cardeso

2010/14634

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BOIMORTO

Aprobación definitiva da Ordenanza fiscal reguladora da corta forestal e da taxa polo depósito e transporte de madeira de corta e anuncio do acordo de incoación do expediente de nomeamento de Suso de Marcos como fillo predilecto

ANUNCIO

O Pleno Municipal, en sesión ordinaria celebrada o día 30 de setembro de 2010 acordou rexeitar as alegacións presentadas contra a aprobación inicial polo Pleno municipal da ordenanza fiscal nº 20 reguladora da corta forestal e da taxa polo deposito e transporte de madeira de corta presentadas no rexistro de entrada deste Concello o dia 11/06/2010 có nº de rexistro de entrada 7520, asi como aprobar definitivamente o texto de ordenanza aprobado xa inicialmente en sesión do Pleno municipal ordinaria de data 29/04/2010, rectificando erro en aplicación do artigo 105 da Lei 30/1992 de réxime xurídico das adminsitracións públicas e do procedemento administrativo común no artigo 1.3 eliminado a referencia o 3.6, polo que procédese a continuación á publicación do texto integro da ordenanza que entraá en vigor segundo a súa disposición derradeira unha vez transcorrido o prazo dun mes dende o dia seguinte o da súa publicación integra no BOP.

ORDENANZA FISCAL Nº 20 REGULADORA DA CORTA FORESTAL E DA TAXA POR DEPOSITO DE CARGA E TRANSPORTE DE MADEIRA DE CORTA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A presente Ordenanza ten coma fin controla-la explotación forestal dos montes sitos no Concello de Boimorto, dada a importancia que para o mesmo debe de ter desde os puntos de vista industrial-madeireiro e de protección paisaxística, así coma velar pola debida conservación das vías públicas de titularidade municipal, que poden ser obxecto de desperfectos por causa das operacións de pranta e corta da madeira, evitando a destrucción dos camiños públicos e o depósito de residuos das operacións dentro do dominio público.

Asimesmo, polo medio da mesma, acórdase a imposición e ordénase a taxa por outorgamento de autorizacións para o depósito de carga e transporte de madeira de corte, e pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local viario durante os labores de corta, carga e transporte da madeira de corta, ante a necesidade de repercutir nos suxeitos beneficiarios destas autorizacións os custes da tramitación das licencias e ante a de racionaliza-la tributación das diversas clases de ocupación do dominio público local que beneficie a suxeitos determinados, impedindo ou dificultando o uso común ou xeral do dominio público local por outros suxeitos, harmonizando así a tributación de tódalas clases de utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local.

A efectos de simplificación no cumprimento das obrigas xerais dos interesados en realiza-lo aproveitamento madereiro, óptase por refundir nun só texto a regulación xeral administrativa do réxime de control e outorgamento de autorizacións, xa que e acto suxeito a licenza segundo o artigo 15 do PXOM de Boimorto a tala de árbores integradas en masa arbórea, espazo boscoso, arborado ou parque, agás as autorizadas en solo rústico por Organismo competente en materia agraria e/ou forestal, destacando coma medida fundamental a esixencia de fianza para garanti-la reparación dos eventuais desperfectos que se produzan nos labores de carga da madeira, e a regulación tributaria da taxa que grava a tramitación das autorizacións e a taxa pola ocupación do dominio público local coa madeira e os vehículos de transporte da mesma durante as operacións de carga.

En aplicación do disposto no artigo 41.2.2 do PXOM sobre tala das plantacións establécense requisitos da solicitude de licenza para talas sendo o madereiro encargado da tala o responsable directo dos desperfectos ocasionados nas vías públicas municipais como consecuencia do depósito da madeira, quedando obrigado á reparación das mesmas incluíndo a limpeza e retirada dos depósitos, tendo o madereiro que constituir unha fianza en beneficio do Concello de Boimorto para responder dos posibles danos a bens públicos non reparados voluntariamente na contía que fixe o servizo técnico municipal en informe previo o outorgamento de licenza.

Para evita-la posible interferencia entre os dous réximes, establécese unha clara diferenciación dos contidos fiscais e xerais no artigo 1 da mesma, ante o diverso réxime xurídico, fundamentalmente de recursos, que rexerá nun ou outro ámbito xurídico.

Por último, establécese, na Disposición Derradeira, unha vacatio legis de un mes para retrasa-la entrada en vigor da Ordenanza, para respecta-lo prazo de carencia contido no artigo 65.2. da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime

local, no tocante á parte xeral ou non fiscal da Ordenanza, así como para facilitar un período de adaptación aos suxeitos que poidan resultar afectados pola mesma.

TÍTULO PRELIMINAR

OBXECTO E FUNDAMENTO

Artigo 1.- Obxecto e fundamento

1.- Consonte ao disposto nos artigos 591 do Código civil e 25, 28 e 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local; e no PXOM, o Concello de Boimorto establece a presente ordenanza reguladora das talas ou cortas forestais, sendo o seu ámbito de aplicación o termo municipal de Boimorto, sen prexuízo das disposicións especiais que poidan rexer en zonas calificadas coma especialmente protexidas ou espacios naturais.

2.- No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto no artigo 57 en relación co artigo 20.3 do Real decreto-lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Concello de Boimorto acorda a imposición ou establecemento da a taxa por depósito de carga e transporte de madeira de tala ou corta, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, redactada consonte ao disposto no artigo 16 do dito Real decreto lexislativo 2/2004.

3.- Terán natureza tributaria, e, polo tanto, estarán suxeitos ao réxime xurídico propio da materia tributaria, os preceptos contidos nos artigos 1.2, 3.5, e nos artigos 11 a 18, ambolosdous incluidos, desta Ordenanza, así como a súa disposición derradeira.

Artigo 2.- Suxeción a autorización previa

Non se poderá, dentro do termo municipal de Boimorto, realizar corta ou tala forestal algunha, sen obter previamente a correspondente autorización do Concello, que será solicitada en modelo oficial nas oficinas deste, sen prexuizo de que a tala autorizada en solo rústico polo Organismo competente en materia agraria e/ou forestal evite a necesidade de licenza urbanística debera comunicarse ó Concello de Boimorto a realización de corta ou tal forestal os efectos de liquidación no seu caso de taxa por ocupación do dominio público e constitución de fianza para responder dos posibles danos en bens de dominio público.

TÍTULO I

PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DE AUTORIZACIÓNS E RÉXIME XURÍDICO APLICABLE ÁS MESMAS

Capítulo I

Tramitación e responsabilidade

Artigo 3.- Solicitudes

1.- Para poder realizar cortas de árbores, dentro do término municipal de Boimorto, a persoa física ou xurídica responsable da corta deberá solicitalo cunha antelación mínima de UN MES. A falta de resolución expresa por parte do Concello nese prazo suporá que se entenda denegada a autorización.

2.- O impreso da solicitude deberá de ser cuberto en tódolos seus apartados, e rexistrado debidamente nas oficinas do Concello. Nel faranse constar, en todo caso, os seguintes datos:

A) Identificación do propietario e do madereiro indicando domicilio a efectos de notificación. De ser persoa xurídica, documento auténtico onde consten as identidades dos administradores e do representante legal da entidade.

B) Referencia catastral da/s parcela/s onde se van desenvolve-los labores. Plano catastral de situación da/s parcela/s onde se van desenvolve-los traballos indicando día e horario de desenvolvemento dos labores e especie de madeira obxecto da tala así como toneladas a extraer

C) Vias a utilizar para o transporte da madeira.

D) Deberase achegar, ademáis, fotocopia compulsada do permiso de corta, expedido pola autoridade competente.

3.- As persoas ou entidades que se ocupen habitualmente da realización das operacións obxecto desta Ordenanza poderán presentar unha solicitude única para todo o exercicio, debendo, neste caso, comunicar ao Concello, unha vez concedida a autorización anual, cunha antelación mínima de 3 días, os lugares e días en que vaian realizar cada unha das súas operacións. A falta de comunicación, que deberá ser escrita, en todo caso, suporá infracción e conlevará a sanción correspondente.

4.- Xunto co impreso de solicitude, os suxeitos pasivos deberán presenta-lo documento xustificativo de ter autoliquidado, con carácter previo á presentación da solicitude, as taxas correspondentes á mesma consonte a presente Ordenanza. Non se dará trámite ás solicitudes que non acompañen xustificante do pagamento previo das taxas anteditas.

5.- Cando se trate de solicitudes únicas para todo o exercicio, deberá acompañarse á instancia de solicitude documento xustificativo de ter abonado as taxas de tramitación recollidas no artigo 15.1, e, tamén, polo menos, a taxa correspondente a unha ocupación por unha corta, esto é, a recollida no artigo 15.2. Nestes casos, e cada vez que se pretenda realizar outra corta, unha vez feita a primeira, o interesado tan só deberá presenta-lo documento de autoliquidación das taxas recollidas no artigo 15.2. A falta de presentación da autoliquidación de cada operación suporá que se entenda realizada a operación sen a preceptiva autorización.

Artigo 4.- Responsables

Serán responsables a efectos do cumprimento desta Ordenanza, por esta orde:

a) Os solicitantes da autorización.

b) Os titulares da empresa/establecemento mercantil que realice os labores.

c) Os donos das parcelas sobre as que se realicen as operacións, que responderán solidariamente a efectos desta Ordenanza. A tales efectos, consideraranse donos aos que figuren nos Rexistros Fiscais do Concello de Boimorto.

d) As persoas que manipulen as máquinas/aparellos cos que se realice a corta, solidariamente.

Capítulo II

Prohibicións

Artigo 5.- Inocupabilidade das vías públicas

As vías públicas non se poderán utilizar para almacén de madeira. Os depósitos de troncos, ramas ou follaxe non poderán invadi-la zona de circulación, tanto de vehículos como de persoas, nin interrompe-la funcionalidade das cunetas, canalizacións, pontes, canles, pasos de auga ou calquera outra infraestructura auxiliar ou anexa ós viarios, nin supor risco para os usuarios da vía.

O posible desgaste ou deterioro das vías públicas debido ás operacións autorizadas conlevará a obriga de afiuzamento do risco de deterioro do dominio público.

Capítulo III

Obrigas dos responsables

Artigo 6.- Afiuzamento

Os responsables das cortas establecerán unha fianza a favor do Concello, co obxecto de responder diante de posibles danos non reparados voluntariamente; a contía será fixada polo servizo técnico municipal. Poderá establecerse unha fianza única anual, da contía que sinalen os servizos técnicos municipais, cando os responsables das cortas teñan en previsión a realización habitual ao longo do exercicio dos labores regulados nesta Ordenanza. En ningún caso se poderán realiza-las operacións de corta sen ter constituido previamente a fianza.

A fianza será depositada no Concello, unha vez requerido para elo, e a súa contía será notificada expresamente xunto á autorización, e de non ser necesaria licenza xunto coa toma de coñecemento das labores comunicadas previamente ó Concello.

Artigo 7.- Reparación das vías públicas

O responsable da corta responderá diante do Concello dos posibles danos ocasionados nas vías públicas municipais coma consecuencia do depósito e transporte de madeira, quedando na obriga da reparación das devanditas vías.

Artigo 8.- Limpeza das vías

O responsable da corta terá a obriga da limpeza e retirada de refugallos producidos nas operacións realizadas.

Artigo 9.- Normas comúns

1.- As limpezas ou reparacións deberanse realizar nun prazo máximo de 48 horas, a partir da retirada da madeira, ou en tres días cando coincida nunha fin de semana.

2.- Transcorrido un prazo de sete días dende que se producise a destrucción ou deterioro do dominio público local ou a acumulación de restos procedentes das operacións de carga e almacenamento, o concello poderá realizar, con cargo á fianza, as operacións de reparación, corrección e/ou retirada de restos, sen prexuízo da sanción que proceda e de exerce-las accións oportunas para resarcirse dos custos, se non fosen totalmente cubertos pola fianza.

3.- Se os danos fosen irreparables, a entidade será indemnizada en contía igual ó valor dos bens destruídos ou ó importe do deterioro dos danos.

TÍTULO II

INFRACCIÓNS, SANCIÓNS E PROCEDEMENTO SANCIONADOR

Artigo 10.- Infraccións e sancións

1.- Son infraccións da presente ordenanza os actos e omisións que contraveñan o establecido nesta. A comisión de calquera infracción levará aparellada a imposición ós responsables das correspondentes sancións, ademais da obriga de indemnizar aos prexudicados polos danos derivados da súa comisión.

2.- As infraccións e sancións que lles corresponderán serán as seguintes:

a) Pola omisión da solicitude de corta ou tala: 300 euros

b) Pola falta de comunicación no casode excepcionalidade da necesidade de licenza ou no caso de autorizacións anuais: 200 euros

c) Pola omisión do deber de constitución da fianza: 600 euros

d) Por almacenamento de madeira nas pistas: 400 euros

e) Pola falta de limpeza das vías e/ou gabias: 300 euros.

3.- O procedemento sancionador será o establecido no R.D. 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, en desenvolvemento da Lei 30/1992, e cos criterios expostos no Título XI da Lei 7/1985, modificada pola Lei 57/2003, de modernización do goberno local.

TÍTULO III

RÉXIME TRIBUTARIO

Artigo 11.-Feito impoñible

Constitúe o feito impoñible deste tributo a realización de operacións de depósito, de carga e transporte en vehículos de madeira procedente da corta, reguladas nos artigos anteriores, e, en concreto:

a) A tramitación das autorizacións pertinentes esixibles segundo o previsto no PXOM do Concello de Boimorto.

b) A ocupación do dominio público local (viario municipal) durante as operacións propias da corta forestal, cando estea autorizado ou, sin estalo, se produza.

Artigo 12.- Nacemento da obriga de contribuír

A obriga de contribuír nace coa realización das actividades descritas no artigo anterior dentro do territorio do Concello de Boimorto.

Non obstante, a presente taxa configúrase coma de depósito previo, polo que os suxeitos pasivos deberán ingresa-las cotas correspondentes aos feitos impoñibles antes descritos simultáneamente á presentación das solicitudes correspondentes.

Artigo 13.-Suxeitos pasivos

Serán suxeitos pasivos desta taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades ás que se refire o artigo 35.4. da Lei 58/2003, xeral tributaria, que resulten autorizadas para realiza-las actividades de carga e transporte de madeira de tala, e as que resulten beneficiadas por ditos aproveitamentos mesmo cando non obtivesen previa autorización.

Artigo 14.-Responsables tributarios

1.- Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas ou xurídicas que son causantes ou colaboran na realización dunha infracción tributaria, así como os copartícipes ou cotitulares das entidades recollidas no artigo 35.4 da Lei xeral tributaria, que responderán en proporción ás súas respectivas participacións das obrigas tributarias de ditas entidades.

2.- Serán responsables subsidiarios os administradores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinale a Lei xeral tributaria.

Artigo 15.- Tarifas

As tarifas a abonar polos feitos imponibles desta Ordenanza serán:

1.- Tramitación de nova licencia ou renovación: 15 euros.

2.- Ocupación do dominio viario local durante as operacións:

Mediante a autorización de corta ou tala, concédese o permiso para que os vehículos realicen labores estacionando temporalmente nas marxes das vías locais, sempre que non impidan ou entorpezan gravemente a circulación, de xeito que, ocasionalmente, desfruten de xeito especial do dominio público local, polo que se fixa unha ocupación estimada a tanto alzado, que terá carácter discontinuo, durante o tempo que duren as operacións, e que, polo tanto, tributará pola contía de 20€

Artigo 16.-Normas de xestión

1.- As persoas naturais ou xurídicas interesadas na obtención dos aproveitamentos deberán cursa-la solicitude consonte ao previsto nos artigos anteriores.

2.- A liquidación correspondente á solicitude de autorización para corta ou tala forestal liquidarase con carácter previo á presentación da solicitude, ben sexa anual ou accidental. Non se tramitará a solicitude sen o depósito previo da taxa respectiva.

3.- A liquidación correspondente á ocupación do dominio público local durante as operacións liquidarase previamente ao momento de presentación da solicitude, ou á comunicación prevista para cada operación para cando se teña concedida unha autorización única de carácter anual ou non sexa necesaria expresamente licenza urbanística.

4.- As empresas que realicen habitualmente os labores regulados nesta Ordenanza poderán asinar convenio de colaboración co Concello de Boimorto, nos que se poderán simplifica-lo cumprimento das obrigas formais e fiscais desta Ordenanza, establecendo, incluso, unha tarifa acumulada para un número determinado de operacións segundo as previsións anuais que sinale a empresa.

Artigo 17.-Gastos de reconstrucción e indemnizacións

Cando a utilización privativa ou o aproveitamento especial que se concedeu leve aparellada a destrucción ou deterioro do dominio público local, o suxeito pasivo, sen prexuízo do pago da taxa a que houbese lugar, estará obrigado ao reintegro do custe total dos respectivos gastos de reconstrucción ou reparación e do depósito previo do seu importe, nos termos anteriormente regulados.

Artigo 18.-Infraccións e sancións tributarias

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias e sancións, ademais do previsto nesta ordenanza, estarase ó disposto na Lei xeral tributaria e demais normativa aplicable.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

A presente ordenanza entrará en vigor unha vez transcorrido UN MES, a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de aprobación definitiva no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derrogación expresa.

Na mesma sesión o Pleno municipal acordou:

PRIMEIRO.- Incoar o expediente para a concesión da distinción honorífica de nomeamento como Fillo Predilecto do Concello de Boimorto a favor de Suso de Marcos con fundamento na proposta de varias asociacións veciñais presentada no Concello con rexistro de entrada nº 961 en data 13/07/2010.

SEGUNDO.- Nomear como xuiz instructor deste expediente á animadora sociocultural do Concello Dª Yolanda Barreiro Garea e como Secretaria á secretaria interventora do Concello Dª Rebeca Vázquez Vázquez.

TERCEIRO.- Dar información pública deste acordo polo prazo dun mes con anuncio no BOP e na prensa local, prazo durante o que se presentaran documentos xustificativos dos méritos nos que se fundamentará a concesión da distinción así como poderán comparecer cantas persoas o desexen para a constatación dos datos noticias ou xuízos servizos, feitos ou actuacións motivadores do nomeamento

CUARTO.- Certificación deste acordo quede no expediente incoado.

Boimorto a seis de outubro de dous mil dez.

O ALCALDE,

Asdo.-José Ignacio Portos Vázquez

2010/14704

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BRIÓN

Bases específicas de selección de persoal laboral fixo para o acceso a unha praza vacante de animador/a cultural, en procedemento de consolidación de emprego temporal

EDICTO.

Por esta Alcaldía con data 1 de outubro de 2010, aprobáronse as seguintes bases:

BASES ESPECÍFICAS DA CONVOCATORIA DO PROCESO DE SELECCION DE PERSOAL LABORAL FIXO PARA O ACCESO A UNHA PRAZA VACANTE DE ANIMADOR/A CULTURAL, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO CONCELLO DE BRIÓN DO ANO 2010, EN PROCEDEMENTO DE CONSOLIDACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL.

Primeira.- Obxecto da convocatoria

É obxecto da presente convocatoria a cobertura da praza de Animador/a Cultural, cuberta con contrato temporal, con anterioridade ó 1 de xaneiro de 2005, encadrada no grupo II, segundo o Convenio Colectivo para persoal laboral do Concello de Brión, e incluída na Oferta de Emprego Publico de 2010, publicada no Boletín Oficial da Provincia Nº 63, con data de 7 de abril de 2010, ao amparo da Disposición transitoria cuarta da Lei 7/2007, e de conformidade coas Bases Xerais reguladoras dos procesos selectivos para a cobertura de prazas de persoal laboral fixo do Concello de Brión en procedemento de consolidación de emprego temporal, publicadas no BOP nº 168, con data 2 de setembro de 2010.

Segunda.-Cometido Funcional.

Serán funcións da praza as que lle correspondan de acordo coa súa categoría profesional, a titulación esixida, a normativa de aplicación e a organización administrativa e funcional vixente no Concello.

Terceira.- Sistema de selección

O procedemento selectivo será o de concurso-oposición, complementado coa realización dunha entrevista curricular.

Cuarta.- Requisitos dos/as aspirantes

Ademais dos que figuran na base terceira das bases xerais, os/as aspirantes deberán estar en posesión do título de Técnico en Animación Sociocultural, ou equivalente, ou titulación universitaria, ou estar en condicións de obtelo na data que remata o prazo de presentación de instancias. Así mesmo, os opositores tamén deberán estar en posesión do Celga 4, Curso de Perfeccionamento do Galego ou acreditación de coñecemento de lingua galega equivalente.

Quinta.- Composición do tribunal

A súa composición e funcionamento axustarase ao previsto no artigo 60 do Estatuto Básico do Empregado Público, na restante normativa de aplicación e nas Bases Xerais reguladoras dos procesos selectivos para a cobertura de prazas de persoal laboral fixo do Concello de Brión en procedemento de consolidación de emprego temporal.

De conformidade ao exposto con anterioridade o Tribunal terá a seguinte composición:

Presidente: D. Luciano Pena Andrade, funcionario do Concello de Brión, grupo A2; suplente, D. Jesús Tato Rial, traballador social do Concello de Ames, laboral fixo do grupo II.

Secretario: D. José Antonio Bouzas Neo, funcionario do Concello de Brión, grupo A2; suplente D. Antonio Javier Ferreira Fernández, profesor da USC na Escola de Relacións Laborais de Santiago de Compostela.

Vogais.- Vogal 1º, D. Alberto Iglesias Fungueiriño, funcionario do Concello de Brión, grupo A1; suplente Dª. Ana Gómez Peña, funcionaria do Concello de Brión, grupo A1; Vogal 2º, Dª. Mercedes Dolores Cardelle Espasandín, Xefa do Servizo de Cooperación Institucional da Consellería de Cultura e Turismo, funcionaria do grupo A1; suplente, D. Victor Rey Grande, Xefe do Servizo de Promoción e Difusión Cultural da Consellería de Cultura e Turismo, funcionario do grupo A2; Vogal 3º, D. Pablo Bouza Suárez, Xefe do Servizo de Cultura do Concello de Culleredo, funcionario do grupo A1; suplente, D. Carlos Pereira Martínez, Historiador do Concello de Culleredo, funcionario do grupo A1.

Séxta.- Fase do concurso

A fase de concurso, que será previa á da oposición, non terá carácter eliminatorio, nin a puntuación obtida nela poderá aplicarse para superar os exercicios da fase de oposición.

A puntuación máxima que se pode alcanzar nesta fase de concurso será a de 6 puntos por todos os méritos valorables.

1. Valoraranse os seguintes méritos:

a) Experiencia profesional:

Por servizos prestados, no Concello de Brión, na mesma praza e categoría á que se opta e sempre referidos a servizos prestados interina ou temporalmente e iniciados con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2005, e que de maneira ininterrompida continúen prestándose na data de finalización do prazo de presentación de instancias; 0,10 puntos por mes completo de servizos ata un máximo de 4 puntos.

Considerarase como mes completo calquera fracción de tempo traballado superior a 15 días

b) Formación

Cursos de formación, perfeccionamento, post-grao e especialización sobre materias directamente relacionadas coas funcións propias da praza convocada, impartidos, homologados ou recoñecidos por organismos dependentes de administracións públicas, valoraranse da seguinte forma:

Cursos con duración ata 14 horas: 0,10 puntos.

Cursos con duración entre 15 e 24 horas: 0,20 puntos.

Cursos con duración entre 25 e 39 horas: 0,40 puntos.

Cursos con duración entre 40 e 59 horas: 0,60 puntos.

Cursos con duración entre 60 e 79 horas: 0,80 puntos

Cursos con duración entre 80 e 100 horas: 1 punto

Cursos con duración superior a 101 horas: 1,50 puntos

A puntuación global máxima por formación non poderá exceder de 2 puntos.

2. Os aspirantes presentarán conxuntamente coa instancia para tomar parte no proceso selectivo unha relación dos méritos que aleguen. O modelo de instancia é o que figura nestas bases específicas como Anexo II.

A dita relación acompañaranse os documentos xustificativos dos mesmos, orixinais ou fotocopias compulsadas, pois non se terán en conta, nin se valoraran aqueles que non queden debidamente acreditados, en todos os seus extremos, dentro do prazo de presentación das instancias.

3. Para a acreditación dos servizos prestado deberase presentar fotocopia compulsada do contrato de traballo e certificación de vida laboral expedida pola tesourería xeral da seguridade social. Deberá quedar debidamente acreditado a categoría, praza e función desempeñada.

4. Non se computarán os servizos que se prestaran simultaneamente con outros igualmente alegados, e reduciranse proporcionalmente os prestados a tempo parcial.

5. A experiencia profesional nas Administración Públicas tamén se acompañará coa certificación de servizos prestados emitida pola administración correspondente, na que claramente consten as datas concretas de prestación de servizos, a categoría profesional e na que se poda comprobar que as funcións ou tarefas realizadas correspondese coa praza convocada.

6. Antes do comezo da fase de oposición publicaranse no taboleiro de anuncios e páxina web do Concello a puntuación outorgada a cada aspirante polos méritos alegados e debidamente acreditados. Os aspirantes disporán dun prazo de dez (10) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación, para formular alegacións.

Sétima.- Fase de oposición

A fase de oposición constará dun exercicio de carácter obrigatorio e eliminatorio.

O exercicio consistirá na realización dun suposto práctico relacionado cos contidos do temario, previstos no Anexo I destas bases, e coas actividades e funcións habituais da praza obxecto de cobertura. Para este exercicio disporase dun tempo máximo de dúas horas

Os temas serán propostos polo tribunal instantes antes da celebración do exercicio na forma que o tribunal considere axeitada.

Este exercicio será cualificado cun máximo de 15 puntos, sendo eliminados os opositores que non acaden un mínimo de 7,5 puntos.

Oitava.- Acreditación do coñecemento do idioma galego.

2. Os aspirantes presentarán conxuntamente coa instancia para tomar parte no proceso selectivo unha relación dos méritos que aleguen. O modelo de instancia é o que figura nestas bases específicas como Anexo II.

A dita relación acompañaranse os documentos xustificativos dos mesmos, orixinais ou fotocopias compulsadas, pois non se terán en conta, nin se valoraran aqueles que non queden debidamente acreditados, en todos os seus extremos, dentro do prazo de presentación das instancias.

3. Para a acreditación dos servizos prestado deberase presentar fotocopia compulsada do contrato de traballo e certificación de vida laboral expedida pola tesourería xeral da seguridade social. Deberá quedar debidamente acreditado a categoría, praza e función desempeñada.

4. Non se computarán os servizos que se prestaran simultaneamente con outros igualmente alegados, e reduciranse proporcionalmente os prestados a tempo parcial.

5. A experiencia profesional nas Administración Públicas tamén se acompañará coa certificación de servizos prestados emitida pola administración correspondente, na que claramente consten as datas concretas de prestación de servizos, a categoría profesional e na que se poda comprobar que as funcións ou tarefas realizadas correspondese coa praza convocada.

6. Antes do comezo da fase de oposición publicaranse no taboleiro de anuncios e páxina web do Concello a puntuación outorgada a cada aspirante polos méritos alegados e debidamente acreditados. Os aspirantes disporán dun prazo de dez (10) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación, para formular alegacións.

Sétima.- Fase de oposición

A fase de oposición constará dun exercicio de carácter obrigatorio e eliminatorio.

O exercicio consistirá na realización dun suposto práctico relacionado cos contidos do temario, previstos no Anexo I destas bases, e coas actividades e funcións habituais da praza obxecto de cobertura. Para este exercicio disporase dun tempo máximo de dúas horas

Os temas serán propostos polo tribunal instantes antes da celebración do exercicio na forma que o tribunal considere axeitada.

Este exercicio será cualificado cun máximo de 15 puntos, sendo eliminados os opositores que non acaden un mínimo de 7,5 puntos.

Oitava.- Acreditación do coñecemento do idioma galego.

Os aspirantes que non acrediten posuír, na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, o nivel de coñecemento do galego requerido nas bases, deberán realizar un exercicio específico

Este exercicio consistirá na tradución, sen dicionario, de dous textos propostos previamente polo tribunal, un de castelán ao galego e outro de galego ao castelán, nun tempo máximo dunha hora.

Este exercicio valorarase como apto ou non apto, sendo necesario para superalo obter o resultado de apto, correspondéndolle ao tribunal determinar o nivel de coñecementos esixido para acadar o resultado de apto.

Novena. Entrevista Curricular

Tras a realización da fase de oposición, os opositores que a teñan superado, serán convocados polo Tribunal para a realización de entrevistas, nas cales se poderán realizarán preguntas relacionadas co temario, cos cometidos funcionais da prazas e a súa experiencia laboral.

A puntuación máxima deste apartado será de 5 puntos.

Décima.- Cualificación do concurso-oposición

A cualificación final será a suma das puntuacións obtidas na fase de concurso, na de oposición e na entrevista

No suposto de empate nas puntuación de dous ou máis aspirantes, resolverase a favor do aspirante que obtivese a puntuación máis alta na fase de concurso. De proseguir a igualdade, resolverase acudindo á puntuación obtida na fase de oposición. En último caso, de persistir o empate, resolveríase a favor de aquel aspirante que tivese acadado unha maior puntuación na entrevista curricular.

Undécima. – Impugnación

Serán aplicables os criterios fixados nas Bases Xerais reguladoras dos procesos selectivos para a cobertura de prazas de persoal laboral fixo do Concello de Brión en procedemento de consolidación de emprego temporal

ANEXO I: TEMARIO

Materias Xerais

1. A Constitución Española de 1978. Estrutura. Titulo Preliminar. Reforma Constitucional.

2. Estatuto de Autonomía de Galicia. As Institucións da Comunidade Autónoma: O Parlamento. O consello de la Xunta. O Presidente.

3. A Lei: Concepto e clases. Disposicións normativas con forza de lei.

4. O Regulamento: concepto. Clasificación dos regulamentos

5. O acto administrativo: concepto e clases. Elementos do acto. A eficacia dos actos administrativos. Nulidade e anulabilidade.

6. O procedemento administrativo; Iniciación, ordenamento, instrución e terminación.

7. Finalización do procedemento: A obriga de resolver. O silencio administrativo.

8. Os recursos administrativos. Concepto e clases, requisitos xerais. Os recursos ordinarios.

9. municipio. Elementos. Territorio e poboación.

10. Organización municipal: O Alcalde. Competencias. Forma de elección e cesamento. Os Tenente de Alcalde. A Xunta de Goberno Local: Composición e atribucións. O Concello Pleno. Composición e competencias. As Comisións Informativas

11. Ordenanzas e regulamentos municipais. Procedemento de elaboración.

12. A Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público. Clases de funcionarias/os. Situacións administrativas. Réxime disciplinario.

13. Dereitos e deberes das/os funcionarias/os locais. Código de conduta das/os empregadas/os públicas/os. Réxime de incompatibilidades.

14. A contratación administrativa. Clases de contratos. Elementos dos contratos. Os suxeitos. Obxecto e causa dos contratos públicos.

15. A forma de contratación administrativa e os sistemas de selección do contratista. A formalización dos contratos. Os contratos menores.

16. Facendas Locais: A Lei reguladora das Facendas Locais. Os recursos das Facendas Locais. Taxas e prezos públicos.

Materias Específicas

1. A LOE (Lei Orgánica de Educación)

2. Lexislación educativa autonómica. Competencias da Comunidade Autónoma de Galicia

3. Lexislación específica de educación infantil. Competencias da Comunidade autónoma de Galicia.

4. Principais correntes pedagóxica e psicolóxicas na Educación Infantil.

5. Temas Transversais en Educación Infantil

6. O currículum de Educación Infantil para a Comunidade Autónoma de Galicia

7. A Profesionalidade do traballo na labor educativa. Características do profesional da educación infantil.

8. O colectivo pedagóxico no proceso da transformación do acto educativo

9. As Escolas Infantís Municipais. Concepto, organización e funcionamento.

10. A coordinación do traballo no centro infantil

11. Normativa sobre os requisitos mínimos dos centros de Educación Infantil. Organización do ambiente escolar

12. Seguridade infantil. Lexislación vixente

13. Seguridade infantil: Prevención de accidentes. Medidas de seguridade infantil.

14. Saúde infantil; Educación para a saúde. Intervención educativa.

15. Saúde infantil: prenatal, crecemento, e desenvolvemento infantil. 1º ano de vida. 2º ano de vida.

16. Saúde Infantil: prevención das enfermidades infecciosas. Hixiene

17. Saúde Infantil: alimentación e nutrición

18. Características xerais do neno e da nena ata os 3 anos.

19. Principais factores que interveñen no desenvolvemento do neno. Etapas e momentos máis significativos.

20. O desenvolvemento infantil no primeiro ano de vida.

21. Desenvolvemento psicomotor nos nenos e nenas ata os 3 anos. A psicomotricidade no currículo da educación infantil.

22. Desenvolvemento afectivo da personalidade. O desenrolo afectivo nos nenos e nenas de cero a tres anos.

23. O neno descubre aos outros nenos.

24. Proceso de descubrimento da vinculación e aceptación.

25. A escola como institución socializadora.

26. Desenvolvemento cognitivo ata os 3 anos. O coñecemento da realidade. A observación e exploración do mundo físico, natural e social.

27. A familia como primeiro axente de socialización.

28. A educación sexual na etapa infantil. Descubrimento e identificación co propio sexo.

29. A construción dos roles masculino e feminino. Estratexias educativas para evitar a discriminación de xénero.

30. Principio de intervención educativa de educación infantil. O enfoque globalizador. Sentido e significatividade do aprendizaxe. Unha metodoloxía baseada na observación e a experimentación. A concreción no marco do proxecto curricular.

31. A programación no primeiro ciclo de educación infantil.O enfoque globalizador. Sentido e significatividade do aprendizaxe. Unha metodoloxía baseada na observación na experimentación. A concreción no marco do proxecto curricular.

32. A programación no primeiro ciclo de educación infantil. Obxectivos, contidos e metodoloxía adecuada para os nenos e nenas de cero a tres anos.

33. A función do mestre e a mestra en educación infantil. A intencionalidade educativa.Relacións interactivas entre o neno e o educador. O mestre como membro do equipo educativo na súa relación coas familias.

34. A organización dos espazos e do tempo. Criterios para unha adecuada distribución e organización espacial e temporal. Ritmos e rutinas cotiás. A avaliación dos espazos e do tempo.

35. Desenrolo do linguaxe. Linguaxe e pensamento. Evolución da comprensión e da expresión. A comunicación non verbal. Problemas máis frecuentes no linguaxe infantil.

36. Ensino e o aprendizaxe da lingua na educación infantil. Técnica e recursos para a comprensión e a expresión oral.

37. A literatura infantil. O conto: o seu valor educativo.

38. A educación musical en educación infantil. O descubrimento do son e do silencio. Características e criterios de selección as actividades musicais. O recursos didácticos. O folklore popular.

39. Evolución da expresión plástica nos nenos e nenas. Elementos básicos do linguaxe plástico. Obxectivos, contidos, materiais, actividades, estratexias metodolóxicas e de avaliación da expresión plástica.

40. A expresión corporal. O xesto e o movemento. A expresión corporal como axuda na construción da identidade e da autonomía persoal. Xogo simbólico e xogo dramático. As actividades dramáticas.

41. Formación de capacidades relacionadas co desenrolo loxico-matemático. Recursos didácticos e actividades adecuadas á etapa de educación infantil.

42. Necesidades educativas especiais máis frecuentes na educación infantil.

43. Atención á diversidade. Integración escolar.

44. A infancia maltratada. A intervención educativa

ANEXO II

MODELO DE INSTANCIA

A persoa que asina abaixo solicita ser admitida no proceso de selección de persoal laboral fixo para a praza de MESTRE/A DE EDUCACIÓN INFANTIL, DECLARANDO que son certos os datos consignados nela, e que reúne as condicións esixidas para o ingreso como persoal laboral fixo do Concello de Brión.

DATOS PERSOAIS

DNI:

PRIMEIRO APELIDO:

SEGUNDO APELIDO:

NOME:

TELÉFONO DE CONTACTO CON PREFIXO/TELÉFONO MÓBIL:

DOMICILIO

Enderezo:

Código postal:

E X P O N:

Que reune os requisitos esixidos na convocatoria para a praza de MESTRE/A DE EDUCACIÓN INFANTIL, e solicita tomar parte na selección en réxime laboral fixo, en procedemento de consolidación de emprego temporal.

BRiON, ... de ..... de 2010.

(SINATURA)

A instancia acompáñase de (sinalar cun X según proceda):

- Copia compulsada do DNI.
- Documentación acreditativa orixinal ou fotocopia debidamente compulsada da formación aportada polo aspirante.
- Declaración xurada de cumplir cos requisitos esixidos nas bases xerais –base 3ª-.
- Relación dos méritos que se achegan.

De conformidade co establecido na LEI ORGÁNICA 15/1999, DE 13 DE DECEMBRO, DE PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL (LOPD), infórmase ao interesado/a que os datos facilitados neste formulario incorporaranse ao ficheiro automatizado do que é titular o Concello de Brión, con enderezo en Praza Carballeira de Santa Minia, 2 (Brión). Vostede poderá exercer, en calquera momento, os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, previstos pola Lei. Ao asinar este formulario vostede autoriza expresamente a utilización dos seus datos persoais en tódalas actividades relacionadas co proceso de selección.

Sr. Alcalde do Concello de Brión.

O que se fai público para xeral coñecemento, informando que o prazo de presentación de instancias é de vinte días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

Brión, 4 de outubro de 2010.

O Alcalde.

Asd. José Luís García García.

2010/14559

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BRIÓN

Bases específicas de selección de persoal laboral fixo para o acceso a unha praza vacante de traballador/a social, en procedemento de consolidación de emprego temporal

EDICTO.

Por esta Alcaldía con data 1 de outubro de 2010, aprobáronse as seguintes bases:

BASES ESPECÍFICAS DA CONVOCATORIA DO PROCESO DE SELECCCION DE PERSOAL LABORAL FIXO PARA O ACCESO A UNHA PRAZA VACANTE DE TRABALLADOR/A SOCIAL, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO CONCELLO DE BRIÓN DO ANO 2010, EN PROCEDEMENTO DE CONSOLIDACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL

Primeira.- Obxecto da convocatoria

É obxecto da presente convocatoria a cobertura da praza de Traballador/a Social, cuberta con contrato temporal, con anterioridade ó 1 de xaneiro de 2005, encadrada no grupo II, segundo o Convenio Colectivo para persoal laboral do Concello de Brión, e incluída na Oferta de Emprego Publico de 2010, publicada no Boletín Oficial da Provincia Nº 63, con data de 7 de abril de 2010, ao amparo da Disposición transitoria cuarta da Lei 7/2007, e de conformidade coas Bases Xerais reguladoras dos procesos selectivos para a cobertura de prazas de persoal laboral fixo do Concello de Brión en procedemento de consolidación de emprego temporal, publicadas no BOP nº 168, con data 2 de setembro de 2010.

Segunda.-Cometido Funcional.

Serán funcións da praza as que lle correspondan de acordo coa súa categoría profesional, a titulación esixida, a normativa de aplicación e a organización administrativa e funcional vixente no Concello.

Terceira.- Sistema de selección

O procedemento selectivo será o de concurso-oposición, complementado coa realización dunha entrevista curricular.

Cuarta.- Requisitos dos/as aspirantes

Ademais dos que figuran na base terceira das bases xerais, os/as aspirantes deberán estar en posesión do título de Traballador/a Social ou equivalente, ou estar en condicións de obtelo na data que remata o prazo de presentación de instancias. Así mesmo, os opositores tamén deberán estar en posesión do Celga 4, Curso de Perfeccionamento do Galego ou acreditación de coñecemento de lingua galega equivalente

Quinta.- Composición do tribunal

A súa composición e funcionamento axustarase ao previsto no artigo 60 do Estatuto Básico do Empregado Público, na restante normativa de aplicación e nas Bases Xerais reguladoras dos procesos selectivos para a cobertura de prazas de persoal laboral fixo do Concello de Brión en procedemento de consolidación de emprego temporal.

De conformidade ao exposto con anterioridade o Tribunal terá a seguinte composición:

Presidente: D. Luciano Pena Andrade, funcionario do Concello de Brión, grupo A2; suplente, D. Pablo Bouza Suárez, Xefe do Servizo de Cultura do Concello de Culleredo, funcionario do grupo A1.

Secretario: D. José Antonio Bouzas Neo, funcionario do Concello de Brión, grupo A2; suplente Dª Ana María Gómez Peña, funcionaria do Concello de Brión, grupo A1.

Vogais.- Vogal 1º, D. Antonio Javier Ferreira Fernández, profesor da USC na Escola de Relacións Laborais de Santiago de Compostela; suplente, D. Alberto Iglesias Fungueiriño, funcionario do Concello de Brión, grupo A1; Vogal 2º, Dª. Dolores Quintáns Longueira, traballadora social do Concello de Padrón, laboral fixa do grupo II; suplente, Dª María Francisca Vidal Regueira, traballadora social do Concello deRiveira, laboral fixa do grupo II; Vogal 3º, D. Jesús Tato Rial, traballador social do Concello de Ames, laboral fixo do grupo II; suplente, Dª. Sandra Recioy Rivas, mestra de educación infantil da Consellería de Educación da Xunta de Galicia, funcionaria do grupo A2.

Séxta.- Fase do concurso

A fase de concurso, que será previa á da oposición, non terá carácter eliminatorio, nin a puntuación obtida nela poderá aplicarse para superar os exercicios da fase de oposición.

A puntuación máxima que se pode alcanzar nesta fase de concurso será a de 6 puntos por todos os méritos valorables.

1. Valoraranse os seguintes méritos:

a) Experiencia profesional:

Por servizos prestados, no Concello de Brión, na mesma praza e categoría á que se opta e sempre referidos a servizos prestados interina ou temporalmente e iniciados con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2005, e que de maneira ininterrompida continúen prestándose na data de finalización do prazo de presentación de instancias; 0,10 puntos por mes completo de servizos ata un máximo de 4 puntos.

Considerarase como mes completo calquera fracción de tempo traballado superior a 15 días

b) Formación

Cursos de formación, perfeccionamento, post-grao e especialización sobre materias directamente relacionadas coas funcións propias da praza convocada, impartidos, homologados ou recoñecidos por organismos dependentes de administracións públicas, valoraranse da seguinte forma:

Cursos con duración ata 14 horas: 0,10 puntos.

Cursos con duración entre 15 e 24 horas: 0,20 puntos.

Cursos con duración entre 25 e 39 horas: 0,40 puntos.

Cursos con duración entre 40 e 59 horas: 0,60 puntos.

Cursos con duración entre 60 e 79 horas: 0,80 puntos

Cursos con duración entre 80 e 100 horas: 1 punto

Cursos con duración superior a 101 horas: 1,50 puntos

A puntuación global máxima por formación non poderá exceder de 2 puntos.

2. Os aspirantes presentarán conxuntamente coa instancia para tomar parte no proceso selectivo unha relación dos méritos que aleguen. O modelo de instancia é o que figura nestas bases específicas como Anexo II.

A dita relación acompañaranse os documentos xustificativos dos mesmos, orixinais ou fotocopias compulsadas, pois non se terán en conta, nin se valoraran aqueles que non queden debidamente acreditados, en todos os seus extremos, dentro do prazo de presentación das instancias.

3. Para a acreditación dos servizos prestado deberase presentar fotocopia compulsada do contrato de traballo e certificación de vida laboral expedida pola tesourería xeral da seguridade social. Deberá quedar debidamente acreditado a categoría, praza e función desempeñada.

4. Non se computarán os servizos que se prestaran simultaneamente con outros igualmente alegados, e reduciranse proporcionalmente os prestados a tempo parcial.

5. A experiencia profesional nas Administración Públicas tamén se acompañará coa certificación de servizos prestados emitida pola administración correspondente, na que claramente consten as datas concretas de prestación de servizos, a categoría profesional e na que se poda comprobar que as funcións ou tarefas realizadas correspondese coa praza convocada.

6. Antes do comezo da fase de oposición publicaranse no taboleiro de anuncios e páxina web do Concello a puntuación outorgada a cada aspirante polos méritos alegados e debidamente acreditados. Os aspirantes disporán dun prazo de dez (10) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación, para formular alegacións.

Sétima.- Fase de oposición

A fase de oposición constará dun exercicio de carácter obrigatorio e eliminatorio.

O exercicio consistirá na realización dun suposto práctico relacionado cos contidos do temario, previstos no Anexo I destas bases, e coas actividades e funcións habituais da praza obxecto de cobertura. Para este exercicio disporase dun tempo máximo de dúas horas

Os temas serán propostos polo tribunal instantes antes da celebración do exercicio na forma que o tribunal considere axeitada.

Este exercicio será cualificado cun máximo de 15 puntos, sendo eliminados os opositores que non acaden un mínimo de 7,5 puntos.

Oitava.- Acreditación do coñecemento do idioma galego.

Os aspirantes que non acrediten posuír, na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, o nivel de coñecemento do galego requerido nas bases, deberán realizar un exercicio específico

Este exercicio consistirá na tradución, sen dicionario, de dous textos propostos previamente polo tribunal, un de castelán ao galego e outro de galego ao castelán, nun tempo máximo dunha hora.

Este exercicio valorarase como apto ou non apto, sendo necesario para superalo obter o resultado de apto, correspondéndolle ao tribunal determinar o nivel de coñecementos esixido para acadar o resultado de apto.

Novena. Entrevista Curricular

Tras a realización da fase de oposición, os opositores que a teñan superado, serán convocados polo Tribunal para a realización de entrevistas, nas cales se poderán realizarán preguntas relacionadas co temario, cos cometidos funcionais da prazas e a súa experiencia laboral.

A puntuación máxima deste apartado será de 5 puntos.

Décima.- Cualificación do concurso-oposición

A cualificación final será a suma das puntuacións obtidas na fase de concurso, na de oposición e na entrevista

No suposto de empate nas puntuación de dous ou máis aspirantes, resolverase a favor do aspirante que obtivese a puntuación máis alta na fase de concurso. De proseguir a igualdade, resolverase acudindo á puntuación obtida na fase de oposición. En último caso, de persistir o empate, resolveríase a favor de aquel aspirante que tivese acadado unha maior puntuación na entrevista curricular.

Undécima. – Impugnación

Serán aplicables os criterios fixados nas Bases Xerais reguladoras dos procesos selectivos para a cobertura de prazas de persoal laboral fixo do Concello de Brión en procedemento de consolidación de emprego temporal

ANEXO I: TEMARIO

Materias Xerais

1. A Constitución Española de 1978. Estrutura. Titulo Preliminar. Reforma Constitucional.

2. Estatuto de Autonomía de Galicia. As Institucións da Comunidade Autónoma: O Parlamento. O consello de la Xunta. O Presidente.

3. A Lei: Concepto e clases. Disposicións normativas con forza de lei.

4. O Regulamento. concepto. Clasificación dos regulamentos

5. O acto administrativo: concepto e clases. Elementos do acto. A eficacia dos actos administrativos. Nulidade e anulabilidade.

6. O procedemento administrativo; Iniciación, ordenamento, instrución e terminación.

7. Finalización do procedemento: A obriga de resolver. O silencio administrativo.

8. Os recursos administrativos. Concepto e clases, requisitos xerais. Os recursos ordinarios.

9. O municipio. Elementos. Territorio e poboación.

10. Organización Municipal: O Alcalde. Competencias. Forma de elección e cesamento. Os Tenente de Alcalde. A Xunta de Goberno Local: Composición e atribucións. O Concello Pleno. Composición e competencias. As Comisións Informativas

11. Ordenanzas e regulamentos municipais. Procedemento de elaboración.

12. A Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público. Clases de funcionarias/os. Situacións administrativas. Réxime disciplinario.

13. Dereitos e deberes das/os funcionarias/os locais. Código de conduta das/os empregadas/os públicas/os. Réxime de incompatibilidades.

14. A contratación administrativa. Clases de contratos. Elementos dos contratos. Os suxeitos. Obxecto e causa dos contratos públicos.

15. A forma de contratación administrativa e os sistemas de selección do contratista. A formalización dos contratos. Os contratos menores.

16. Facendas Locais: A Lei reguladora das Facendas Locais. Os recursos das Facendas Locais. Taxas e prezos públicos.

Materias específicas

1. Documentación básica do Traballo Social. O Sistema de Información de Usuarios de Servizos Sociais.

2. Código deontolóxico do Traballo Social. O segredo profesional

3. Análise da composición actual da familia. Traballo Social e mediación familiar. Incidencia nos programas dos servizos sociais.

4. Traballo Social e xestión de conflitos no ámbito familiar e grupal.

5. Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia. Estrutura e liñas de actuación. Ámbito competencial das administracións autonómica e local.

6. O estado de benestar na Unión Europea: Política social na Unión, Carta Social Europea.

7. Programas do Fondo Social Europeo. Plan Europeo de loita contra a pobreza.

8. O plan concertado para o desenvolvemento para as prestacións básicas de servizos sociais nas corporacións locais: Concepto, Programas, Compromisos.

9. A nova estrutura urbana e os principais retos sociais: Desigualdade social, individualización das relacións sociais, risco e vulnerabilidade, etc.

10. A prestación Básica de Información e Orientación. Conceptualización e principais liñas de desenvolvemento.

11. Os servizos de atención domiciliaria. Marco autonómico. Ordenanza Municipal reguladora do Servizo de Axuda a Domicilio e teleasistencia no Concello de Brión

12. Lei 39/2006, do 14 de decembro, de autonomía persoal e atención a persoas en situación de dependencia: Obxecto. Titulares de dereitos e prestacións. Recoñecemento do dereito. Catalogo de servizos.

13. Normativa galega vinculada ao desenvolvemento da Lei 39/2006. Decreto 176/2007 do 6 de setembro: procedemento de recoñecemento, revisión e seguimento da situación de dependencia e das prestacións recoñecidas.

14. Orde do 17 de decembro de 2007 de Galicia: procedemento de elaboración e contido do programa individual de atención. Intensidade do servizo de axuda no fogar.

15. Participación das Administracións Públicas no sistema de autonomía persoal e atención á dependencia: integración no sistema galego de servizos sociais.

16. Lei 3/1997, do 9 de xuño, galega da familia, a infancia e a adolescencia. Disposicións xerais e ámbito de competencias.

17. Emerxencias e urxencias sociais. Dispositivos de atención a estas situacións. Funcións do/a traballador/a social.

18. Problemática específica e medidas para a integración social da etnia xitana en Galicia.

19. A minusvalidez; evolución conceptual e clasificación. Clasificación internacional de funcionamento, a minusvalidez e a saúde (CIF) Accesibilidade. Normativa de referencia. O deseño para todos/ás e accesibilidade universal.

20. Marco normativo na protección integral contra a violencia de xénero e para a igualdade de mulleres e homes. Dereitos das mulleres vítimas de violencia de xénero.

21. A feminización da pobreza. Causas. Principais indicadores. Situación en Galicia.

22. Plan de Galicia sobre drogas 2007-2009. Principais áreas de actuación.

23. Lei 16/2004, do 29 de decembro, que modifica a 9/1991 de medidas básicas para a integración social de Galicia. A Renda de Integración Social de Galicia (RISGA). Axudas para situacións de emerxencia social

24. A exclusión social. II Plan Galego de Inclusión Social 2007-2013. Estrutura e contidos

25. Chabolismo e a infravivenda. Liñas de actuación para a súa erradicación.

26. Inmigración e retorno. Marco legal. Servizos de acollida, información e asesoramento. Liñas de actuación dende a administración local.

27. Fenómenos asociados aos comportamentos sociais da xuventude. Abordaxe dende os servizos sociais.

28. Os servizos sociais de atención primaria e especializada. Ámbito competencial autonómico e municipal.

29. Servizos Sociais e participación cidadá: Principais modelos e experiencias.

30. A nova estrutura urbana e os principais retos sociais: Desigualdade social, individualización das relacións sociais, risco e vulnerabilidade, etc.

31. Estrutura social. Análise da estrutura social galega. Clases sociais.

32. La Interdisciplinariedad. Concepto. Tipos e características. O Traballador/a Social nos equipos interdisciplinares.

33. A prevención nos servizos sociais municipais. Funcións do Traballador /a Social.

34. Elaboración de proxectos de cooperación ao desenvolvemento: matriz de marco lóxico.

35. Asociacionismo e voluntariado social. Concepto, características e normativa que os regula. A importancia do voluntariado na execución e seguimento dos programas de sociais.

36. Terceiro Sector no ámbito dos servizos sociais. Concepto, tipos e financiamento das Organizacións No Gobernamentais.

37. A xestión privada dos servizos sociais. A súa incidencia no Sistema Público.

38. As novas tecnoloxías da sociedade da información e os servizos sociais municipais.

39. A xestión de calidade: modelos, normas e sistemas de xestión de calidade.

40. Consorcio Galego de Servizos Sociais. Finalidades. Áreas de actuación.

41. A avaliación nos servizos públicos. Modelos e sistemas de avaliación.

42. A planificación estratéxica aplicada aos servizos sociais. Sistema D.A.F.O.

43. Marco normativo específico de Prevención de Riscos Laborais. A Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais. Plan Xeral de Prevención de Riscos do Concello de Brión.

44. Políticas de igualdade. Medidas de conciliación da vida familiar e laboral. Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes. Normativa galega de aplicación: Lei 7/2004, para a igualdade de mulleres e homes e Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia.

ANEXO II

MODELO DE INSTANCIA

A persoa que asina abaixo solicita ser admitida no proceso de selección de persoal laboral fixo para a praza de TRABALLADOR/A SOCIAL, DECLARANDO que son certos os datos consignados nela, e que reúne as condicións esixidas para o ingreso como persoal laboral fixo do Concello de Brión.

DATOS PERSOAIS

DNI:

PRIMEIRO APELIDO:

SEGUNDO APELIDO:

NOME:

TELÉFONO DE CONTACTO CON PREFIXO/TELÉFONO MÓBIL:

DOMICILIO

Enderezo:

Código postal:

E X P O N:

Que reune os requisitos esixidos na convocatoria para a praza de TRABALLADOR/A SOCIAL, e solicita tomar parte na selección en réxime laboral fixo, en procedemento de consolidación de emprego temporal.

BRiON, ... de ..... de 2010.

(SINATURA)

A instancia acompáñase de (sinalar cun X según proceda):

- Copia compulsada do DNI.
- Documentación acreditativa orixinal ou fotocopia debidamente compulsada da formación aportada polo aspirante.
- Declaración xurada de cumplir cos requisitos esixidos nas bases xerais –base 3ª-.
- Relación dos méritos que se achegan.

De conformidade co establecido na LEI ORGÁNICA 15/1999, DE 13 DE DECEMBRO, DE PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL (LOPD), infórmase ao interesado/a que os datos facilitados neste formulario incorporaranse ao ficheiro automatizado do que é titular o Concello de Brión, con enderezo en Praza Carballeira de Santa Minia, 2 (Brión). Vostede poderá exercer, en calquera momento, os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, previstos pola Lei. Ao asinar este formulario vostede autoriza expresamente a utilización dos seus datos persoais en tódalas actividades relacionadas co proceso de selección.

Sr. Alcalde do Concello de Brión.

O que se fai público para xeral coñecemento, informando que o prazo de presentación de instancias é de vinte días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

Brión, 4 de outubro de 2010.

O Alcalde.

Asd. José Luís García García.

2010/14562

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CABANAS

Adxudicación definitiva xestión servizo axuda no fogar dependencia

ANUNCIO.

Por acordo da Xunta de Goberno Local con data 30 de setembro de 2010, adxudicouse definitivamente o contrato de xestión do servizo de axuda no fogar a dependencia, mediante a modalidade de concesión, o que se fai público aos efectos do artigo 138 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

Entidade adxudicadora:

a) Organismo: Concello de Cabanas.

b) Dependencia que tramita o expediente: Secretaría.

c) Número de expediente: Cs/ AF.

d) Dirección de internet do perfil do contratante: cabanas.es

Obxecto do contrato:

a) Tipo de contrato: xestión de servizo público.

b) Descrición: axuda no fogar a dependencia.

c) CPV: 85312400-3

d) Medio publicación do anuncio de licitación: BOP e perfil contratante.

e) Data publicación do anuncio licitación: 17 de agosto de 2010

Tramitación e procedemento:

a) Tramitación: urxente.

b) Procedemento: aberto.

Orzamento base de licitación:

a) Importe neto: 11,22 euros/hora.

b) IVE: 0,78 euros.

c) Importe total: 12 euros/hora.

Adxudicación:

a) Data: 30 de setembro de 2010.

b) Contratista: Servizos Sociais Virxe do Carme S.L.

c) Importe adxudicación:

Importe neto: 11 euros/hora.

IVE: 0,44 euros.

Importe total: 11,44 euros/hora.

Cabanas, 6 de outubro de 2010.

O Alcalde.

Asdo. Germán Castrillón Permuy.

2010/14638

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CABANAS

Licitación xestión servizo público Punto de Atención a Infancia de As Viñas

ANUNCIO DE LICITACIÓN DA XESTIÓN DO SERVIZO DENOMINADO: "Punto de Atención a Infancia de As Viñas"

1.- Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Concello de Cabanas.

b) Dependencia que tramita o expediente: Secretaría.

c) Perfil do contratante : www.cabanas.es

2.- Obxecto do contrato:

a) Descrición do obxecto: "Xestión do servizo denominado Punto de Atención a Infancia de As viñas".

b) Duración do contrato: 4 anos. Prórroga: dúas de 1 ano.

c) Modalidade de contratación: Concesión.

3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) Tramitación: urxente

b) Procedemento: aberto.

c) Forma: procedemento aberto con multiplicidade de criterios de valoración.

4.- Orzamento base de licitación:

- Prezo sen ive : 24 euros/hora/alumno/mes; horas soltas: 4 euros/hora/alumno.
- Imposto sobre o valor engadido: —
- Orzamento total : 24 euros/hora/alumno/mes; horas soltas: 4 euros/hora/alumno.
- Valor estimado do contrato: 69.120 euros/ano.

5.- Garantías:

Provisional: 3% do prezo do contrato.

Definitiva: 5% do prezo de adxudicación, excluído o ive.

6.- Obtención de documentación e información.

a) Entidade: Concello de Cabanas.

b) Enderezo: Rúa do Concello 3.

c) Localidade e código postal: 15621 – CABANAS

d) Teléfono: 981 49 59 59

e) Fax: 981 43 19 44

f) Data límite de obtención de documentos e información: ata as 13 horas do día anterior ó de finalización de presentación de ofertas.

7.- Requisitos específicos do contratista:

Clasificación : Non se esixe.

8.- Presentación de ofertas ou solicitudes de participación.

a) Data límite de presentación de ofertas: en horas de oficina de 9 a 14 horas, dentro do prazo de 8 días naturais a contar dende o día seguinte ó da publicación do anuncio de licitación no BOP.

b) Documentación que se terá que presentar: a documentación presentarase en tres sobres pechados:

Sobre A, subtitulado "Documentación Administrativa", segundo establece o prego na cláusula 10.2.1.

Sobre B, subtitulado "Documentación técnica", segundo establece o prego na cláusula 10.2.2.

Sobre C, subtitulado "Oferta económica", segundo establece o prego na cláusula 10.2.3.

c) Lugar de presentación:

Entidade: Concello de Cabanas, Rexistro Xeral.

Domicilio: Rúa do Concello 3.

Localidade e código Postal: 15621 – CABANAS

d) Prazo durante o cal o licitador estará obrigado a manter a súa oferta: 3 meses a contar dende a apertura da proposicións.

9.- Apertura de ofertas.

a) Entidade: Concello de Cabanas.

b) Enderezo: Rúa do Concello 3.

c) Localidade: Cabanas

d) Data: as sinaladas na cláusula 14ª do prego de cláusulas administrativas particulares.

10.- Gastos de anuncios.

Os gastos correspondentes ós anuncios de licitación serán por conta do adxudicatario.

Cabanas, 6 de outubro de 2010

O Alcalde,

Asdo. Germán Castrillón Permuy.

2010/14639

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CAMBRE

Modificación da designación de membros da mesa de contratación

O Pleno da corporación do Concello de Cambre, en sesión ordinaria de data 30 de setembro de 2010, acordou modificar o acordo adoptado en pleno, coa data do 26 de febreiro de 2009, respecto da designación dos membros da mesa de contratación, que quedará constituída da seguinte maneira e cos seguintes membros:

– Presidente: o señor alcalde, don Antonio Varela Saavedra, ou no seu lugar, o concelleiro/a da corporación no que delegue.

– Vogais:

1.–A concelleira-delegada de Cultura e Contratación, dona Erundina Prado Arcay, e como suplente, a concelleira do grupo municipal do PSdeG-PSOE dona M.ª Ángeles Míguez Mouzo.

2.–Como representante do grupo municipal do PSdeG-PSOE, o concelleiro don Jaime Manuel López Lisnier, e como suplente, o concelleiro do mesmo grupo don José Francisco Parcero Rial.

3.–Como representante do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, o concelleiro don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, e, como suplente, o concelleiro do mesmo grupo don Antón Otero Domínguez.

4.–Como representante do grupo municipal do Partido Popular, o concelleiro don Santiago Manuel Ríos Rama, e, como suplente, a concelleira do mesmo grupo dona M.ª Jesús González Roel.

5.–Como representante do grupo municipal de Esquerda Unida-Izquierda Unida, o concelleiro don Luis Miguel Taibo Casás, e, como suplente, o concelleiro do mesmo grupo don Juan Antonio Fernández López.

6.–Como representante do grupo mixto (Partido Galeguista), o concelleiro don Manuel Marante Gómez.

7.–A secretaria da corporación, dona María Luisa de la Red Ampudia, e, como suplente, a técnica de xestión de Administración xeral dona M.ª Fernanda Montero Carré.

8.–A interventora da corporación, dona M.ª Irache Enríquez Albaina, e, como suplente, a técnica de xestión orzamentaria de gastos e contabilidade, dona Isabel M.ª Fuentes Torices.

9.–O técnico municipal de superior rango da sección que corresponda segundo a obra, servizo ou subministración de que se trate, ou funcionario/a da mesma sección no que delegue.

– Secretaria: a técnica de xestión de Administración xeral, dona M.ª Fernanda Montero Carré, e, como suplente, a técnica de xestión de Administración xeral, dona Verónica M.ª Otero López.

Publícase o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia, para coñecemento xeral, de conformidade co disposto no artigo 79.2 do Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por R.D. 1098/2001 do 12 de outubro.

Cambre, 6 de outubro de 2010.

O alcalde

Antonio Varela Saavedra

2010/14700

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CARIÑO

Anuncio de licitación

ANUNCIO DE LICITACIÓN

O Concello de Cariño, convoca o concurso con procecemento aberto con varios criterios de adxudicación para a contratación do seguinte contrato mixto de subministro e obra:

Obxecto: Adecuación ao Decreto 245/2003, do 24 de abril e instalación de 3 áreas de xogo de Cariño.

Presuposto de licitación: 82.025,50 €

Prazo de execución: Dous (2) meses.

Clasificación: Non se esixe.

Información: Na Secretaría Xeral do Concello. Telf. 981 40 50 64 e no perfil do contratante (www.concellodecarino.com). Solicitar copias do proxecto vía fax na copisteria " Gonfer " da Coruña: teléfono 981.160.204/fax 981.144.706, r/ Nicaragua nº 8, baixo.

Proposicións: Poderán presentarse no Rexistro Xeral do Concello no prazo de 15 días naturais que contarán a partir do día seguinte da publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Coruña. Admítese a presentación de variantes ou melloras ao proxecto nos termos do disposto na cláusula 9 do prego.

Documentación a achegar: a documentación requirida presentarase tal como se indica no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

Garantía Provisional: Non se esixe

Garantía definitiva: 5% do prezo de adxudicación

Os gastos dos anuncios, serán por conta do adxudicatario

Cariño, 5 de outubro de 2010.

O Alcalde

Asdo.- Jose Luis Armada Castro

2010/14899

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CARBALLO

Anuncio de avaliación da incidencia ambiental

Anuncio: Apertura sometida á avaliación ambiental

Ao abeiro do artigo 8.3 do Decreto 133/2008, de 12 de xuño, de avaliación da incidencia ambiental, sométese a información pública por un período de vinte días a seguinte actividade:

Expediente: 96/2010

Actividade: Ampliación dunha explotación de porcino

Situación: Vilar do Carballo, Oza, Carballo.

Solicitante: José Manuel Garda Queijo

A información pública será mediante un anuncio no Diario Oficial de Galicia, no Boletín Oficial da provincia e exposición no taboleiro de anuncios do concello.

A apertura do trámite de información pública notificarase persoalmente aos veciños e titulares de dereitos inmediatos ao lugar da localización proposta, para os efectos de que poidan alegar o que consideren oportuno.

Carballo, 29 de setembro de 2010

0 alcalde

Evencio Ferrero Rodríguez

2010/14537

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CEDEIRA

Aprobación da bolsa de traballo para a provisión laboral temporal dun/dunha psicólogo/a

ANUNCIO

Realizado proceso selectivo, segundo a convocatoria e bases de selección publicadas no BOP núm. 223 de data 16 de outubro de 2009 e en relación a bolsa de traballo a que se refire a base 15.

Por Resolución da Alcaldía núm. 638 de data 29 de setembro de 2010 acordouse:

1º.- Aprobar a Bolsa de traballo para a provisión laboral temporal dun/dunha psicólogo/a para o desenvolvemento do servizo de estimulación cognitiva para previr e/ou frear deterioros", integrada polos seguintes candidatos que serán chamados pola orde na que figuran:

	APELIDOS	NOME	DNI
1º	DOSIL LAGO	Mª JOSEFA	33.291.598-H
2º	GARCIA GRUEIRO	SUSANA	32.650.360-C
3º	VAZQUEZ RGUEZ.	MIRIAN	36.143.284-A
4º	LOPEZ VILLAR	MARTA MARIA	32.701.070-S
5º	CARRODEGUAS PICOS	VICTORIA	32.690.368-P
6º	VIGO LAGO	ISABEL	32.697.564-M
7º	FERNANDEZ CENDON	IRIA	47.365.843-B
8º	GRAÑA RAMOS	MAR	32.691.422-G
9º	CARRASCO ITURRA	MARIA SOLEDAD	33.301.066-X
10º	LOREDO GARCIA	ANA ISABEL	76.413.177-R
11º	CODESAL GUTIERREZ	MARIA JESUS	71.008.946-B

2º.- Dispor que a vixencia da Bolsa de traballo para nomeamentos interinos ou contratacións laborais en postos de psicólogo/psicóloga segundo a orde establecida no punto anterior será de dous anos a contar dende a súa publicación no BOP.

Cedeira, 05 de outubro de 2010

O ALCALDE,

Asdo.: Jose Luis Vergara Rey

2010/14640

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CEE

Lista definitiva de admitidos e excluídos e composición do tribunal de selección dunha praza de persoal laboral fixo denominada "Técnico de deportes"

RESOLUCIÓN DO SEÑOR ALCALDE

DON RAMÓN RAMIRO VIGO SAMBADE

Cee, a 06 de outubro de 2010

Vistas as bases da convocatoria para cobertura dunha praza de persoal laboral fixo denominada "TÉCNICO DE DEPORTES", aprobadas por resolución de Alcaldía de data 08 de abril de 2010.

Visto os anuncios do BOP de 24 de xuño de 2010, e os extractos no DOG do 23 de xullo de 2010 e no BOE de data 11 de agosto de 2010, a partir do cal se inicia o prazo de presentación de solicitudes de participación no proceso selectivo.

Vista o informe do funcionario a cargo do rexistro xeral, de data 10 de setembro de 2010 coa relación de aspirantes que presentan solicitude de participación no proceso.

Vista a resolución de data 20 de setembro de 2010 pola que se daba conta da lista provisional de admitidos e excluidos e se abría o prazo para a corrección dos erros e omisións detectados na documentación presentada.

Rematado o prazo de presentación na documentación

RESOLVO

1. Declarar como lista definitiva de admitidos para o devandito proceso de selección ós seguintes candidatos:

Benito Lorenzo Rico

Manuel Calo Canosa

Luz Guillén Lorenzana

Diego Cortizo Corral

María Cruz Seco Pérez

Rafael Iglesias Toimil

Javier Novo Bujeiro

2. Declarar como lista definitiva de excluídos para o devandito proceso de selección ós seguintes candidatos, por erros ou omisións na documentación presentada.

Carlos Pazos Ríos

. Non presenta Acreditación do establecido nos puntos 2º e 3º do artigo II. Requisitos esixidos ós aspirantes. (DNI).

. Non presenta Declaración acreditativa do cumprimento dos puntos 4º, 5º e 6º do artigo II. Requisitos esixidos ós aspiran tes.

3. A composición nominal do tribunal de selección ós efectos de recusación é a seguinte:

Presidente:	Juan Carlos Santabaya Louzán
Suplente de Presidente:	Fernando Fraga Traba
Secretario:	Victor Manuel Castiñeira Castro
Suplente de secretario:	José R. Lema Fuentes
Primeiro Vogal:	Julio Torreira López
Suplente Primeiro Vogal:	Iván Bueno Hermida

Segundo Vogal:	Emilia Albores Lema
Suplente Segundo Vogal:	Rocío Hermida Cancela
Terceiro Vogal:	Susana Martínez Portabales
Suplente Terceiro Vogal:	Rosa María Fernández Canosa
Cuarto Vogal:	Paula Barreiro Paredes
Suplente Cuarto Vogal:	María del Carmen Ogando Mejuto

4. Convócase o Tribunal para o 28 de outubro, ás 11:00 no Sala de Comisións do Concello de Cee ós efectos de levar a cabo a valoración dos méritos alegados polos aspirantes definitivamente admitidos.

5. Que a presente resolución se publique no BOP e no Taboleiro de anuncios da Casa do Concello para xeral coñecemento dos interesados e se dé conta ó Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre.

Mándao e asina o Sr. Alcalde, ante mín secretaria, aos únicos efectos de dar fe pública e recoñecemento de firma.

O ALCALDE

Asdo. Ramón Vigo Sambade

A SECRETARIA

Asdo. Rocío Hermida Cancela

2010/14671

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CEE

Adxudicación definitiva de contrato de obra

ANUNCIO

A Xunta de Goberno Local do Concello de Cee, na sesión extraordinaria realizada o día 8 de outubro de 2010, acordou adxudicar definitivamente o contrato da obra "CONSTRUCIÓN DUNHA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL EN RAÍCES DE ARRIBA" a favor da empresa OBRAS RAMÓN COTELO, S.L., con CIF B15209794, e domicilio fiscal en Maestro Montero, 5, de Malpica de Bergantiños, polo prezo de 152.755,17 € + 24.440,83 € de IVE (16 %), resultando un importe total de 177.196,00 €, cun prazo de execución de tres meses e unha semana (97 días naturais).

O que se fai público en cumprimento do disposto nos artigos 137 e 138 da Lei de Contratos do Sector Público.

Cee, 8 de outubro de 2010

O alcalde

Ramón Vigo Sambade

2010/14716

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A CORUÑA

Promoción Económica, Emprego, Comercio, Consumo e Turismo

Requirimento de documentación en relación coas subvencións iniciativas municipais de emprego do Concello da Coruña 2010

Asunto: Requerimento documentación en relación con Subvencións Iniciativas Municipais de Emprego do Concello de A Coruña 2010

Dona Sagrario Ron López con NIF n.°: 32.792.629-B, Xefa de Servizo de Promoción Económica, Emprego, Comercio, Consumo e Turismo

Fai saber:

Que despois de resultar infrutuosa a notificación por carta certificada con notificación de recibo, se procede, de acordo co disposto no art.° 59.5 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo (B.O.E. 27-11-92) requíreselles aos interesados que a continuación se relacionan para que acheguen a documentación seguinte; segundo o detectado nas solicitudes de subvención presentadas ao amparo do establecido nas bases de convocatoria de subvencións: iniciativas municipais de emprego do Concello de A Coruña para o ano 2010, BOP n° 84.

Dulce María Iglesias Cordero, NIF n.° 32.639.493 D Código Postal: 15010

X Achegar fotocopia compulsada da Resolución de Recoñecemento de Alta, de todos os/as socios/as, no réxime especial de traballadores autónomos, en calquera outro réxime especial por conta propia da seguridade social, ou en mutualidade de colexio profesional correspondente.

X Achegar fotocopia compulsada do Informe actualizado de vida laboral.

X Achegar fotocopia compulsada da licenza de apertura e licenza de obras cando sexa necesario para o desenvolvemento da actividade.

Rababiero Promocións S.L., CIF n° B-70249719, Código Postal: 15004

X Achegar fotocopia compulsada do DNI, pasaporte ou cartón de residencia, no caso de empresario/a individual, e de todos os socios/as no caso de sociedades.

X Achegar fotocopia compulsada del CIF (caso de sociedades)

X Achegar fotocopia compulsada das escrituras de constitución debidamente rexistradas ou contrato de sociedad civil, de ser o caso.

X Achegar fotocopia compulsada de alta modelo declaración censal (todas as follas da declaración).

X Achegar fotocopia compulsada da Resolución de Recoñecemento de Alta, de todos os/as socios/as, no réxime especial de traballadores autónomos, en calquera outro réxime especial por conta propia da seguridade social, ou en mutualidade de colexio profesional correspondente.

X Achegar fotocopia compulsada do Informe actualizado de vida laboral.

Xefa de Servizo de Promoción Económica, Emprego

Comercio, Consumo e Turismo do Concello da Coruña

Sagrario Ron López

2010/14527

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CULLEREDO

Urbanismo

Apertura obradoiro de confitaría

EDICTO

Dª. Leandra Barela Barela solicitou unha licenza municipal para a instalación e apertura dun obradoiro de confitaría nun local situado na avda. Ribados núm. 18, baixo, da parroquia do Burgo. De conformidade co disposto no artigo 12.2 da Ordenanza reguladora das licenzas de actividade e apertura publicada no BOP núm. 107 de 13.05.2009, o expediente sométese á información pública durante un prazo de 20 días co fin de que os afectados pola actividade que se pretende instalar poidan examinalo na secretaría do concello e formular por escrito as reclamacións ou observacións que estimen oportunas.

Culleredo, 1 de outubro de 2010

O concelleiro de Urbanismo,

Asdo.: Ricardo Seoane Candamio

P.D. (Resolución de 02.07.2007,

BOP núm. 176 de 01.08.2007)

2010/14360

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CURTIS

Anuncio bases personal

A N U N C I O

Por Decreto da Alcaldía nº 278, de 5 de outubro do ano en curso, tivo lugar a aprobación da convocatoria e das bases específicas para a contratación laboral temporal, a tempo parcial, mediante contrato por obra ou servizo determinado dun/dunha traballador/a para desenvolver as funcións de secretario/a do xulgado de paz do termo municipal de Curtis, o que se fai público dando lugar á apertura do prazo para a presentación de solicitudes por parte dos interesados/as.

CONVOCATORIA E BASES DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL, A TEMPO PARCIAL, MEDIANTE CONTRATO POR OBRA OU SERVIZO DETERMINADO DUN/DUNHA TRABALLADOR/A PARA O DESENVOLVEMENTO DAS FUNCIÓNS PROPIAS DA SECRETARÍA DO XULGADO DE PAZ DESTE TERMO MUNICIPAL, POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN.

Don Javier Francisco Caínzos Vázquez, Alcalde-Presidente do Concello de Curtis provincia de A Coruña, considerando que a competencia para a aprobación das bases das probas para a selección de persoal e para os concursos de provisión de postos de traballo corresponde ó Alcalde-Presidente da Corporación, por aplicación do artigo 21.1 g), da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e en virtude do establecido na convenio de colaboración asinado entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Curtis no marco do disposto na disposición transitoria primeira do Decreto 168/2008, de 24 de xullo, polo que se regulan as agrupacións de xulgados de paz, por medio da presente RESOLVO:

Primeiro.- Convocar o procedemento selectivo para dar cobertura mediante contrato laboral temporal a tempo parcial por obra ou servizo determinado a un posto de secretario/a do xulgado de paz do termo municipal de Curtis.

Segundo.- Aprobar as bases que rexerán a citada selección e que a continuación se transcriben.

Terceiro.- Que se dea publicidade de tal convocatoria e bases no BOP.

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

É obxecto da presente convocatoria a contratación laboral temporal, a tempo parcial, por obra ou servizo determinado dun/dunha traballador/a para o desenvolvemento das función propias da secretaría do xulgado de paz este termo municipal, nos termos da disposición transitoria primeira do Decreto 168/2008, de 24 de xullo, polo que se regulan as agrupacións de xulgados de paz (DOG 12/8/2008), polo sistema de concurso-oposición.

A xornada laboral será de 10 a 13 horas de luns a venres, coa categoría de auxiliar administrativo, e unha retribución mensual de setecentos oito euros con trinta e tres céntimos (708,33 €), incluíndo a parte proporcional das pagas extraordinarias. A duración do contrato está vinculada ó mantemento do financiamento do posto mediante convenio de colaboración asinado entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Curtis no marco do disposto na disposición transitoria primeira do Decreto 168/2008, de 24 de xullo, polo que se regulan as agrupacións de xulgados de paz.

2.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES.

Para ser admitidos/as á realización destas probas selectivas, os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Ser español/a ou nacional da U.E dentro dos límites que establece o artigo 57 da Lei 7/2007 de 12 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público.

b) Ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder de 65 anos.

c) Estar en posesión do título de graduado en ESO ou equivalente.

d) Acreditar a capacidade funcional para o desempeño das funcións propias do posto. En consecuencia non padecer enfermidade ou eiva física que impida o desenvolvemento das funcións do cargo.

e) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera a das Administracións Públicas, ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso a corpos ou escalas de persoal funcionario, ou para exercer funcións similares as que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado.No

caso de ser nacional doutro Estado, non encontrarse inhabilitado ou situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

f) Non atoparse incurso/a en ningunha das causas de incapacidade que determine a lexislación vixente.

g) Estar en posesión do CELGA 3 ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia.

Tódolos requisitos citados deberán reunirse con referencia ó derradeiro día do prazo de presentación de instancias, debendo continuar en posesión dos mesmos durante todo o proceso selectivo.

3.- PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS.

Os e as interesado/as dirixirán as solicitudes, no modelo oficial que se acompaña como Anexo I a estas bases, xunto co xustificante de pagar a tasa correspondente, ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Curtis e presentaranas no Rexistro Xeral da citada entidade ou nos lugares que determina o artigo 38.4 da LRJAP-PAC, no prazo de 7 días naturais contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de convocatoria no B.O.P. Se o último día do prazo é inhábil, trasladarase ó primeiro día hábil seguinte.

Os e as aspirantes que presentasen a instancia en calquera das formas previstas no artigo 38.4 da LRJAP-PAC, deberán remitir por fax ao Concello copia selada da instancia dentro do prazo de 7 días naturais sinalado anteriormente (nº de fax: 981789578).

Finalizado o prazo de presentación de instancias o Tribunal publicará, no prazo máximo de 5 días hábiles, a lista de admitido/as no Taboleiro de Edictos, outorgando un prazo máximo de 3 días naturais para que o/as excluído/as aleguen o que consideren. Se o último día do prazo é inhábil, estenderase ata o seguinte día hábil.

Resoltas as reclamacións publicarase a lista definitiva no Taboleiro de Edictos ou darase por definitiva a lista provisional se non houbera reclamacións ou se estas non foran suficientes para a súa consideración. De non existir aspirantes excluídos, o Alcalde poderá elevar a definitiva a lista provisional na mesma resolución de aprobación. Nesta resolución indicarase o lugar, data e hora de realización das diferentes probas. Igualmente recollerá a citación do Tribunal para a súa constitución.

O feito de figurar incluída na relación de admitido/as non prexulga que se lles recoñeza ós/as interesado/as a posesión dos requisitos esixidos no procedemento selectivo convocado, que deberán ser xustificados documentalmente como paso previo á contratación que corresponda.

4.-DOCUMENTACIÓN QUE DEBERÁ ACOMPAÑAR NECESARIAMENTE Á SOLICITUDE.

A) Documentación acreditativa de ter aboado o importe a que ascenden os dereitos de exame: 15 Euros.

Os/As aspirantes acompañarán á solicitude documento acreditativo de ter feito ingreso do correspondente importe na c/c nº 2091 0081 67 3110000020 da Caixa de Aforros de Galicia .

B) Fotocopia do D.N.I. ou tarxeta acreditativa da súa identidade no caso de estranxeiros, debidamente compulsados por ambos os dous lados.

C) Fotocopia compulsada do titulo académico esixido.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os interesados/as aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

5. - TRIBUNAL DE SELECCIÓN.

O tribunal cualificador estará composto polos seguintes membros:

* Presidente: Un/unha funcionario/a ou persoal laboral fixo do Concello designado/a pola Alcaldía.

* Vocais:

Un/unha secretario/a de xulgado de paz da Comunidade Autónoma de Galicia

Un/unha secretario/a de xulgado de paz da Comunidade Autónoma de Galicia

*Secretario/a: O da Corporación ou funcionario/a en quen delegue, con voz e sen voto

A Resolución pola que se aprobe a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos coa designación dos membros do Tribunal que incluirá os seus respectivos suplentes, farase pública no taboleiro de anuncios do Concello a efectos de recusación.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de polo menos tres dos seus membros, xa sexan titulares ou suplentes, e en todo caso requírese a asistencia do Presidente e do Secretario ou dos seus suplentes.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir notificándoo ao Sr. Alcalde cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

O Presidente poderá requirir aos membros do mesmo declaración expresa de non atoparse incursos en causa de abstención. Así mesmo os aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando concorran as circunstancias previstas no parágrafo anterior.

Os membros do Tribunal son persoalmente responsables do cumprimento das bases da convocatoria e da suxeición aos prazos establecidos para a realización e valoración das probas e para a publicación dos seus resultados.

6.- SISTEMA DE SELECCIÓN.

A.FASE DE CONCURSO

Non terá carácter eliminatorio e nela valorarase o seguinte:

Por servizos prestados como secretario/a de xulgado de paz: 0,10 puntos por cada mes completo de servizos prestados, ata un máximo de 8 puntos.

Acreditarase mediante certificación expedida polo Xulgado correspondente

B. FASE DE OPOSICIÓN

Consistirá na realización dun suposto práctico relacionado coas funcións propias da secretaría dun xulgado de paz, a desenvolver no tempo máximo de 30 minutos. Esta proba ten carácter obrigatorio e eliminatorio. A mesma cualificarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 5 puntos para superala.

C. Unha vez rematadas estas dúas fases do proceso selectivo, os aspirantes que non acrediten estar en posesión do CELGA 3 ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, deberán realizar unha PROBA DE LINGUA GALEGA a determinar polo Tribunal, consistente na tradución dun texto de galego a castelán e viceversa, cunha duración máxima de 30 minutos.

7.- LUGAR, DATA E CELEBRACIÓN DA FASE DE OPOSICIÓN.

Determinarase polo Tribunal unha vez que remate o prazo de presentación de instancias, facéndose público no mesmo anuncio que a lista provisional e igualmente na definitiva de admitidos ó proceso.

8.- CUALIFICACIÓN FINAL.

A cualificación final das probas virá determinada pola suma das puntuacións obtidas na fase de concurso e na fase de oposición, establecendo para estes efectos a orde definitiva de aspirantes seleccionados.

En caso de empate na puntuación final, o desempate resolverase a favor do ou da aspirante que obtivese maior puntuación na fase de oposición.

9. - PROPOSTA DE SELECCIÓN.

O Presidente do Tribunal, á vista da lista de aspirantes seleccionados, formulará a proposta de selección para a contratación do candidato ou candidata que obteña a puntuación mais alta, establecendo igualmente a listaxe en función da puntuación obtida por todas as persoas aspirantes ante o Sr. Alcalde-Presidente.

As propostas de selección que contraveñan este límite serán nulas de pleno dereito.

A dita proposta publicarase no Taboleiro de Edictos do Concello.

10.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN.

No prazo de 20 días naturais contados a partir do día seguinte ó da publicación da proposta de selección no taboleiro de Edictos (prazo que poderá ampliarse cando os seleccionados acrediten que non puideron presentar algún documento por causas alleas á súa vontade), o aspirante proposto polo Tribunal deberá presentar no Rexistro do Concello a documentación acreditativa dos requisitos expresados na Base 2ª.

O apartado d) deberá acreditarse mediante a presentación de Certificado Médico Oficial para o efecto.

Se dentro do prazo indicado, salvo causa de forza maior, o/a aspirante non presentase a documentación ou do exame da mesma se infira que carece dalgún dos requisitos relacionados na Base 2, non poderá ser contratado e perderá tódolos seus dereitos, sen prexuízo das responsabilidades en que puidera incorrer.

11.- RESOLUCIÓN E CONTRATACIÓN.

Á vista da proposta do Tribunal e constatado que a persoa proposta acreditou os requisitos esixidos para acceder á praza que se convocan, o Alcalde resolverá o procedemento selectivo e decidindo a contratación como persoal laboral temporal, a tempo parcial, mediante contrato por obra ou servizo determinado.

Ata que non se formalice o contrato o aspirante proposto non terá dereito a percibir cantidade económica algunha.

12.- DEREITO SUPLETORIO E XURISDICIÓN.

O Tribunal poderá resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para o bo desenvolvemento do proceso selectivo.

No non sinalado nas presentes bases, estarase ao establecido na normativa básica sobre selección de persoal ao servizo da Administración Local e demais normas que resulten de aplicación, estándose aos órganos competentes da Xurisdición Contencioso-Administrativa para dirimir as controversias que se produzan na aplicación destas.

14.- RECURSOS.

Contra a resolución, que é definitiva en vía administrativa e pola que se aproban as bases desta convocatoria poderán os interesados interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Curtis, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación segundo o previsto nestas bases ou directamente recurso contencioso administrativo, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de A Coruña, no prazo de dous meses e na forma prevista na Lexislación reguladora de dita Xurisdición, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

ANEXO I

DON/DONA ....., provisto de DNI ....., e con enderezo a efectos de notificacións en ...., e número de teléfono ....., enterado/a da convocatoria para cubrir un posto de traballo de SECRETARIO/A DO XULGADO DE PAZ DO MUNICIPIO DE CURTIS, manifesta:

Que na data de remate do prazo de presentación de solicitudes cumpre con todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases e que documentalmente aporta neste acto.

SOLICITA: Sexa admitida a presente solicitude e documentación que se adxunta coa finalidade de poder presentarse ás probas selectivas.

Teixeiro (Curtis),..... de.....de 2010

Asdo:.....

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CURTIS

Teixeiro, 5 de outubro de 2010

O alcalde,

Javier Francisco Caínzos Vázqez

2010/14521

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CURTIS

Anuncio emprazamento recurso contencioso-administrativo

Emprazamento dos interesados no recurso contencioso-administrativo (procedemento abreviado) 0000287/2010.

Pola Alcaldía-Presidencia deste Concello ditouse o día vinte e nove de xullo do ano en curso Decreto resolvendo remitir ó Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de A Coruña o expediente administrativo correspondente ó recurso interposto por don Juan Carlos Vázquez Rocha contra Decreto da Alcaldía nº 115/2010, de 2 de xuño, polo que se resolve impoñer ó recurrente unha sanción pola comisión dunha infracción urbanística grave.

O que se notifica para xeral coñecemento a todas as persoas interesadas no procedemento, que son emprazadas para que poidan comparecer como parte no mesmo no prazo de nove días contado a partir do seguinte ó da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

Curtis, 5 de outubro de 2010

O Alcalde

Asdo: Javier Francisco Caínzos Vázquez

2010/14556

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

DODRO

Delegación de competencias tributarias

Aprobación inicial da delegación de competencias tributarias relacionadas coa xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas.

ANUNCIO

O Pleno do Concello, en sesión ordinaria do día 24 de setembro de 2010, adoptou o seguinte acordo:

1. Delegar na Deputación Provincial da Coruña a xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo, ou voo das vías públicas, a favor de empresas explotadoras de servizos de subministración de interese xeral. A xestión obxecto de delegación, tanto pode afectar ao suposto xeral do artigo 24 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, baseado no 1,5% dos ingresos brutos obtidos no termo municipal, como ao suposto especial da telefonía móbil.

2. Abrir un período de exposición pública de 30 días hábiles dende a publicación deste acordo no Boletín Oficial da Provincia, para xeral coñecemento e presentación de alegacións.

3. Este acordo provisional se convertirá en definitivo se no se presentasen alegacións ao mesmo.

4. Facultar á Alcaldía para a sinatura de canta documentación sexa necesaria para a execución do presente acordo.

O que se fai público aos correspondentes efectos

Dodro, 6 de outubro de 2010

O alcalde

Arturo Díaz Díaz

2010/14641

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

FERROL

Persoal

Bases convocatoria provisión de once prazas de policía local

Anuncio

A concelleira delegada da Área de Recursos Humanos e Organización Interna, mediante delegación conferida por Resolución do Sr. Alcalde de data 30/10/2008 (BOP 01/12/2008), aprobou as bases específicas que rexerán a convocatoria das once prazas de policía local incluídas na Oferta Parcial de Emprego Público do ano 2010 (BOP 14/07/2010 e 08/09/2010), e que transcritas literalmente din como segue:

"BASES ESPECÍFICAS DA CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDADE DE ONCE PRAZAS DE POLICÍA LOCAL

Primeira.- Número, denominación e características.

Once prazas de policía, encadradas na escala de Administración Especial, subescala de servicios especiais, clasificadas no grupo "C1".

Segunda.- Sistema de provisión.

Tres prazas de novo ingreso, por oposición libre e oito prazas de mobilidade, por concurso segundo o baremo de méritos que figura como Anexo III destas bases. En relación coas prazas de mobilidade, no caso de terse consolidado outro nivel de complemento de destino, deberá acreditarse o mesmo. As prazas non cubertas por mobilidade agregaranse, na mesma convocatoria, ás de novo ingreso.

Terceira.- Requisitos dos/das aspirantes:

3.1.- Novo ingreso: Os/as aspirantes deberán reuni-los seguintes requisitos:

a) Ter nacionalidade española ou ser nacional doutros Estados conforme ós artigos 56 e 57 do Estatuto Básico do Empregado Público.

b) Superar os 18 anos de idade e non ter cumplidos os 36.

c) Ter unha estatura mínima de 1,65 metros os aspirantes varóns e de 1,60 as aspirantes mulleres. Este requisito comprobarase inmediatamente antes do comezo do primeiro exercicio do proceso selectivo, quedando excluído do proceso quen non teña a altura mínima esixida nestas bases.

d) Estar en posesión dos permisos de conducir das clases A2, B e BTP na data en que remate o prazo de presentación de solicitudes comprometéndose, mediante declaración, a mantelos vixentes mentres permanezan en situación de servicio activo no Corpo da Policía Local.

e) Estar en posesión da titulación esixible para o acceso como funcionario de grupo C1, conforme á normativa de función pública. Así mesmo, e para estes efectos, para o acceso ás prazas do grupo C1 ou equiparadas, a superación das probas de acceso á Universidade para maiores de 25 anos, homologadas polo órgano competente, considerarase equivalente á obtención do título de Bacharel ou Formación Profesional de segundo grao. Esta convalidación deberá acreditarse mediante certificación emitida polo órgano competente ao respecto.

f) No ter sido separado/a, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin atoparse inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas.

g) Acredita-la aptitude física mediante a presentación dun certificado médico, no que se faga constar que o aspirante reúne as condicións físicas e sanitarias necesarias para a realización das probas físicas que figuran nestas bases, e de que non estar incurso en posibles causas de incapacidade recollidas no anexo de exclusións médicas destas bases, sen prexuízo de comprobacións posteriores do que reflicta o certificado médico.

h) Compromiso de portar armas propias da actividade que se vai desempeñar, e si fora o caso, de chegar a utilizalas, o que se prestará mediante declaración xurada e por escrito.

3.2.- Mobilidade: Os/as aspirantes deberán reuni-los seguintes requisitos:

a) Ser funcionario de calquera corpo da Policía Local da comunidade autónoma de Galicia, coa categoría de policía, e ter unha antigüidade mínima nela de 5 anos.

b) Faltarlle 12 anos como mínimo para o paso previsto á situación de segunda actividade.

Tódolos requisitos enumerados anteriormente (tanto coma para novo ingreso coma para mobilidade) deberán posuírse na data en que remate o prazo de presentación de instancias da convocatoria para a cobertura destas prazas.

Cuarta.- Dereitos de exame: As persoas aspirantes deberán ingresar a cantidade que estableza para cada grupo de titulación a Ordenanza Fiscal reguladora da taxa pola solicitude de participación en probas de selección do persoal vixente en cada momento, quedando exonerados do seu aboamento aqueles aspirantes que acrediten, medianate certificado do INEM, estar en situación de desemprego.

Quinta.- Presentación de instancias: O prazo de presentación de instancias será de VINTE DÍAS NATURAIS contados dende o día seguinte ao da publicación da convocatoria no BOE. Coa solicitude deberán achegar:

1.- Novo ingreso:

a) Fotocopia compulsada do DNI.

b) Fotocopia compulsada do título esixido na convocatoria.

c) Xustificante do ingreso dos dereitos de exame ou, de ser o caso, certificado do INEM.

d) Fotocopia compulsada dos permisos de conducir das clases A, B e BTP, así como da declaración mediante a cal se comprometen a manter vixentes os citados permisos e autorización mentres permanezan en situación de servicio activo no Corpo da Policía Local.

e) Certificado médico ó que se refire o punto 3.1 parágrafo g) das presentes.

f) Declaración xurada do compromiso de portar armas e, de ser o caso, de chegar a utilizalas.

2.- Mobilidade:

a) Fotocopia compulsada do DNI.

b) Xustificante do ingreso dos dereitos de exame.

c) Certificación emitida polo concello de orixe que acredite os requisitos do apartado 3.2. da base terceira.

d) Acreditación dos méritos alegados mediante a presentación de focotocopia compulsada dos certificados dos mesmos.

Sexta.- Composición do Tribunal.- O Tribunal estará composto por:

Presidente: Funcionario/a de carreira de calquera Administración pública.

Vogais, en número de tres, designados polo alcalde ou concelleiro/a delegado/a: un proposto pola Academia Galega de Seguridade Pública, en representación da Xunta de Galicia, un a proposta dos sindicatos existentes na Xunta de Persoal do Concello e outro que deberá ser técnico na materia, proposto polo alcalde ou concelleiro/a delegado/a.

Secretario/a: Funcionario/a con habilitación de carácter estatal do Concello.

En todo caso a constitución do tribunal cualificador deberá respectar o establecido no artigo 60 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo ao órgano convocante, cando concorran neles circunstancias das previstas no art. 28 da LRXAP e PAC ou se realizaron tarefas de preparación ás probas selectivas non cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

Asemade, os/as aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran as devanditas circunstancias.

O tribunal resolverá todas as dúbidas que puideran xurdir na aplicación destas normas, así como o que se deba facer non casos non previstos.

O tribunal poderá dispoñer a incorporación a súas sesións de persoas con labores de asesoramento para as probas que estimen pertinentes, limitándose estes/as a prestar a súa colaboración nas súas especialidade técnicas.

Os/as vocais deberán posuír titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso á praza convocada (R.D. 896/91 de 7 de xuño, art. 4 e).

Sétima.- Contido do proceso selectivo, forma de desenvolvemento e sistema de cualificación

7.1.- Novo ingreso.-

O procedemento de selección constará de cinco exercicios, obrigatorios e eliminatorios cada un deles, de xeito que non poderán pasar ó seguinte os/as aspirantes que non tivesen alcanzado a cualificación mínima establecida para cada un deles.

Con carácter previo ó inicio do primeiro exercicio, levarase a cabo a práctica do control de estatura e serán eliminados aqueles/as aspirantes que non acaden a estatura mínima prevista nas presentes bases.

Primeiro exercicio.- Proba de coñecementos técnicos:

A proba de avaliación dos coñecementos dos/das aspirantes deberá amosar a súa preparación intelectual e o dominio dos contidos do temario que se inclúe no Anexo II destas bases.

Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de 100 preguntas tipo test, con 4 alternativas de resposta cada unha, que serán propostas polo tribunal. Os/as aspirantes disporán dun tempo máximo de dúas horas para a súa realización.

A proba cualificarase polo tribunal de cero a dez puntos, sendo preciso acadar cinco puntos como mínimo. A cualificación farase atendendo a seguinte fórmula:

$$N = (A- F/3)/10$$

Sendo N=Nota final da proba; A= Preguntas acertadas; F= Preguntas falladas ou non respostadas.

Segundo exercicio. Proba de galego:

A proba de coñecemento da lingua galega estará dirixida á comprobación, por parte do tribunal, de que os aspirantes comprenden, falan e escriben correctamente o galego, para estes efectos deberán realizar con carácter obrigatorio e eliminatorio a seguinte proba. Constará de dúas partes: na primeira os/as aspirantes deberán redactar en galego durante un tempo máximo de corenta e cinco minutos un documento propio das funcións da praza que se convoca; valoraranse os aspectos lingüísticos e adaptación aos criterios de modernización de linguaxe administrativa. Na segunda parte, de carácter oral, consistirá en manter unha charla en galego cunha duración máxima de dez minutos cos membros do Tribunal, na que se falará do documento obxecto da primeira parte deste exercicio e só se valorarán os aspectos citados, admitíndose as variantes dialectais. Para o obxecto de garantir a posibilidade de revisión da proba oral, gravarase en cinta magnética sempre que o/a aspirante non renuncie expresamente a este dereito. Esta proba será cualificada como "APTO/A" ou "NON APTO/A". Quedarán exentas da realización desta proba aquelas persoas que acrediten estar en posesión do CELGA 3 ou equivalente.

Terceiro exercicio.- Probas físicas:

Consistirá en realizar tódalas probas físicas que se indican no Anexo I. A non superación de calquera das probas na forma indicada dará lugar á eliminación do/a candidato/a. A cualificación será de apto/a o non apto/a.

Cuarto exercicio.- Proba psicotécnica:

Estas probas están dirixidas a determinar as actitudes e aptitudes persoais dos/as aspirantes e a súa adecuación ás funcións policiais que deberán desempeñar, comprobando que presentan un perfil psicolóxico axeitado. Terán que efectuarse e valorarse por persoal especialista.

A cualificación global será de apto/non apto.

A.3.1. Proba de intelixencia.

Realizarase unha valoración do nivel intelectual e doutras aptitudes específicas, explorando todos ou varios dos aspectos seguintes: intelixencia xeral, comprensión e fluidez verbal, comprensión de ordes, razoamento cognitivo, atención discriminativa e resistencia á fatiga intelectual.

A.3.2. Probas de personalidade.

As probas de personalidade orientaranse a avaliar os trazos da personalidade máis significativos e relevantes para o desempeño da función policial, así como o grao de adaptación persoal e social dos aspirantes. Así mesmo, deberá descartarse a existencia de síntomas ou trastornos psicopatolóxicos e/ou da personalidade.

Exploraranse os aspectos que a continuación se relacionan: estabilidade emocional, autoconfianza, capacidade empática e interese polos demais, habilidades interpersoais, control axeitado da impulsividade, axuste persoal e social, capacidade de adaptación a normas, capacidade de afrontamento do estrés e motivación polo traballo policial.

Os resultados obtidos nas probas deberán ser obxecto de contraste mediante a realización dunha proba individual, que consistirá na contestación a un cuestionario, formulado verbalmente, coa finalidade de valorar tamén o estado psicolóxico actual dos candidatos. Deste modo, á parte das características de personalidade sinaladas anteriormente, exploraranse, ademais, os seguintes aspectos: existencia de niveis disfuncionais de estrés ou de trastornos do estado de ánimo; problemas de saúde; consumo excesivo ou de risco de alcohol ou outros tóxicos e grao de medicación; expectativas respecto da función policial.

Quinto exercicio .-Recoñecemento médico.

O recoñecemento médico será efectuado por facultativos especialistas e o seu fin é garantir que os/as aspirantes estean en condicións idóneas para o exercicio das funcións policiais propias do posto de traballo.

Cualificarase como apto/non apto.

Para os efectos da exclusión do/a aspirante, terase en conta o seguinte:

1. Obesidade - Delgadeza.

Obesidade ou delgadeza manifestas que dificulten ou incapaciten para o exercicio das funcións propias do cargo.

Indice de Masa Corporal (IMC) non inferior a 18,5 nin superior a 29,9. Considerando o IMC como a relación resultante de dividir o peso da persoa expresado en quilos polo cadrado da estatura expresado en metros.

2. Calquera enfermidade, padecemento ou alteración de carácter físico, psíquico ou sensorial, que, a xuízo dos facultativos médicos, impida, limite ou dificulte o exercicio das funcións policiais.

Para os diagnósticos establecidos neste anexo teranse en conta os criterios das sociedades médicas das especialidades correspondentes.

As exclusións garantiranse coas probas complementarias necesarias para o diagnóstico.

7.2.- Mobilidade.

O procedemento de selección consistirá na comprobación, avaliación e cualificación dos méritos alegados e xustificados polos aspirantes, en relación co baremo recollido no Anexo IV destas bases.

Oitava.- Cualificación final.

Virá determinada pola suma das puntuacións obtidas nos distintos exercicios da oposición. O Tribunal, á vista dos resultados totais, proporá ó órgano competente o nomeamento dos aspirantes que haxan obtido as maiores puntuacións sen que, en ningún caso, poida superar o número de aprobados o de prazas convocadas. No caso de quedar vacante a praza de mobilidade acrecerá á de quenda libre.

ANEXO I

Probas físicas

A.1. - Comprobación da estatura e probas físicas.

Comprobación da estatura.

Antes de comezar as probas físicas efectuarase o control da estatura dos/as aspirantes, quedando eliminados/as os/as que non acaden a estatura mínima de 1,65 metros para os homes e 1,60 metros para as mulleres.

Probas físicas.

As probas de aptitude física terán a cualificación de «apto» ou «non apto». Para obter a cualificación de «apto» é necesario non superar as marcas establecidas como máximas para as probas A.1.1, A.1.4 e A.1.5, e alcanzar ou superar os mínimos das probas A.1.2 e A.1.3. Os exercicios realizaranse pola orde en que están relacionados e cada un é eliminatorio para realizar o seguinte.

Establécense diferentes marcas para cada sexo. As probas realizaranse de forma individual, agás as de velocidade, resistencia xeral e natación que poderán facerse de forma colectiva se así o considera o tribunal cualificador. Nas probas de resistencia xeral e natación disponse dunha soa posibilidade de execución; no resto permitirase unha segunda realización cando na primeira non se obteña a cualificación de «apto».

O desenvolvemento de cada unha das probas físicas deberá realizarse en lugares axeitados ao tipo de proba a executar. En todas as probas deberase empregar un sistema de medición que garanta a exactitude e certeza das marcas individuais obtidas por cada opositor.

A.1.1. Proba de velocidade: carreira de 50 metros lisos

Realizarase nunha pista de atletismo ou calquera zona totalmente chaira de terreo compacto.

O/a aspirante colocarase na pista no lugar sinalado, podendo realizar a saída de pé ou agachado, sen utilizar tacos de saída.

As marcas máximas (en minutos) esixidas para a superación da proba son:

Homes	7, 40‘
Mulleres	8,20‘

A.1.2. Proba de potencia de tren superior: os homes realizarán flexións de brazos e as mulleres suspensión en barra.

A.1.2.1. Flexións de brazos.

Realizarase en ximnasio ou campo de deportes.

Iniciarase dende a posición de suspensión pura, agarrando a barra coas palmas das mans núas, á fronte, e cos brazos totalmente estendidos.

A flexión completa realizarase de maneira que o queixo asome por enriba da barra. Antes de iniciar outra nova flexión será necesario estender totalmente os brazos. Non se permite o balanceo do corpo ou a axuda con movementos das pernas.

Contaranse soamente as flexións completas e realizadas correctamente. O número de flexións mínimo esixible é de 10 flexións.

A.1.2.2. Suspensión en barra.

Realizarase en ximnasio ou campo de deportes.

O exercicio consiste en quedar, o maior tempo posible, na posición que se describe: Brazos flexionados, presa coas palmas da man cara atrás, pernas completamente estendidas e sen tocar o chan, queixo situado por enriba da barra e sen ter contacto con ela.

O tempo mínimo esixido para a superación da proba é de 52 segundos.

A.1.3. Proba de potencia de tren inferior: salto horizontal.

Realizarase en ximnasio ou campo de deportes, con chan horizontal e, coa superficie adecuada para efectuar a medición das marcas.

O/a aspirante colocarase de pé detrás dunha liña sen pisala, cos pes separados, paralelos entre sí e á mesma altura. Realizará un salto horizontal caendo cos dous pes ao chan. Medirase a distancia entre a liña de saída ata a marca do apoio de caída máis próximo á liña.

As marcas mínimas (en centímetros) esixidas para a superación da proba son:

Homes	210 cm
Mulleres	185 cm

A.1.4. Proba de resistencia xeral: carreira de 1.000 metros lisos.

Realizarase en pista de atletismo ou en calquera zona totalmente chá de terreo compacto.

O/a aspirante colocarase na pista no lugar indicado. A saída realizarase en pé.

Será eliminado o corredor que abandone a pista durante a carreira.

As marcas máximas esixidas para a superación da proba son:

Homes	3 minutos e 30 segundos
Mulleres	4 minutos e 10 segundos

A.1.5. Proba de natación: 25 metros estilo libre.

Realizarase nunha piscina que permita efectuar o percorrido sen facer viraxes.

O/a aspirante poderá colocarse para a saída, ben sobre a plataforma, ben no bordo da piscina, ou ben no interior do vaso, debendo permanecer neste último caso en contacto co bordo da saída.

Unha vez que se dea o sinal de saída, os/as aspirantes, ben en mergullo ou por impulsión sobre a parede, segundo a situación de partida adoptada, iniciarán a proba empregando calquera estilo para a súa progresión.

As marcas máximas (en segundos) para a superación da proba son:

Homes	24 segundos
Mulleres	28 segundos

ANEXO II

Temario

1. O Estado. Concepto. Elementos. A división de poderes. Funcións. Organización do Estado español. Antecedentes constitucionais en España. A Constitución Española de 1978. Estrutura e contido. A reforma da Constitución Española. O Estado español como Estado Social e Democrático de Dereito. Dereitos e deberes constitucionais; clasificación e diferenciación.

2. Dereitos fundamentais e liberdades públicas I: Dereito á vida e integridade. Liberdade ideolóxica, relixiosa e de culto. Dereito á liberdade e seguridade. Dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe. A inviolabilidade do domicilio e o segredo das comunicacións. A liberdade de residencia e de circulación. O dereito á liberdade de expresión recoñecido no artigo 20 da Constitución.

3. Dereitos fundamentais e liberdades públicas II: Dereito de reunión. Dereito de asociación. Dereito á participación nos asuntos públicos e ao acceso a funcións e cargos públicos. A tutela xudicial efectiva e a prohibición de indefensión. A imposición de condena ou sanción do artigo 25 da Constitución, sentido das penas e medidas de seguridade. Prohibición de tribunais de honra. O dereito á educación e a liberdade de ensino. Dereito á sindicación e á folga, especial referencia aos membros das Forzas e Corpos de Seguridade. Dereito de petición.

4. Dereitos e deberes dos cidadáns. Os principios reitores da política social e económica. As garantías dos dereitos e liberdades. Suspensión xeral e individual destes. O Defensor do Pobo.

5. A Coroa. As Cortes Xerais. Estrutura e competencias. Procedemento de elaboración das leis. Formas de Goberno. O Goberno e a Administración. Relacións do Goberno coas Cortes Xerais. Funcións do Goberno.

6. O Poder Xudicial. Principios constitucionais. Estrutura e organización do sistema xudicial español. O Tribunal Constitucional.

7. Organización territorial de Estado. As comunidades autónomas. O Estatuto de Autonomía de Galicia. Estrutura e disposicións xerais. Institucións: Parlamento. Presidente e Consello de Goberno. O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. O valedor do pobo.

8. Relación da Xunta de Galicia coa Administración do Estado e con outras Comunidades Autónomas. Competencias da Comunidade Autónoma de Galicia. A reforma do Estatuto de Autonomía para Galicia.

9. O Dereito Administrativo. Fontes e xerarquía das normas.

10. O acto administrativo. Concepto. Elementos. Clases. A validez dos actos administrativos; nulidade e anulabilidade. Notificación de actos administrativos. Cómputo de prazos. Recursos administrativos. Alzada e reposición; o recurso extraordinario de revisión.

11. O procedemento administrativo. Concepto e principios xerais. Clases. Os interesados. A estrutura do procedemento administrativo.

12. O Réxime Local Español. Principios constitucionais e regulación xurídica. Tipos de entidades locais.

13. O municipio. Concepto e elementos. Competencias municipais. A provincia: concepto, elementos e competencias. A organización e funcionamento do municipio. O pleno. O alcalde. A xunta de goberno local. Outros órganos municipais.

14. Ordenanzas, regulamentos e bandos. Clases e procedemento de elaboración e aprobación.

15. A licenza municipal. Tipos. Actividades sometidas a licenza. Tramitación.

16. Función Pública Local. A súa organización. Adquisición e perda da condición de funcionario. Dereitos, deberes e incompatibilidades dos funcionarios. Situacións Administrativas.

17. Lei Orgánica de Forzas e Corpos de Seguridade. Funcións da Policía Local.

18. Lei de Coordinación das Policías Locais de Galicia e normas de desenvolvemento. Réxime disciplinario: Disposicións xerais e faltas disciplinarias.

19. A actividade da Policía Local como policía administrativa I: Consumo. Abastos. Mercados. Venda ambulante. Espectáculos e establecementos públicos.

20. A actividade da Policía Local como policía administrativa II: Urbanismo. Infraccións e sancións. A protección ambiental: prevención e calidade ambiental, residuos e disciplina ambiental.

21. A Lei de Emerxencias de Galicia: aspectos fundamentais.

22. Delitos e faltas. Circunstancias modificativas da responsabilidade criminal. Persoas responsables: autores e cómplices. Graos de perfección do delito.

23. Delitos cometidos con ocasión do exercicio dos dereitos fundamentais e das liberdades públicas garantidos pola Constitución. Delitos cometidos polos funcionarios públicos contra as garantías constitucionais.

24. Delitos contra a Administración Pública. Atentados contra a Autoridade e os seus Axentes. Desordes públicas.

25. Homicidio e as súas formas. Faltas contra as persoas. Delitos e faltas contra o patrimonio e a orde socioeconómica.

26. Delitos contra a seguridade vial. Faltas cometidas con ocasión da circulación de vehículos a motor. Lesións e danos imprudentes.

27. O atestado policial na Lei de Axuizamento Criminal. Concepto e estrutura.

28. Detención: concepto, clases e supostos. Prazos de detención. Obrigas do funcionario que efectúa unha detención. Contido da asistencia letrada. Dereito do detido. Responsabilidades penais nas que pode incorrer o funcionario que efectúa unha detención. O procedemento de "Habeas corpus".

29. Lei de Seguridade Vial. Regulamentos de desenvolvemento. Estrutura e conceptos xerais.

30. Normas xerais de circulación: lugar na vía, velocidade, Prioridade de paso, cambios de dirección e sentido. Adiantamentos. Parada e estacionamento.Vehículos e transportes especiais. Cinto e casco de seguridade.

31. Circulación por zonas peonís. Comportamento en caso de emerxencia. Sinais de circulación. Clasificación e orde de prioridade.

32. Procedemento sancionador por infraccións á Normativa de Circulación. Actuacións complementarias. Inmobilización e retirada de vehículos da vía pública. Carencia do seguro obrigatorio.

33. Accidentes de circulación: definición, tipos e actuacións da Policía Local. Alcoholemia. Datos. A súa consideración segundo a normativa vixente. Procedemento de indagación do grao de impregnación alcohólica.

34. Estrutura económica e social de Galicia: demografía, economía, servizos públicos, sociedade civil, novas tecnoloxías, patrimonio ecolóxico, social e cultural.

35. Vida en sociedade. Proceso de socialización. Formación de grupos sociais e masas. Procesos de exclusión e inclusión social. A delincuencia: tipoloxías e modelos explicativos

36. Comunicación: elementos, redes, fluxos, obstáculos. Comunicación con superiores e compañeiros. Equipos de traballo e atención á cidadanía.

37. Minorías étnicas e culturais. Racismo e xenofobia. Actitude policial ante a sociedade intercultural.

38. Igualdade de oportunidades de homes e mulleres en Galicia: conceptos básicos; socialización e igualdade; políticas públicas de igualdade de xénero. Violencia contra as mulleres: descrición, plans de erradicación e atención coordinada ás vítimas.

39. A Policía na sociedade democrática. O mandato constitucional. Valores que propugna a sociedade democrática. A dignidade da persoa. Sentido ético da prevención e a represión.

40. Deontoloxía policial. Normas que a establecen. A policía como servizo público.

ANEXO III

Baremo para os concursos de méritos para o sistema de mobilidade

O baremo de méritos do concurso para a provisión de prazas mediante o sistema de mobilidade é o que segue:

1. Titulacións académicas.

Tendo en conta o previsto no artigo 76º e na disposición transitoria terceira do Estatuto Básico do Empregado Público, as titulacións a baremar serán as seguintes:

-Título universitario de postgrao, doutor ou equivalente: 3,00 puntos.

-Título universitario de grao, licenciado, arquitecto, enxeñeiro ou equivalente: 2,00 puntos.

-Técnico superior, diplomado universitario, enxeñeiro técnico, arquitecto técnico, diplomado superior en criminoloxía, ciencias policiais ou equivalente: 1,50 punto.

-Bacharel, técnico ou equivalente: 0,50 puntos.

Non se valorará a titulación requirida para o acceso á categoría a que se aspira, salvo que se posúa máis dunha.

Tampouco se terán en conta, para os efectos de valoración, as titulacións necesarias ou as que se empregasen como vía de acceso para a obtención dunha titulación superior xa valorada.

Para os efectos de equivalencia de titulación só se admitirán as recoñecidas polo ministerio competente na materia como títulos académicos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, debendo achegarse a correspondente declaración oficial de equivalencia, ou disposición na que se estableza a mesma e, se é o caso, o BOE en que se publica.

Só se valorarán os títulos antes citados, non os cursos realizados para a súa obtención.

2. Antigüidade.

Para os efectos de valoración da antigüidade só serán tidos en conta os servizos prestados como funcionario de carreira.

-Por cada ano de servizos, ou fracción superior a seis meses, prestados nos corpos de policía local: 0,20 puntos.

-Por cada ano de servizos, ou fracción superior a seis meses, prestados noutros corpos e forzas de seguranza: 0,10 puntos.

-Por cada ano de servizos, ou fracción superior a seis meses, prestados noutros corpos das administracións públicas: 0,05 puntos.

3. Formación e docencia.

3.1. Formación profesional continua:

3.1.1. Os cursos de formación profesional ou outras actividades formativas desenvolvidas directamente pola Academia Galega de Seguridade Pública, ou mediante convenios ou protocolos de colaboración con concellos, deputacións e outras entidades públicas, serán valorados de acordo ao seguinte baremo:

-Cada hora presencial en actividades con exame de aproveitamento: 0,025 puntos.

-Cada hora a distancia en actividades con exame de aproveitamento: 0,020 puntos.

-Cada hora en actividades formativas de asistencia presencial: 0,015 puntos.

-Cada hora en actividades formativas de asistencia en formación en liña: 0,010 puntos.

3.1.2. Os cursos de manifesto interese policial homologados pola Academia Galega de Seguridade Pública, superados nas universidades, administracións públicas ou a través dos plans de formación continua, serán valorados de acordo ao seguinte baremo:

-Ata 20 horas lectivas: só asistencia 0,20 puntos; aproveitamento 0,30 puntos.

-Entre 21 e 40 horas lectivas: só asistencia 0,35 puntos; aproveitamento 0,50 puntos.

-Entre 41 e 70 horas lectivas: só asistencia 0,45 puntos; aproveitamento 0,65 puntos.

-Entre 71 e 100 horas lectivas: só asistencia 0,50 puntos; aproveitamento 0,75 puntos.

-Entre 101 e 200 horas lectivas: só asistencia 0,75 puntos; aproveitamento 1,00 puntos.

-Máis de 200 horas lectivas: só asistencia 1,00 puntos; aproveitamento 1,30 puntos.

Non se terán en conta, para os efectos de valoración: os cursos obrigatorios que formen parte do proceso de selección para o acceso a calquera categoría ou emprego dos corpos e forzas de seguranza; os cursos repetidos, salvo que transcorrese un período superior a cinco anos desde a finalización do primeiro curso e os cursos necesarios para a obtención das titulacións da epígrafe A.1 do anexo II desta orde, nin a superación de materias deles.

3.2. Docencia:

3.2.1. A participación como profesor en cursos ou outras actividades formativas desenvolvidas directamente pola Academia Galega de Seguridade Pública, ou mediante convenios ou protocolos de colaboración con concellos, deputacións e outras entidades públicas, dirixidos en particular aos corpos de policía local, ou tamén ao colectivo das forzas e corpos de seguranza, valoraranse por hora impartida a razón de:

-Cada hora en actividades formativas de asistencia presencial: 0,020 puntos.

-Cada hora en actividades de formación en liña: 0,015 puntos.

3.2.2. A participación como profesor en cursos ou outras actividades formativas de manifesto interese policial dirixidos en particular aos corpos de policía local, ou tamén ao colectivo das forzas e corpos de seguranza, desenvolvidos nas universidades, administracións públicas ou a través dos plans de formación continua, valoraranse por hora impartida a razón de:

-Cada hora en actividades formativas de asistencia presencial: 0,015 puntos.

-Cada hora en actividades de formación en liña: 0,010 puntos.

O mesmo curso impartido en máis dunha ocasión só computará unha vez, agás que transcorrese un período superior a cinco anos desde a súa impartición.

Os méritos desta epígrafe A.3 deberán acreditarse dentro do prazo que se determine, mediante a presentación dos diplomas ou certificados correspondentes, que expresarán claramente os contidos xerais e as horas de formación ou docencia, se é o caso.

4. Distincións e recompensas oficiais.

-Placa individual ao mérito da policía local: 2,00 puntos.

-Placa colectiva ao mérito da policía local: 1,5 puntos.

-Medalla ao mérito da policía local: 1,00 punto.

-Medalla ou cruz ao mérito policial doutros corpos: 0,75 puntos.

-Distincións do órgano colexiado competente do concello: 0,25 puntos.

5. Idiomas.

O coñecemento doutro idioma distinto do español e do galego, acreditado por certificado de escola oficial de idiomas, valorarase a razón de:

a) Ciclos.

-Certificado de superación do ciclo elemental: 1,00 puntos.

-Certificado de superación do ciclo superior: 2,00 puntos.

b) Niveis.

-Certificado superación nivel básico: 0,65 puntos.

-Certificado superación nivel intermedio: 1,30 puntos.

-Certificado superación nivel avanzado: 2,00 puntos.

Só se terá en conta o ciclo ou nivel de máis valor dos que se acrediten.

6. Lingua galega.

-Celga 1: 0,25.

-Celga 2: 0,50.

-Celga 3: 0,75.

-Celga 4: 1,00.

-Anterior curso de iniciación: 0,75.

-Anterior curso de perfeccionamento: 1,00.

-Linguaxe administrativa nivel medio: 1,50.

-Linguaxe administrativa nivel superior: 2,00.

Só se terá en conta o título de máis nivel dos que se acrediten.”

O que se fai público para xeral coñecemento.

Ferrol,

O alcalde

Vicente Luis Irisarri Castro

2010/14569

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

IRIXOA

Nomeamento persoal laboral fixo: Ramiro Cal López

ANUNCIO

NOMEAMENTO COMO PERSOAL LABORAL FIXO, OFICIAL-ADMINISTRATIVO INFORMÁTICO, DE RAMIRO CAL LÓPEZ

Faise público que unha vez concluído o proceso selectivo da praza de persoal laboral fixo de oficial-administrativo informático, dentro do cadro de persoal do Concello de Irixoa, por resolución da Alcaldía do 30-9-2010 nomeouse a don Ramiro Cal López, con DNI núm. 32.777.201-Q, para dita praza; a convocatoria foi realizada por anuncio no BOP do 5-7-2010, en base ao acordo da Xunta de Goberno do 11-6-2010.

Irixoa, 7 de outubro de 2010

O alcalde

Antonio Deibe Sanmartín

2010/14673

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MELIDE

Corrección erros anuncio aprobación definitiva orzamento 2010

Corrección erros

EDICTO

Advertido erro no anuncio publicado no BOP do 16 de agosto de 2010 relativo á aprobación definitiva do orzamento xeral para 2010, concretamente polo que se refire á plantilla de persoal desta Corporación, no relativo aos postos de Postos de traballo suxeitos á lexislación laboral, persoal laboral fixo, onde dí:

PERSOAL LABORAL FIXO		
NUM.	DOT.	DENOMINACIÓN
ESTRADAS E CAMIÑOS		
12	2	Peón servicios
13	2	Oficial 1ª
14	1- VACANTE	Encargado/a obras

Debe dicir:

PERSOAL LABORAL FIXO		
NUM.	DOT.	DENOMINACIÓN
ESTRADAS E CAMIÑOS		
12	2	Peón servicios
13	2 (1 vacante)	Oficial 1ª
14	1	Encargado/a obras

Melide, 8 de outubro 2010

A alcaldesa

Mª Socorro Cea Vázquez

2010/14717

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MESÍA

Anuncio aprobación definitiva Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo aproveitamento especial do dominio público local, a favor de empresas explotadoras de servizos de subministro de interese xeral

O Pleno do concello, en sesión de 2 de agosto de 2010, acordou aprobar inicialmente a Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo aproveitamento especial do dominio público local, a favor de empresas explotadoras de servizos de subministro de interese xeral, someténdose o antedito acordo a información pública polo prazo de trinta días hábiles mediante anuncio publicado no BOP nº 165, de 30 de agosto de 2010, sen que houbera reclamacións ou suxestións, polo que se entenden aprobados definitivamente.

De conformidade co artigo 17.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, publícase o texto íntegro dos mesmos ós efectos da súa entrada en vigor.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL, A FAVOR DE EMPRESAS EXPLOTADORAS DE SERVICIOS DE SUMINISTROS DE INTERESE XERAL.

Artigo 1º. Fundamento e natureza.

Ao abeiro do previsto nos artigos 57, 20 e 24.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, regúlase a taxa por utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo e voo das vías públicas municipais, a favor de empresas explotadoras de servizos de subministros que resulten de interese xeral ou afecten á xeneralidade ou a unha parte importante do vecindario, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal.

Artigo 2º. Feito impoñible.

1.- Constitúe o feito impoñible da taxa o gozo da utilización privativa, ou os aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais, a favor de empresas ou entidades que utilizan o dominio público para prestar os servizos de subministros que resulten de interese xeral ou afecten á xeneralidade ou unha parte importante do vecindario.

2.- O aproveitamento especial do dominio público producirase sempre que para a prestación do servizo de subministro se deban utilizar antenas, instalacións ou redes que materialmente ocupan o solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais, con independencia de quen sexa o titular de aquelas.

3.- En particular, comprenderanse entre os servizos referidos nos apartados anteriores, os subministros de auga, gas, electricidade, telefonía fixa, telefonía móbil e outros medios de comunicación, que se presten, total ou parcialmente, a través de redes e antenas fixas que ocupan o dominio público municipal.

4.- O pago da taxa regulada neste Ordenanza supón a exclusión expresa da exacción de outras taxas derivadas da utilización privativa ou o aproveitamento especial constituído no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais, necesarios para a prestación dos servizos de subministros de interese xeral.

Artigo 3º. Suxeitos pasivos.

1. Son suxeitos pasivos as empresas ou entidades explotadoras de servizos de subministro que resulten de interese xeral ou afecten á xeneralidade ou a unha parte importante do vecindario, tales coma os de abastecemento de auga, subministro de gas, electricidade, telefonía (fixa ou móbil) e outros análogos, así como tamén as empresas que explotan a rede de comunicación mediante sistemas de fibra óptica, televisión por cable ou calquera outra técnica, independentemente do seu carácter público ou privado.

A estes efectos, inclúense entre as empresas explotadoras de ditos servizos as empresas distribuidoras e comercializadoras dos mesmos.

2. Teñen a consideración de suxeitos pasivos as empresas ou entidades explotadoras a que se refire o apartado anterior, tanto se son titulares das correspondentes redes a través das cales se efectúen os subministros como se, non sendo titulares de ditas redes, sono de dereitos de uso, acceso ou interconexión ás mesmas.

3. Tamén serán suxeitos pasivos da taxa as empresas e entidades, públicas ou privadas, que presten servizos, ou exploten unha rede de comunicación no mercado, conforme ao previsto nos artigos 6 e concordantes da Lei 32/2003, de 3 de novembro, xeral de telecomunicacións.

4. As empresas titulares das redes físicas, ás cales non lles resulte aplicable o que se prevé nos apartados anteriores, están suxeitas á taxa por ocupacións do solo, o subsolo e o voo da vía pública, regulada na Ordenanza fiscal correspondente.

Artigo 4º. Sucesores e responsables.

1. As obrigas tributarias pendentes das sociedades e entidades con personalidade xurídica disoltas e liquidadas transmitiranse aos socios, copartícipes ou cotitulares, que quedarán obrigados solidariamente ata os límites seguintes:

a) Cando non exista limitación de responsabilidade patrimonial, a contía íntegra das débedas pendentes.

b) Cando legalmente se limitara a responsabilidade, o valor da cota da liquidación que lles corresponda.

Poderán transmitirse as débedas devengadas na data de extinción da personalidade xurídica da sociedade ou entidade, aínda que non estean liquidadas.

2. As obrigas tributarias pendentes das sociedades mercantís, nos supostos de extinción ou disolución sen liquidación, transmitiranse ás persoas ou entidades que sucedan, ou sexan beneficiarios da operación.

3. As obrigas tributarias pendentes das fundacións, ou entidades á que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, no caso de disolución das mesmas, transmitiranse aos destinatarios dos bens e dereitos das fundacións, ou aos partícipes ou cotitulares de ditas entidades.

4. As sancións que procedan polas infraccións cometidas polas sociedades e entidades ás cales se refiren os apartados anteriores esixiranse aos sucesores de aquelas, ata o límite do valor da cota de liquidación que lles corresponda.

5. Responderán solidariamente da débeda tributaria as persoas ou entidades seguintes:

a) As que sexan causantes ou colaboren activamente na realización de unha infracción tributaria. A súa responsabilidade esténdese á sanción.

b) Os partícipes ou cotitulares das entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, en proporción ás súas respectivas participacións.

c) Os que sucedan por calquera concepto na titularidade de explotacións económicas, polas obrigas tributarias contraídas polo anterior titular e derivadas do seu exercicio.

Exceptúanse de responsabilidade as adquisicións efectuadas nun procedemento concursal.

6. Responderán subsidiariamente da débeda tributaria:

a) Os administradores de feito ou de dereito das persoas xurídicas que non teñan realizado os actos necesarios da súa incumbencia para o cumprimento das obrigas tributarias ata os límites seguintes:

- Cando se cometeron infraccións tributarias responderán da débeda tributaria pendente e das sancións.

- Nos supostos de cese das actividades, polas obrigas tributarias devengadas, que se atopen pendentes na data do cese, sempre que non tiveran feito o necesario para o seu pagamento e tomaran medidas causantes da falta do pagamento.

b) Os integrantes da administración concursal e os liquidadores de sociedade e entidades que non realizaran xestións necesarias para o cumprimento das obrigas tributarias devengadas con anterioridade.

7. A responsabilidade esixirase en todo caso nos termos e de acordo co procedemento previsto na Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5º – Servizo de telefonía móbil – Base impoñible e cota tributaria.

1. Para determinar a contía da taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público municipal por parte dos servizos de telefonía móbil, que precisan utilizar a rede de telefonía fixa instalada neste Municipio, aplicaranse as seguintes fórmulas de cálculo:

a) Base impoñible:

A base impoñible, deducida da estimación do aproveitamento especial do dominio público polo servizo de telefonía móbil calcúlase:

BI = Cmf * Nt + (NH * Cmm)

Sendo:

Cmf = consumo telefónico medio estimado, en liñas de telefonía fixa, por chamadas procedentes de teléfonos móbiles. O seu importe para o exercicio 2010 é de 58,9 euros/ano.

Nt = Nº de teléfonos fixos instalados no Municipio, no ano 2008, que é de 926.

NH = 95% do número de habitantes empadroados no Municipio. No 2008: 2.881.

Cmm = Consumo medio telefónico, estimado por teléfono móbil por chamadas de móbil a móbil. O seu importe para o 2010 é de 279,1 euros/ano.

b) Cota básica:

A cota básica global determínase aplicando o 1,4 por 100 á base impoñible:

QB = 1,4% s/ BI

Cota tributaria/operador = CE * QB

Sendo:

CE = coeficiente atribuíble a cada operador, segundo a súa cota de participación no mercado, incluíndo as modalidades de pospagamento e prepagamento.

O valor da cota básica (QB) para o 2010 é de 12.022,27 euros.

c) Imputación por operador:

Para o 2010 o valor de CE e a cota trimestral a pagar por cada operador son os seguintes:

	CE	Cota trimestral
Movistar	48,87%	1.468,81 €
Vodafone	33,10%	994,83 €
Orange	16,58%	498,32 €
Yoigo	0,71%	21,34 €
Otros	0,76%	22,84 €

As cotas trimestrais a satisfacer polos operadores relacionados son a cuarta parte do importe que resulta de aplicar o coeficiente CE á cota básica establecida no apartado b) de este artigo.

A efectos de determinar o coeficiente CE, os suxeitos pasivos poderán probar ante o Concello que o coeficiente real de participación no exercicio anterior ao de devengo da taxa foi inferior. Neste caso, as autoliquidacións trimestrais axustaranse aplicando o coeficiente acreditado polo obrigado tributario.

Artigo 6 – Outros servizos diferentes da telefonía móbil – Base impoñible e cota tributaria.

1. Cando o suxeito pasivo sexa titular da rede que ocupa o solo, subsolo ou voo das vías públicas, mediante a cal se produce o gozo do aproveitamento especial do dominio público local, a base impoñible está constituída pola cifra de ingresos brutos procedentes da facturación que obteñan anualmente no termo municipal as empresas ou entidades sinaladas no artigo 3 desta Ordenanza.

2. Cando para o gozo do aproveitamento especial a que se refire o apartado anterior, o suxeito pasivo utilizara redes alleas, a base impoñible da taxa está constituída pola cifra de ingresos brutos obtidos anualmente no termo municipal minorada nas cantidades que deba aboar ao titular da rede, polo uso da mesma.

3. Aos efectos dos apartados anteriores, teñen a consideración de ingresos brutos procedentes da facturación aqueles que, sendo imputables a cada entidade, fosen obtidos pola mesma como contraprestación polos servizos prestados neste termo municipal, en desenvolvemento da actividade ordinaria; só se excluirán os ingresos orixinados por feitos ou actividades extraordinarias.

A título enunciativo, teñen a consideración de ingresos brutos as facturacións polos conceptos seguintes:

a) Subministros ou servizos de interese xeral, propios da actividade da empresa que corresponden a consumos dos aboados efectuados no Municipio.

b) Servizos prestados aos consumidores necesarios para a recepción do subministro ou servizo de interese xeral propio do obxecto da empresa, incluíndo os enlaces na rede, posta en marcha, conservación, modificación, conexión, desconexión e substitución dos contadores ou instalacións propiedade da empresa.

c) Alugueres, canons, ou dereitos de interconexión percibidos de outras empresas subministradoras de servizos que utilicen a rede da entidade que ten a condición de suxeito pasivo.

d) Alugueres que teñen que pagar os consumidores polo uso dos contadores, ou outros medios utilizados na prestación do subministro ou servizo.

e) Outros ingresos que se facturen polos servizos resultantes da actividade propia das empresas subministradoras.

4. Non se incluirán entre os ingresos brutos, a estes efectos, os impostos indirectos que gravan os servizos prestados nin as partidas ou cantidades cobradas por conta de terceiros que non constitúan un ingreso propio da entidade que é suxeito pasivo da taxa.

5. Non ten a consideración de ingresos brutos procedentes da facturación os conceptos seguintes:

a) As subvencións de explotación ou de capital que as empresas poidan recibir.

b) As indemnizacións esixidas por danos e prexuízos, ao menos que sexan compensación ou contraprestación por cantidades non cobradas que se han de incluír nos ingresos brutos definidos no apartado 3.

c) Os ingresos financeiros, como xuros, dividendos e calquera outros de natureza análoga.

d) Os ingresos realizados pola empresa para o seu inmobilizado.

e) As cantidades procedentes de alleamentos de bens e dereitos que forman parte do seu patrimonio.

6. As taxas reguladas neste Ordenanza esixibles ás empresas ou entidades sinaladas no artigo 3 desta Ordenanza, son compatibles con outras taxas establecidas, ou que poida establecer o Concello, pola prestación de servizos ou realización de actividades de competencia local, das que as mencionadas empresas sexan suxeitos pasivos.

7.- A contía da taxa determínase aplicando o 1,5 por 100 á base impoñible definida neste artigo.

Artigo 7º. Período impositivo e devengo da taxa.

1. O devengo prodúcese coa entrada en vigor da presente ordenanza fiscal. Igualmente, a taxa devéngase co inicio do uso privativo ou o aproveitamento especial do dominio público local necesario para a prestación do subministro ou servizo cando se comeza a actividade e o 1 de xaneiro en exercicios sucesivos, sendo o período impositivo da taxa o ano natural.

Nos supostos de inicio ou cesamento na utilización ou aproveitamento especial do dominio público local necesario para a prestación do subministro ou servizo, procederase a aplicar o prorrateo trimestral, conforme ás seguintes regras:

a) Nos supostos de altas por inicio de actividade, liquidarase a cota correspondente aos trimestres que restan para finalizar o exercicio, incluíndo o trimestre no que ten lugar a alta.

b) No caso de baixas por cesamento de actividade, liquidarase a cota que corresponda aos trimestres transcorridos desde o inicio do exercicio, incluíndo aquel no que se orixina o cesamento.

2. A obriga do pagamento da taxa regulada nesta Ordenanza nace nos momentos seguintes:

a) Cando se trata de concesións ou autorización de novos aproveitamentos, no momento de solicitar a licenza correspondente.

b) Cando o gozo do aproveitamento especial a que se refire o artigo 1 desta ordenanza non requira licenza ou autorización, desde o momento en que se iniciou o citado aproveitamento. A tal efecto, enténdese que comezou o aproveitamento especial cando se inicia a prestación de servizos aos usuarios que o soliciten.

3. Cando os aproveitamentos especiais do solo, subsolo ou voo das vías públicas se prolongan durante varios exercicios, o devengo da taxa terá lugar o 1 de xaneiro de cada ano e o período impositivo comprenderá o ano natural.

Artigo 8º. Réxime de declaración e de ingreso – Servizos de telefonía móbil.

1. As empresas operadoras de servizos de telefonía móbil relacionadas no artigo 5 desta Ordenanza deberán presentar a autoliquidación e efectuar o ingreso da cuarta parte resultante do que establece dito artigo nos meses de abril, xullo, outubro e decembro.

2. Outras empresas prestadoras de servizos de telefonía móbil presentarán su declaración en base aos parámetros establecidos no artigo 5 e tendo en conta o período de prestación efectiva dos servizos durante o ano 2010.

3. Unha vez concluído o exercicio 2010 os suxeitos pasivos que probaran, en base de datos oficiais, que a súa participación neste período diferira da porcentaxe aplicada a efectos do cómputo da taxa regulada na presente ordenanza, poderán solicitar a regularización procedente.

Artigo 9º. Réxime de declaración e ingreso – Outros servizos

1. Respecto aos servizos de subministro regulados no artigo 6º desta Ordenanza, establécese o réxime de autoliquidación para cada tipo de subministro, que terá periodicidade trimestral e comprenderá a totalidade dos ingresos brutos facturados no trimestre natural ó que se refira. O cese na prestación de calquera subministro ou servizo de interese xeral, comporta a obriga de facer constar esta circunstancia na autoliquidación do trimestre correspondente así como a data de finalización.

2. Poderase presentar a declaración final o último día do mes seguinte ou o inmediato hábil posterior a cada trimestre natural. Presentarase ao Concello unha autoliquidación para cada tipo de subministro efectuado no termo municipal, especificando o volume de ingresos percibidos por cada un dos grupos integrantes da base impoñible, segundo detalle do artigo

6.3 desta Ordenanza. A especificación referida ao concepto previsto na letra c) do mencionado artigo, incluirá a identificación da empresa ou empresas subministradoras de servizos ás que se facturou cantidades en concepto de peaxe. A contía total de ingresos declarados polos subministros a que se refire o apartado a) do mencionado artigo 6.3 non poderá ser inferior á suma dos consumos rexistrados en contadores, ou outros instrumentos de medida, instalados neste Concello.

3. As empresas que utilicen redes alleas deberán acreditar a cantidade satisfeita aos titulares das redes co fin de xustificar a minoración de ingresos a que se refire o artigo 6.2 da presente Ordenanza. Esta acreditación acompañarase da identificación da empresa ou entidade propietaria da rede utilizada.

4. Expedirase un documento de ingreso para o interesado, que lle permitirá satisfacer a cota nos lugares e prazos de pago que se indiquen.

5. Por razóns de custo e eficacia, cando a declaración trimestral dos ingresos brutos se derive unha liquidación de cota inferior a 6 euros, acumularase á seguinte. A presentación das autoliquidacións despois do prazo fixado no punto 2 deste artigo comportará a esixencia do recargo de extemporaneidade, segundo o que prevé o artigo 27 da Lei Xeral Tributaria.

6. A empresa "Telefónica de España, S.A.U.", á cal cedeu Telefónica, S.A. os diferentes títulos habilitantes relativos a servizos de telecomunicacións básicas en España, non deberá satisfacer a taxa porque o seu importe queda englobado na compensación do 1,9% dos seus ingresos brutos que satisface a este Concello.

As restantes empresas do "Grupo Telefónica", están suxeitas ao pagamento da taxa regulada nesta ordenanza. En particular, Telefónica Móviles, S.A. está suxeita á taxa, nos termos regulados no artigo 5 da presente ordenanza.

Artigo 10. Infraccións e sancións.

1. A falta de ingreso da débeda tributaria que resulta da autoliquidación correcta da taxa dentro dos prazos establecidos nesta ordenanza, constitúe infracción tributaria tipificada no artigo 191 da Lei Xeral Tributaria, que se calificará e sancionará segundo dispón o mencionado artigo.

2. O resto de infraccións tributarias que se poidan cometer nos procedementos de xestión, inspección e recadación desta taxa tipificaranse e sancionaranse de acordo co que se prevé na Lei Xeral Tributaria, no Regulamento Xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributarias, aprobado polo Real Decreto 1065/2007 e na Ordenanza Xeral de Xestión, Inspección e Recadación dos ingresos de Dereito Público municipais.

3. A falta de presentación de forma completa e correcta das declaracións e documentos necesarios para que se poida practicar a liquidación desta taxa constitúe unha infracción tributaria tipificada no artigo 192 da Lei Xeral Tributaria, que se calificará e sancionará segundo dispón o mencionado artigo.

Disposición adicional 1ª – Actualización dos parámetros do artigo 5º.

As ordenanzas fiscais dos exercicios futuros poderán modificar o valor dos parámetros Cmf, Cmm, NH, Nt, NH se así procede.

Se non se modifica a presente ordenanza, continuarán sendo de aplicación os parámetros establecidos para o exercicio 2010.

Se a presente ordenanza debe ser aplicada despois de 2010, as referencias a este ano, contidas nos artigos 5 e 8, deben entenderse realizadas respecto a cada un dos exercicios en que se implique a ordenanza.

Disposición adicional 2ª. Modificación dos preceptos da ordenanza e das referencias que fai á normativa vixente, con motivo da promulgación de normas posteriores.

Os preceptos desta Ordenanza fiscal que, por razóns sistemáticas reproduzan aspectos da lexislación vixente e outras normas de desenvolvemento, e aquelas nas que se fagan remisións a preceptos desta, entenderase que son automaticamente modificados e/ou substituídos, no momento en que se produza a modificación dos preceptos legais e regulamentarios de que traen causa.

Disposición derrogatoria

Quedan derrogados expresamente os apartados 2 a 6 do artigo 6 da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por ocupacións do subsolo, solo e voo da vía pública do concello de Mesía.

Disposición final.

A presente Ordenanza fiscal, que foi aprobada provisionalmente polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria celebrada o día 2 de agosto de 2010, entrará en vigor o mesmo dia da súa publicación íntegra no Boletín da Provincia e será de aplicación a partir desta data, permanecendo vixente ata a súa modificación ou derrogación expresa.

Mesía, 6 de outubro de 2010

O alcalde,

Asdo./ Mariano Iglesias Castro.

2010/14633

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MONFERO

Adxudicación definitiva PCC-2008

ANUNCIO

ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DE CONTRATO INCLUÍDO NO PLAN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS

En cumprimento do disposto no artigo 138.2 da Lei 30/2007, de contratos do sector público, dáselle publicidade á seguinte adxudicación definitiva de contrato de obras incuído no Plan de Cooperación cos Concellos, PCC 2008-2011, anualidade 2008, acordada pola Xunta de Goberno Local con data do 17-09-2010.

1. Adxudicación definitiva do contrato da obra nomeada SANEAMENTO NAS TRAVESAS

Entidade adxudicataria: Concello de Monfero

Tipo de expediente: contrato administrativo típico. De obras

Suxeito a regulación harmonizada: Non

Procedemento de adxudicación: negociado

Tramitación: ordinaria

Orzamento adxudicación sen IVE: 158.916,91 €

IVE: 28.605,04€

Orzamento adxudicación con IVE: 187.521,95 €

Data de adxudicación provisional: 04-08-2010

Publicación da adxudicación provisional no perfil: 09-08-2010

Adxudicatario: CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO S.L.

Monfero, 1 de outubro de 2010

O Alcalde

Andrés Feal Varela

2010/14513

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MONFERO

Aprobación definitiva da Ordenanza fiscal reguladora do prezo público pola prestación da servizo de axuda no fogar do Concello de Monfero

ANUNCIO DE APROBACIÓN DEFINITIVA

En cumprimento do disposto no artigo 1 7.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise pública a parte dispositiva dos acordos acodados polo Pleno da Corporación no sesión celebrada o día 30-09-2010 e o texto íntegro da Ordenanza fiscal reguladora do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar do Concello de Monfero.

ACORDOS DO PLENO DO 30-09-2010:

1 °.- Estimar a única alegación formulada durante o período de exposición pública da aprobación provisional da ordenanza fiscal reguladora do prezo público polo prestación do servizo de axuda no fogar do Concello de Monfero

2°.- Aprobar definitivamente o texto de dita ordenanza fiscal coa seguinte modificación:

Na segunda fila da primeira columna da táboa de copagamento que aparece no artigo 4, onde di: “Entre o 100% e o 150%”, debe dicir: “Máis do 100% e ata o 150%”.

3°.- Proceder a publicación no BOP da parte dispositiva deste acordo e o texto íntegro da ordenanza definitivamente aprobada, conforme dispón o artigo 17.4 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

TEXTO ÍNTEGRO DEFINITIVO:

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE MONFERO

Artigo 1: Obxecto

De conformidade co previsto no artigo 117, en relación co artigo 41.b do Texto Refundido da Lei de facendas locais, aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, este Concello establece o prezo público polo utilización do servizo de axuda no fogar (SAF), tanto para persoas valoraras como dependentes coma para as que acceden por libre concorrencia.

Artigo 2: Obrigados/as ao pagamento

Están obrigados ao pagamento do prezo público regulado mediante a presente Ordenanza, as persoas usuarias do servizo de axuda no fogar segundo o establecido no Regulamento do servizo de axuda no fogar do Concello de Monfero e a Orde do 22 de xaneiro de 2009 polo que se regula o servizo de axuda no fogar da Comunidade Autónoma Galega.

Considérase persoa usuaria aquela para a cal se solicita o servizo. No caso de intervención con familias, entenderase como persoa usuaria titular un dos membros adultos da unidade de convivencia responsables dos menores que poidan forman parte dela ao mane que respondan solidariamente do pago do prezo público todos os adultos que formen parte da mencionada unidade familiar.

Se o/a beneficiario/a carecera da capacidade de obrar, dita obriga recaerá sobre quen ostente a súa representación legal ou ostente a condición de gardador.

Artigo 3: Determinación da capacidade económica das persoas usuarias do servizo

Para a determinación da capacidade económica das persoas usuarias do servizo terase en conta o establecido no artigo 17 da Orde do 22 de xaneiro de 2009, reguladora do SAF para a Comunidade Autónoma de Galicia e o contemplado no artigo 24 do Regulamento do SAF do Concello de Monfero.

Para os efectos do cálculo da capacidade económica estarase a regulación da orde de 22 de xaneiro de 2009, tendo en conta que para a aplicación das tarifas tomarase como referencia o indicador publico de rendas de efectos múltiples (IPREM) en termos anuais de 14 pagas, e a incorporación do valor do patrimonio segundo establece a Orde de 22 de xaneiro de 2009.

No cómputo da renda ou do patrimonio terase en conta os datos correspondentes á ultima declaración fiscal dispoñible e os datos catastrais do que se dispoña.

Para a actualización da información relativa á capacidade económica, as persoas usuarias do servizo, presentarán, antes do final de setembro de cada ano, xustificación documental actualizada das circunstancias socioeconómicas a ter en conta para a avaliación da capacidade económica.

Artigo 4: Participación económica das persoas usuarias do servizo de axuda no fogar

Para os supostos nos que non proceda a exención no prezo público a achega, en todo caso respectará os limites establecidos no art. 18.2 da Orde do 22 de xaneiro de 2009 polo que se regula o servizo de axuda no fogar na Comunidade Autónoma Galega, segundo as tarifas contidas nas táboas de copagamento da presente Ordenanza e sen que a contribución económica da persoa usuaria poda ser superior ó 65% do custo.

TABOAS DE COPAGAMENTO

USUARIOS DE ACCESO DIRECTO (DEPENDENCIA) E DE LIBRE CONCORRENCIA

INGRESOS EN RELACION AO IPREM	COPAGO (% custo hora)
Máis do 100% e ata o 150%	10%
Máis do 150% ata 200%	15%
Máis do 200 % ata 300%	20%
Máis do 300% ata 400%	50%
Máis do 400% ata 500%	60%
Mais do 500%	65%

Esta táboa de copagamento aplicarase a tódolos servizos complementarios do servizo de axuda no fogar, no caso de non estar suxeitos a convenio ou ordenanza específica.

A porcentaxe de copago revisarase anualmente, para o que a persoa usuaria achegará a documentación que lle sexo requirida oportunamente.

Artigo 5: Custo do servicio

Aos efectos previstos para a aplicación das tarifas do artigo 4, establécese o prezo da hora da prestación do servizo en 12,87€. O custo da hora poderase revisar anualmente en función do custo do servizo.

Artigo 6: Obriga de pagamento

A obriga do pagamento do prezo público polo prestación do servizo regulado nesta ordenanza, nace desde que se inicia a prestación do servizo de axuda no fogar ou servizos complementarios.

As liquidacións de prezos practicaranse mediante recibo das horas asignadas, por meses naturais vencidos, pagándose cada un nos 15 primeiros días naturais do mes seguinte ao da prestación do servizo, e en función das horas asignadas ó usuario. En caso de axuste en función das horas previstas e as reais prestadas ao mes, o importe regularizarase no mes seguinte, cobrándose o mesmo que o mes anterior ao das incidencias acontecidas. O pago efectuarase mediante cargo na conta corrente ou cartilla de aforros do/a solicitante, que deberá indicar no modelo que se lle facilitará no momento de realizar a solicitude.

Artigo 7: Exencións

No caso de que a capacidade económica da persoa usuaria sexo igual ou inferior ó indicador público de rendas de efectos múltiples, quedará exenta da obriga de participar no culto do servizo.

Artigo 8: Normativa subsidiaria

Para o non previsto na presente Ordenanza, se estará ao establecido na Orde do 22 de xaneiro de 2009 e demais normativa aplicable.

Disposición final

Esta Ordenanza entrará en vigor unha vez transcorridos quince días dende a súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, segundo o disposto nos artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresas.

Monfero, 1 de outubro de 2010

O Alcalde,

Asdo.: Andrés Feal Varela

2010/14515

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MONFERO

Anuncio de aprobación definitiva do regulamento do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Monfero

ANUNCIO DE APROBACIÓN DEFINITIVA

En cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, faise público que o Pleno desta Corporación Municipal, na sesión celebrada o día 30-09-2010, resolvéu a única alegación presentada durante o periódo de exposición pública, e aprobou definitivamente o Regulamento do Servizo de Axuda no fogar do Concello de Monfero, co texto definitivo íntegro que se transcribe de seguido:

REGULAMENTO DO SERVIZO AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE MONFERO

ÍNDICE.

CAPÍTULO I - DISPOSICIÓNS XERAIS
Artigo 1º- Obxecto.
Artigo 2º- Ámbito de actuación.
Artigo 3º- Definición do servizo de axuda no fogar.
Artigo 4º- Obxectivos do servizo de axuda no fogar.
Artigo 5º- Principios xerais.
Artigo 6º- Uso simultáneo de servizos e prestacións
CAPÍTULO II - O SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.
Artigo 7º- Características do servizo de axuda no fogar.
Artigo 8º- Actuacións incluídas.
Artigo 9º- Actuacións excluídas.
CAPÍTULO III - FORMAS DE PRESTACIÓN DO SERVIZO, PROFESIONAIS QUE INTERVEÑEN EPERSOAS DESTINATARIAS.
Artigo 10º- Formas de prestación do servizo de axuda no fogar.
Artigo 11º- Profesionais que interveñen no servizo.
Artigo 12º- Persoas destinatarias.
CAPÍTULO IV - DEREITOS E OBRIGAS DAS PERSOAS DESTINATARIAS E DA ENTIDADE PRESTADORA.
Artigo 13º- Dereitos das persoas destinatarias.
Artigo 14º- Obrigas das persoas destinatarias.
Artigo 15º- Dereitos da entidade prestadora.
Artigo 16º- Obrigas da entidade prestadora.
CAPÍTULO V - PROCEDEMENTO DE ACCESO.
Artigo 17º- Requisitos xerais para acceder ao servizo.
Artigo 18º- Tramitación das solicitudes.
Artigo 19º- Sobre o trámite de urxencia.
Artigo 20º- Seguimento do servizo.
CAPÍTULO VI - SUSPENSIÓN E EXTINCIÓN DO SERVIZO.
Artigo 21º- Causas de suspensión temporal do servizo de axuda no fogar.
Artigo 22º- Causas de extinción e modificación do servizo de axuda no fogar.
CAPÍTULO VII - PREZO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO.
Artigo 23º- Prezo do servizo.
Artigo 24º- Determinación da capacidade económica das persoas destinatarias do servizo.
Artigo 25º- Participación das persoas destinatarias no financiamento do servizo.
Artigo 26º- Forma de pagamento.
CAPÍTULO VIII - PROTOCOLO DE ACTUACIÓN NO CASO DE QUEIXA NO LIBRO DE RECLAMACIÓNS.
Artigo 27º- Procedemento de reclamacións.
DISPOSICIÓNS ADICIONAIS.
DISPOSICIÓN DERROGATORIA.
DISPOSICIÓN FINAL.

CAPÍTULO I.- DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1º- OBXECTO.

O presente Regulamento ten como obxecto a adaptación do Servizo municipal de Axuda no Fogar ás novas necesidades e organización do Concello de Monfero, respectando o establecido na Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local, Lei 13/2008 do 3 de decembro de Servizos Sociais, no Decreto 240/1995 do 28 de xullo que regula os Servizos Sociais de Atención Primaria, a Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o Servizo de Axuda no Fogar, e a Lei 39/2006 do 14 de decembro de Promoción de Autonomía Persoal e Atención ás Persoas en Situación de Dependencia, e demais lexislación aplicable.

Artigo 2º- ÁMBITO DE ACTUACIÓN.

O Servizo de Axuda no Fogar (en adiante SAF), desenvolverase no termo municipal de Monfero, dentro do ámbito das competencias municipais en materia de servizos sociais.

Artigo 3º- DEFINICIÓN DO SERVIZO DE AXU DA NO FOGAR.

O SAF ten por obxecto prestar un conxunto de atencións ás persoas no seu domicilio, desde unha perspectiva integral e normalizadora, naquelas situacións nas que teñan limitada a súa autonomía persoal ou nos casos de desestruturación familiar, facilitando a permanencia no seu propio contorno de convivencia, favorecendo a súa calidade de vida e evitando ou retardando a súa posible institucionalización. O SAF poderá incluír intervencións de carácter persoal, doméstico, socio-educativo e preventivo, que deberán ser conformes coa valoración técnica realizada polos servizos sociais.

Os coidados e atencións a prestar no fogar das persoas e unidades de convivencia serán realizados por persoal cualificado e con supervisión técnica directa por parte dos servizos sociais municipais.

Artigo 4º- OBXECTIVOS DO SAF.

- Mellorar a calidade de vida das persoas usuarias.

- Posibilitar a permanencia das persoas no seu contorno de convivencia habitual.

- Favorecer e potenciar a autonomía persoal no propio domicilio.

- Manter, mellorar e recuperar as redes de relación familiar e social.

- Previr situacións de dependencia ou exclusión social.

- Retardar ou evitar a institucionalización.

Artigo 5º- PRINCIPIOS XERAIS.

- Principio de normalización e integración: O servizo prestarase no ámbito doméstico, familiar, social e cultural das persoas usuarias, utilizando na medida do posible, os recursos normalizados existentes.

- Principio de autonomía: Deberase fomentar ao máximo posible a autonomía da persoa usuaria.

- Principio de participación: Deberase fomentar a participación da persoa na elaboración do plan de atención.

- Principio de globalidade: A atención que se preste deberase integrar, ofrecendo unha axuda de carácter polivalente para a cobertura dunha ampla gama de necesidades das persoas usuarias.

- Principio de profesionalización: Tanto os responsables do servizo coma o persoal de atención directa deberán ter as competencias profesionais correspondentes

- Principio de individualización: Todas as persoas beneficiarias deste servizo, previa valoración e diagnóstico da súa situación poderán dispoñer dun plan de atención individualizado adaptado as súas necesidades.

- Principio de prevención: A prestación do servizo deberá ter en conta o aspecto preventivo para evitar o deterioro da persoa usuaria e a consecuente institucionalización.

- Principio de inclusión: A prestación do servizo poderá prever accións para a inclusión individual e/ou familiar no medio comunitario.

Artigo 6º- USO SIMULTÁNEO DE SERVIZOS E PRESTACIÓNS

O SAF será compatible cos servizos de prevención da dependencia, promoción da autonomía e apoio ás persoas coidadoras, co servizo de teleasistencia, co servizo de centro de día e de noite ou, no seu caso, coa prestación económica vinculada á prestación de cada un destes últimos servizos e coa prestación económica de asistencia persoal e nos termos establecidos no presente Regulamento.

Tamén será compatible o SAF, nos termos establecidos no presente Regulamento, coa prestación económica para coidados no contorno familiar da Lei 39/2006 de 14 de decembro de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás Persoas en situación de Dependencia.

Nos supostos nos que se compatibilice o SAF con outros servizos ou prestacións, a súa intensidade estará determinada no Plan Individual de Atención do usuario.O SAF é incompatible co servizo de atención residencial ou prestación vinculada a este servizo.

CAPÍTULO II- O SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

Artigo 7º- CARACTERÍSTICAS DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

O SAF prestarase no domicilio particular da persoa beneficiaria dentro do termo municipal de Santa Comba.

1. A intensidade do servizo determinarase, con carácter xeral, en horas mensuais de atención, distribuídas en función das necesidades da persoa usuaria e do informe técnico expresado no artigo 18º.4 deste Regulamento.

2. A intensidade do SAF para as persoas atendidas no marco do sistema de autonomía persoal e atención á dependencia estará predeterminada no seu programa individualizado de atención. A súa aplicación horaria será flexible e conforme ao proxecto de intervención, de maneira que, cando menos, se garanta a cobertura das necesidades de atención de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria.

- Nos restantes casos, a intensidade do servizo virá determinada na prescrición efectuada polos correspondentes servizos sociais municipais .

Artigo 8º- ACTUACIÓNS INCLUÍDAS.

1. De conformidade coa valoración técnica realizada polos servizos sociais no marco do SAF poderán prestarse os seguintes tipos de atención de carácter básico:

a). Atencións de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria, tales como:

- Asistencia para levantarse e deitarse.

- Apoio no coidado e hixiene persoal e así como para vestirse.

- Control do réxime alimentario e axuda, se é o caso, para alimentarse.

- Supervisión cando proceda das rutinas de administración de medicamentos prescritas por facultativos.

- Apoio para cambios posturais, mobilizacións, orientación espacio-temporal.

- Apoio a persoas afectadas por problemas de incontinencia.

b) Atencións de carácter persoal na realización doutras actividades da vida diaria tales como:

- Acompañamentos fóra do fogar, ou xestións necesarias ou urxentes.

c) Atención das necesidades de carácter doméstico e da vivenda tales como:

- Limpeza e mantemento da hixiene e salubridade da vivenda.

- Compra de alimentos e outros productos de uso común.

- Preparación dos alimentos.

- Lavado e coidado das prendas de vestir.

- Coidados básicos da vivenda.

d) Atencións de carácter psicosocial e educativo, intervencións técnico-profesionais formativas e de apoio ao desenvolvemento das capacidades persoais, á afectividade, á convivencia e á integración na comunidade así como á mellora da estructuración familiar.

2.- Poderán integrarse, ademais, dentro do servizo de axuda no fogar, determinadas atencións e actividades que se desenvolvan fóra do marco do domicilio da persoa usuaria, sempre que, de acordo coa prescrición técnica sobre o contido do servizo, incidan de maneira significativa na posibilidade de permanencia no fogar e na mellora da autonomía e da calidade de vida.

3.- En todo caso as atencións prestadas terán un carácter de reforzo e non substitutivo das propias capacidades da persoa usuaria ou doutras persoas do seu contorno inmediato, de maneira que se facilite e promova a súa autonomía.

Artigo 9º- ACTUACIÓNS EXCLUÍDAS.

- Atender a outros membros da familia ou achegados que vivan no mesmo domicilio, cando o usuario do servizo sexa unha persoa en concreto.

- Limpeza da casa que non estea directamente relacionada co servizo personalizado ao usuario, sempre que este non viva só.

- Prestación do servizo fóra das horas estipuladas para cada usuario.

- Ir a buscar ao usuario a un lugar distinto que non sexa o seu domicilio habitual, excepto en casos excepcionais.

- Funcións de carácter sanitario e, en xeral, aquelas que requiran unha formación ou especialización da que carecen os profesionais que prestan o servizo como:

Poñer inxeccións, tomar a tensión, colocar ou quitar sonda, subministrar unha medicación que implique certo grao de coñecemento ou especialización por parte de quen a administre, axudar ao usuario na realización de exercicios específicos de rehabilitación ou mantemento...

-Todas aquelas tarefas que non se axusten ao plan de coidados establecido para cada caso concreto.

CAPITULO III- FORMAS DE PRESTAZÓN DO SERVIZO, PROFESIONAIS QUE INTERVEÑEN E PERSOAS BENEFICIARIAS

Artigo 10º- FORMAS DE PRESTAZÓN DO SERVIZODE AXUDA NO FOGAR.

O SAF prestarase polo Concello de Monfero ou por entidades privadas debidamente autorizadas ou, de ser o caso, acreditadas mediante as diversas modalidades de contratación da xestión de servizos públicos regulados na normativa vixente sobre contratos do sector público.

Artigo 11º- PROFESIONAIS QUE INTERVEÑEN NO SERVIZO.

1- Traballador social.

É o profesional que recibe a demanda, fai o estudo e valoración da situación presentada, deseña o proxecto de intervención adecuado a ela e será responsable do seguimento e avaliación.

As súas funcións e tarefas concretas son:

- Programación, planificación e avaliación xeral do servizo, no marco da programación xeral dos Servizos Sociais Municipais.

- Difusión e información sobre o servizo.

- Detección, estudo e diagnóstico dos casos.

- Formular a proposta de concesión ou denegación do SAF ao órgano competente.

- Definir os obxectivos da intervención, elaborar o plan de coidados, e asignar aos profesionais necesarios.

- Dar a coñecer o servizo ao usuario e acordar o compromiso das partes.

- Información, asignación e supervisión de tarefas das auxiliares de Axuda no Fogar.

- Seguimento e avaliación dos casos atendidos.

- Estimular e favorecer a responsabilidade da familia.

- Formular propostas de ampliación, reducción ou suspensión do servizo se fose necesario.

- Apoio e promoción da formación-reciclaxe do persoal relacionado co servizo.

- Mobilizar recursos alternativos e complementarios.

- Coordinación con outros servizos existentes na zona.

2. Auxiliar de axuda no fogar.

É o profesional que realiza tarefas de carácter asistencial e educativo en contacto directo co usuario do servizo, a súa familia e o seu contorno.

As súas funcións son:

A. Asistenciais, de atención persoal e doméstica.

B. De orientación en actividades da vida cotiá, favorecendo unha normalización no funcionamento do fogar.

C. Educativas, potenciando o individualismo do usuario, non substituíndoo en aquelas tarefas que poida realizar por si mesmo e facilitándolle as canles de comunicación co seu contorno.

D. De colaboración co traballador social na coordinación e avaliación do servizo.

As tarefas a realizar son as relacionadas no artigo 8º do presente Regulamento.

2.1 Procedemento a seguir en caso de cambio de auxiliar.

Os supostos que motivarán o cambio de auxiliar de axuda no fogar serán:

a) Circunstancias fundamentadas na mellora da calidade do servizo: Itinerarios de desprazamentos, tipo de prestación, tarefas, duración do servizo.

b) Petición do beneficiario do SAF solicitando o cambio de persoal auxiliar que presta o dito servizo, xustificándoo convenientemente.

c) Disfrute de períodos vacacionais do persoal auxiliar, períodos de IT e extinción da relación contractual coa entidade prestadora. O procedemento a seguir no caso de cambio de auxiliar é o seguinte:

Nos supostos a) e b) previstos no apartado anterior, emitirase informe do traballador social valorando as circunstancias que motivan o cambio.

Todos os supostos someteranse á resolución do órgano competente e posterior notificación ao usuario e persoal auxiliar. En caso de cambios urxentes ou nos casos en que non haxa tempo de emitir notificación escrita, poderase comunicar telefonicamente.

Artigo 12º- PERSOAS DESTINATARIAS.

1.- O SAF estará aberto a todas as persoas ou unidades de convivencia para as que, de acordo coa valoración técnica correspondente, supoña un recurso idóneo de atención. De xeito particular atenderá a persoas maiores con déficits de autonomía e persoas con discapacidade, especialmente cando carezan de apoio persoal no seu contorno inmediato, así como fogares con menores en que se observe necesidade dunha intervención de carácter socioeducativo. Tamén poderá dar unha resposta preventiva e socializadora a diversas situacións de familias en risco de exclusión social.

2.- En todo caso, darase prioridade no acceso ao servizo ás persoas que teñan un dereito recoñecido de atención dentro do sistema de autonomía e atención á dependencia.

En xeral, cando exista unha situación de desatención social ou familiar avaliada tecnicamente, que xustifique a prestación do servizo.

CAPÍTULO IV- DEREITOS E OBRIGAS DAS PERSOAS DESTINATARIAS E DA ENTIDADE PRESTADORA

Artigo 13º- DEREITOS DAS PERSOAS DESTINATARIAS.

As persoas usuarias do servizo, no marco dos dereitos que con carácter xeral se lle recoñecen na lexislación aplicable sobre servizos sociais e, se é o caso, sobre o procedemento administrativo común, terán dereito:

1. A seren tratados co respecto debido á súa dignidade.

2. A recibiren unha atención adaptada ás súas necesidades, coa calidade e duración prescritas en cada caso.

3. A coñeceren a organización e o Regulamento do servizo.

4. A coñeceren a situación do seu expediente.

5. Ao respecto a súa intimidade e á absoluta confidencialidade dos seus datos, de acordo co disposto na Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, así como de cantos aspectos da súa vida persoal, familiar, económica ou social poidan ser coñecidos como consecuencia da tramitación ou prestación do servizo.

6. A recibiren información precisa e clara sobre as posibles modificacións sobrevidas durante a prestación efectiva do servizo.

7. A presentaren queixas e suxestións ao persoal coordinador do servizo cando expresaren reclamacións ou fixeren suxestións sobre a súa prestación efectiva.

Artigo 14º- OBRIGAS DAS PERSOAS DESTINATARIAS:

As persoas usuarias, no marco dos deberes que con carácter xeral se recollen no artigo 7 da Lei 13/2008 do 3 de decembro de Servizos Sociais de Galicia, terán os seguintes deberes:

- Cumprir coas condicións do servizo, facilitándolle a execución das tarefas do persoal a cargo e poñendo á súa disposición, se é o caso, os materiais necesarios.

- Colaborar, na medida das súas posibilidades, no desenvolvemento do servizo en función das súas capacidades e nos termos acordados en cada caso.

- A facilitar e colaborar no seguimento e avaliación do servizo.

- Respectar a dignidade persoal e profesional das persoas que presten o servizo, así como respectar os límites das súas obrigas laborais.

- Informar dos cambios de calquera circunstancia que impliquen unha modificación na súa capacidade económica, así como de circunstancias relevantes de carácter persoal ou familiar que puidesen dar lugar á modificación, suspensión ou extinción na prestación do servizo.

- Participar no pagamento do servizo nos termos que se establezan na ordenanza municipal reguladora do prezo pola prestación do servizo.

- Comunicar, en circunstancias ordinarias e previsibles, con 10 días de antelación, calquera ausencia temporal do domicilio que puidese impedir a prestación do servizo.

Artigo 15º. DEREITOS DA ENTIDADE PRESTADORA.

- Acceso á vivenda onde se desenvolva o SAF polos profesionais que interveñen no servizo, co obxecto da avaliación, prestación e seguimento do mesmo.

- Requirir a documentación e información necesaria para o desenvolvemento do servizo.

- Realizar as actuacións de comprobación necesarias para o correcto desenvolvemento do servizo.

- Percibir o pagamento que lle corresponde ao usuario pola prestación do servizo.

Artigo16º- OBRIGAS DA ENTIDADE PRESTADORA.

- Prestar o servizo de conformidade co Regulamento Municipal.

- Respectar o prezo do servizo estipulado na ordenanza municipal.

- Tratamento dos datos persoais dos usuarios de conformidade coa Lei 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal.

- Someterse ás inspeccións e ao réxime sancionador vixente en materia de servizos sociais.

- Dispoñer dun expediente individualizado de cada usuario, cos seus datos sociais e sanitarios.

- Ter a disposición dos usuarios un libro de reclamacións.

- Estar debidamente autorizada de conformidade co establecido no Decreto 143/2007 do 12 de xullo, polo que se regula o réxime de autorización e acreditación dos programas e centros de servizos sociais.

CAPÍTULO V- PROCEDEMENTO DE ACCESO

Artigo 17º- REQUISITOS XERAIS PARA ACCEDER AO SERVIZO.

O acceso ao servizo producirase a través dos servizos sociais municipais, de acordo coas seguintes modalidades:

17.1. O acceso será directo para persoas que, tendo recoñecida a situación de dependencia, se lles asigne a axuda no fogar na correspondente resolución do Programa Individual de Atención, ao abeiro ao establecido no Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes, así como na Orde do 17 de decembro de 2007, pola que se establecen os criterios para a elaboración do Programa Individual de Atención, fixación das intensidades de protección de servizos, réxime de incompatibilidades das prestacións e xestión das prestacións económicas.

17.2. Para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia ou non lles asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia segundo o calendario de implantación do sistema que se establece na Lei 39/2006, o acceso ao servizo logo de prescrición técnica favorable dos servizos sociais municipais resolverase en réxime de libre concorrencia de acordo cos criterios establecidos neste Regulamento municipal.

17.3 De igual maneira á expresada no punto anterior procederase nas situacións nas que a problemática principal estea relacionada con aspectos convivenciais e socioeducativos.

17.4 Nos supostos recollidos nos números 2 e 3 deste artigo empregarase o baremo recollido neste Regulamento.

Os requisitos xerais para ser beneficiario do SAF, polo réxime de libre concorrencia, son os seguintes:

- Estar empadroado no municipio.

- Solicitar a prestación do servizo.

- Manifestar a necesidade de dito servizo.

Artigo 18º- TRAMITACIÓN DAS SOLICITUDES.

18.1 No acceso directo ao servizo para as persoas usuarias con dependencia valorada, a resolución relativa ao programa individualizado de atención, terá a consideración de resolución de asignación e incorporación ao servizo.

Neste suposto só terán que presentar a documentación necesaria e que non estea en poder dos servizos sociais municipais.

18.2 No acceso polo réxime de libre concorrencia o procedemento iniciarase por instancia de parte, de conformidade cos principios xerais recollidos na Lei 30/1992 de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións e do Procedemento Administrativo Común.

Cando circunstancias debidamente acreditadas no expediente así o xustifiquen, o procedemento de acceso ao servizo poderá iniciarse de oficio.

Os solicitantes poderán dirixirse aos servizos sociais municipais, onde se lles facilitará o modelo de solicitude normalizada (anexo I), que xunto coa documentación esixida se presentará no Rexistro Xeral do Concello, asinada polo/a solicitante do servizo ou pola persoa que o represente.

Así mesmo, o traballador social proporcionará información personalizada, gratuíta e confidencial relaciona coa demanda do servizo e as súas condicións e, no caso de necesidade, ofrecerá apoio para que tanto a solicitude como a documentación a presentar se realice de forma adecuada.

18.3 Documentación a achegar coa solicitude:

. Fotocopia do DNI do solicitante ou calquera outro documento oficial acreditativo da súa identificación.

. Fotocopia da tarxeta sanitaria.

. Certificado de empadroamento e de convivencia.

. Informe do médico de atención primaria (anexo II) (No caso de altas post-hospitalarias no servizo, será valido o informe de alta hospitalaria cando non transcorran 15 días entre a data do informe e a data da solicitude da alta no servizo)

. Certificado de minusvalía, no seu caso, da persoa solicitante e membros da unidade familiar

. Xustificantes do gasto ocasionado polo aluguer de vivenda habitual.

. Resolución da valoración de grao e nivel de dependencia emitida pola Unidade de Valoración da Dependencia e do Plan Individual de Atención, se é o caso.

. Xustificantes dos ingresos da unidade familiar, entendéndose por tal o solicitante, cónxuxe ou parella de feito, ascendentes ou fillos/as menores de 25 anos ou maiores desta idade en situación de discapacidade que dependesen economicamente do solicitante:

. Certificado de todos os ingresos procedentes de pensións.

. Fotocopia da última declaración da renda, ou no seu defecto, certificado de Facenda de non estar obrigado a declarar.

. Declaración de imposto sobre o patrimonio ou certificado de Economía e Facenda de non estar obrigado a declarar.

. Con carácter excepcional e naqueles casos nos que o solicitante non poida dispoñer da documentación acreditativa anteriormente mencionada, aportarase declaración xurada na que se faga constar a carencia absoluta de rendas familiares ou contías das mesmas, así como de bens patrimoniais.

Respecto das solicitudes con documentación incompleta formuladas por persoas que cumpran con todos os requisitos para solicitar o servizo, os interesados serán requiridos para que no prazo de 10 días subsanen tales deficiencias, con apercibimento de que se non o fixeran, o expediente será arquivado sen máis trámite. Só en casos extraordinarios que requiran unha intervención urxente, especificamente valorados como tales no informe social realizado polos servizos sociais, poderá tramitarse e resolverse unha solicitude na que falte algún dos documentos a emitir polas Administracións Públicas, co compromiso expreso de aportalo no prazo máis breve posible.

18.4. Dende os servizos sociais municipais, o traballador social trala visita efectuada ao domicilio do solicitante do servizo, elaborará un informe social (anexo IV), co carácter de dictame técnico, no que se considerarán todas as circunstancias de necesidade ás que se refire o presente Regulamento, así como a aplicación do baremo contido no mesmo (anexo III) e a elaboración do proxecto de intervención (anexo V).

18.5. O informe social que os servizos sociais municipais emitirán, en relación con cada unha das solicitudes, deberá conter:

- Valoración da situación persoal, socio-económica e familiar.

- Puntuación obtida tras a aplicación do baremo.

- Proposta de resolución, que no caso de ser favorable á demanda, deberá incluír o plan de coidados e a achega económica do usuario.

18.6. A Alcaldía ou concelleiro delegado á vista das solicitudes e da valoración técnica emitida, resolverá cada unha delas. A resolución deberá producirse no prazo máximo de dous meses dende a data de entrada da solicitude no Rexistro Municipal, o dito prazo suspenderase cando se requira a subsanación das solicitudes polo tempo que medie entre a notificación e o seu cumprimento ou, no seu defecto, o transcurso do prazo concedido e no resto dos supostos previstos no artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, que resulten de aplicación.

Transcorrido o prazo previsto no apartado anterior sen que se adoptara resolución expresa e sen prexuízo da obriga de resolver, poderase entender desestimada a solicitude a efectos de permitir ao interesado a interposición do recurso potestativo de reposición ou contencioso administrativo.

En caso de resolución positiva, a mesma terá a consideración de orde de alta no servizo, será necesaria a sinatura de acordo de servizo (anexo VI) entre o usuario e a entidade prestadora. Se non existira dispoñibilidade, a solicitude pasará a integrar a lista de espera nunha orde de prioridade que virá determinada pola puntuación que obtivera na aplicación do baremo elaborado para a concesión do servizo.

A resolución da Alcaldía incluirá, no caso de ser favorable, indicación expresa do número de horas a prestar, relación de tarefas que se levarán a cabo e a porcentaxe do custo que deberá pagar o solicitante. Se se trata de resolución desfavorable, a resolución deberá indicar expresamente as circunstancias ou incumprimentos que determinan a mesma.

En todo caso, a resolución da Alcaldía será comunicada ao usuario, segundo o establecido na Lei 30/1992 de 26 de novembro.

Artigo 19º- SOBRE O TRÁMITE DE URXENCIA.

Mediante resolución motivada do alcalde ou do membro da Corporación responsable en materia de servizos sociais poderase iniciar de oficio a prestación do servizo de maneira inmediata, por proposta do servizos sociais municipais e sen prexuízo da posterior instrucción do correspondente expediente.

A súa xustificación estará motivada por:

- Presentarse a necesidade de forma imprevista.

- Situacións de alto risco.

- Enfermidade grave (se o beneficiario non ten familiares).

- O falecemento do cónxuxe ou doutra persoa que se estea facendo cargo do beneficiario.

- Outras causas semellantes.

O procedemento de urxencia terá validez só mentres se manteña a situación desencadeante. A desaparición desta levará consigo a extinción do SAF, e se é o caso pasará á lista de espera.

Artigo 20º- SEGUIMENTO DO SERVIZO.

O traballador social garantirá unha supervisión do servizo efectivamente prestado, que será realizada sempre que as circunstancias a fagan necesaria e, como mínimo, cunha periodicidade de dous meses. Da supervisión realizada quedará constancia no correspondente expediente individual. Mediante esta supervisión revisarase e axustarase, se fose o caso, ao contido das prestacións expresado no proxecto de intervención e no acordo do servizo.

CAPÍTULO VI- SUSPENSIÓN E EXTINCIÓN DO SERVIZO

Artigo 21º- CAUSAS DE SUSPENSIÓN TEMPORAL DO SAF.

Son causa de suspensión temporal do servizo, previo informe razoado do persoal técnico coordinador do servizo, que deberá incorporarse ao expediente persoal, as que seguen:

- A ausencia da persoa titular no domicilio habitual por un período inferior a tres meses, debendo acreditar a persoa usuaria as causas que motivan a súa ausencia.

- Modificación temporal das causas que motivaron a necesidade do servizo: Poderá suspenderse o servizo en tanto persista o cambio de circunstancias causantes da suspensión, coa excepción das prazas vinculadas a un dereito exercido dentro do sistema de autonomía e atención á dependencia, suposto no que se estará ao disposto na normativa reguladora.

Artigo 22º- CAUSAS DE EXTINCIÓN E MODIFICACIÓN DO SAF.

1.- Son causas de extinción do SAF as seguintes:

- O cambio do Programa Individual de Atención ou do Proxecto de Intervención que implique o cambio de asignación de recurso e a súa incompatibilidade co SAF

- O falecemento da persoa usuaria.

- O traslado definitivo da súa residencia fóra do termo municipal.

- A renuncia da persoa usuaria.

- Incumprimento reiterado dos deberes e obrigas establecidas para as persoas usuarias na prestación do servizo.

- Ingreso con carácter definitivo en centro residencial.

- A falta do pagamento de dúas mensualidades do servizo.

- A desaparición das causas que deron orixe á concesión do servizo.

2.- Ademais, con carácter xeral, a alteración das circunstancias tidas en conta para a concesión do servizo poderá dar lugar á modificación das condicións de prestación nas que fora concedido inicialmente. Os cambios de circunstancias, en calquera caso, deberán substanciarse no expediente individual mediante un novo informe social.

3.- Cando se trate dun servizo axuda no fogar asignado a persoas en situación de dependencia na correspondente resolución do Programa Individual de Atención, consonte o establecido no Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes, a incoación, por parte da entidade titular do servizo, dun expediente de extinción ou modificación das condicións de prestación do servizo deberá notificarse en todo caso ao órgano competente para dictar resolución de Programa Individual de Atención.

CAPÍTULO VII- PREZO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO

Artigo 23º- PREZO DO SERVIZO.

O prezo do servizo estará regulado pola "ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE MONFERO".

Artigo 24º- DETERMINACIÓN DA CAPACIDADE ECONÓMICA DAS PERSOAS DESTINATARIAS DO SERVIZO.

a) Para os efectos de este artigo considérase persoa usuaria aquela para a cal se solicite o servizo. No caso de intervención con familias, entenderase como persoa usuaria un dos membros adultos da unidade de convivencia responsables dos menores que formen parte de ela.

b) A capacidade económica das persoas usuarias do SAF calcularase en función á súa renda, e se é o caso, ao seu patrimonio. Teranse en conta, ademais as persoas convivintes economicamente dependentes, de acordo co establecido nos parágrafos seguintes:

c) A renda valorarase atendendo aos ingresos netos que se perciban, que comprenderán os rendementos de traballo, incluídas pensións e prestacións de previsión social calquera que sexa o seu réxime; os rendementos de capital mobiliario e inmobiliario; os rendementos de actividades económicas e as ganancias e perdas patrimoniais.

d) Para o cómputo do patrimonio estarase ao disposto na normativa fiscal en vigor sobre patrimonio, entendéndose por tal o conxunto de bens e dereitos de contido económico de que sexa titular a persoa usuaria do servizo, con deducción das cargas e gravames que diminúan o seu valor, e así como das débedas e obrigas persoais das que deba de responder. Considéranse exentos do cómputo a vivenda habitual na que se preste o servizo e os bens e dereitos cualificados como exentos na normativa aplicable sobre o imposto do patrimonio. Nos supostos de cotitularidade, só se terá en consideración a porcentaxe correspondente á propiedade do beneficiario.

e) No caso de que a persoa usuaria tivese cónxuxe ou parella de feito, as rendas de ambos os dous terán a consideración de rendas computables, entendéndose neste caso por renda persoal a metade da suma dos ingresos de ambos os dous membros da parella.

f) A capacidade económica por razón de renda determinarase dividindo a renda ou rendas computables, de acordo co número anterior, entre a suma dos seguintes convivintes: O perceptor ou perceptores de rendas computadas e, se é o caso, o cónxuxe e os ascendentes ou fillos/as menores de 25 anos, ou maiores desta idade en situación de discapacidade, que dependesen economicamente dos citados perceptores.

g) A capacidade económica resultante será a correspondente á renda da persoa usuaria, calculada de acordo cos apartados anteriores, modificada á alza, se fose o caso, pola suma dun 5% do valor do patrimonio neto que supere o mínimo exento para a realización da declaración do imposto sobre o patrimonio en vigor a partir dos 65 anos de idade, dun 3% dos 35 aos 65 anos e dun 1% aos menores de 35 anos.

h) Para o cómputo da renda ou do patrimonio teranse en conta os datos correspondentes á última declaración fiscal dispoñible ou pensión coñecida.

Artigo 25º- PARTICIPACIÓN DAS PERSOAS DESTINATARIAS NO FINANCIAMENTO DO SERVIZO.

1.- No caso de que a capacidade económica mensual da persoa usuaria sexa igual ou inferior ao IPREM en vigor quedará exenta da obriga de participar no custo do servizo.

2. Para o resto dos supostos este concello establece unha regulación do copagamento do servizo en base a seguinte escala:

RENDA PER CÁPITA INGRESOS EN RELACIÓN AO IPREM	COPAGO (% custo hora)
Menor ou igual ao 100% do IPREM	Acceso gratuíto
Máis do 100% e ata o 150%	10%
Máis do 150% ata 200%	15%
Máis do 200% ata 300%	20%
Máis do 300% ata 400%	50%
Máis do 400% ata 500%	60%
Máis do 500%	65%

3.- Sen prexuízo do establecido no punto anterior, poderán contemplarse excepcións aos criterios xerais nos casos nos que a problemática principal atendida sexa relativa á desestructuración familiar e se procure a protección e integración social de menores de idade ou maiores en risco de exclusión, mediante resolución motivada do órgano competente para acordar a concesión do servizo, da que en todo caso deberá deixarse constancia no correspondente expediente.

Artigo 26º- FORMA DE PAGAMENTO.

- A obriga do pagamento nace desde que se inicia a prestación do servizo.

- As liquidacións correspondentes aprobaranse pola Alcaldía e practicaranse nos primeiros quince días naturais do mes seguinte á prestación do SAF, na entidade bancaria que a persoa usuaria establecera para tal efecto.

- A Traballadora Social remitirá á Alcaldía, nos cinco primeiros días naturais de dito mes, relación mensual dos usuarios do mes anterior, con especificación dos datos necesarios para a liquidación do prezo público que corresponda.

CAPÍTULO VIII- PROTOCOLO DE ACTUACIÓN NO CASO DE QUEIXA NO LIBRO DE RECLAMACIÓNS

Artigo 27º- PROCEDEMENTO DE RECLAMACIÓNS.

O libro de reclamacións estará a disposición dos usuarios no Departamento de Servizos Sociais do Concello de Monfero.

Presentada a reclamación, entregaráselle unha copia ao usuario, outra para a entidade prestadora e outra remitirase ao Servizo de Inspección correspondente da Xunta de Galicia.

A avaliación da reclamación realizaraa o responsable / superior da entidade prestadora, previas as actuacións e informes que estime procedentes.

De considerarse procedente, analizarase a necesidade de tomar medidas que solucionen o problema ao reclamante.

De non considerarse procedente, informarase ao reclamante da improcedencia, debidamente motivada.

En ambos os dous supostos, o órgano competente para resolver dará traslado da resolución que recaia ao reclamante e ao Servizo de Inspección correspondente da Xunta de Galicia.

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS.

Primeira.- Facúltase aos servizos sociais municipais, previo informe ao concelleiro delegado e/ou Alcaldía para resolver aquelas cuestións que relacionadas co SAF poidan presentarse, e que non estean recollidas expresamente no presente Regulamento.

Segunda.- Anualmente os servizos sociais municipais realizarán a revisión da situación económica dos usuarios, para os efectos de determinar as posibles variacións na porcentaxe de participación dos mesmos, no financiamento do servizo.

Deste extremo darase conta á Xunta de Goberno Local, quen a proposta da Alcaldía, determinará e actualizará, no seu caso, o prezo do servizo. O que será comunicado, xunto coa nova aportación que disto se derive, se é o caso, a cada usuario.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Queda derrogada a Ordenanza Reguladora do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Monfero, publicado no BOP de A Coruña nº 295 publicado o 27 de decembro do ano 2000.

DISPOSICIÓN FINAL

O presente Regulamento surtirá efectos a partir da data da súa publicación íntegra no BOP e manterá a súa vixencia ata que se aprobe a súa modificación ou derrogación.

Monfero, 1 de outubro de 2010.

O alcalde,

Asdo.: Andrés Feal varela.

ÍNDICE DE ANEXOS.

I. SOLICITUDE DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

II. INFORME MÉDICO.

III. BAREMO PARA DETERMINAR A SIGNACIÓN DO SAF EN RÉXIME DE LIBRE CONCORRENCIA.

IV. INFORME SOCIAL.

V. PROXECTO DE INTERVENCIÓN.

VI. ACORDO DE SERVIZO.

VII. RENUNCIA Á SOLICITUDE.

VIII. RENUNCIA AO SERVIZO.

IX. AUTORIZACIÓN PARA A DOMICILIACIÓN BANCARIA DO CUSTO DO SAF.

X. SEGUEMENTO DO SAF

ANEXO I

SOLICITUDE DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

1.- DATOS DO SOLICITANTE

NIF	APELIDOS E NOME			
ENDEREZO		Nº	PISO	LOCALIDADE
MUNICIPIO	C.P.	TLF.	SEXO	HOME ☐ MULLER ☐
DATA DE NACEMENTO	LUGAR	NACIONALIDADE	E.C.	

2.- DATOS DO REPRESENTANTE LEGAL

NIF	APELIDOS E NOME			
ENDEREZO		Nº	PISO	LOCALIDADE
MUNICIPIO	C.P.	TLF.	SEXO	HOME ☐ MULLER ☐
RELACIÓN CO SOLICITANTE / TÍTULO DE REPRESENTACIÓN				

SOLICITA:

Que previos os trámites e informes reglamentarios, lle sexa concedido o Servicio de Axuda a Domicilio coas seguintes prestacións

3.- TIPO DE AXUDA QUE SOLICITA

☐ Limpeza do fogar	☐ Preparación alimentos	☐ Xestións varias
☐ Lavado / pranchado roupa	☐ Aseo persoal	☐ Tarefas psicosociais
☐ Apoio mobilizacións	☐ Compras domésticas	☐ Seguemento medicación
☐ Outras...		

Así mesmo, manifesto que:

· Non percibo outros servicios ou prestacións de análogo contido ou finalidade.

· Quedo enterado/a da obriga de comunicar ó Concello calquera variación nos datos declarados que poidan producirse de agora en diante.

· Acepto a posibilidade de contribuír economicamente, si así resultase da aplicación , no meu caso, da normativa local vixente.

· No caso de ser petición urxente, o solicitante deberá presentar a documentación nos 10 días seguintes á petición.

· Acepta o rexistro dos seus datos na Base de Datos Municipal do S.A.D.

Monfero, de de 20

Asdo:

ANEXO II

INFORME MÉDICO

Recoñecemento efectuado polo Doutor/a D./Dª .....

Colexiado/a nº ..... Médico de .....

Localidade ..... Tfno .....

INFORMA:

Que recoñecido/a D./D.ª .....

Padece enfermidade infecto – contaxiosa: SI ☐ NON ☐

En caso afirmativo indicar cal: .....

Diagnóstico, e coidados que precisa: .....

.....

.....

.....

Datos sanitarios de interese (antecedentes clínicos, alerxias medicamentos, dieta alimenticia, etc):

.....

.....

.....

.....

.....

.....

Observacións:

Monfero, de de 20

Sinatura e Selo

ANEXO III

BAREMO PARA DETERMINAR A ASIGNACIÓN DO SERVIZO DEAXUDA NO FOGAR EN RÉXIME DE LIBRE CONCORRENCIA

FACTOR1: Autonomía Persoal (máximo total 40 puntos)

O valor asignado en función da falta de autonomía das persoas será o que se deduza da valoración realizada polos órganos oficiais competentes para a valoración da discapacidade e do grao de dependencia.

As persoas dependentes valoradas que, polo calendario oficial de implantación, teñan dereito á prestación pola vía de acceso directo do sistema da dependencia (PIA con posible asignación de servizos de axuda no fogar), non poderán acceder polo sistema de libre concorrencia.

A asignación de valor en función do factor "autonomía persoal" realizarase de acordo coa seguinte táboa:

TABOA DE EQUIVALENCIAS PARA A VALORACIÓN DO NIVEL DE AUTONOMÍA PERSOAL									
De 33% a 64% de discapacidade	De 65% a 74% de discapacidade	75% - 100%		81% - 87%		88% - 93%		94% - 100%	Grao de discapacidade en menores de 18 anos se valoración da ATP ou BVD.
		75% - 100% discapacidade ata 14 pts. ATP		75% - 100% discapacidade e 15-29 pts ATP		75% - 100% discapacidade e 30 – 44 pts ATP		75% - 100% discapacidade e 45 – 72 pts ATP	Grao de discapacidade + ATP (R.D. 1971/1999)
		75% discapacidade e ata 24 pts BVD	25-39 pts BVD	40-49 pts BVD	50-64 pts BVD	65-74 pts BVD	75-89 pts BVD	90-100 pts BVD	Grao de discapacidade + ATP. Puntuación BVD (R.D. 504/2007)
			Grao I nivel 1	Grao I nivel 2	Grao II nivel 1	Grao II nivel 2	Grao III nivel 1	Grao III nivel 2	Situación de Dependencia (Decreto 176/2007)
5 puntos	10 puntos	14 puntos	20 puntos	24 puntos	30 puntos	32 puntos	38 puntos	40 puntos	Puntuación nivel de autonomía persoal

TOTAL PUNTOS AUTONOMÍA PERSOAL	PUNTOS:

FACTOR-2: APOIO SOCIAL (máximo total 20 puntos) Puntos

A persoa vive soa e carece de familiares e/ou redes distintas de apoio (20 puntos)	
A persoa vive soa, carece de familiares e só ten apoio do contorno veciñal ou outras redes (18 puntos)	
A persoa convive con persoa sen capacidade para atendelo (ata 12 puntos):	
Cunha persoa maior de 70 anos (3 puntos)	
Cunha persoa con discapacidade ou dependencia (3 puntos)	
Cunha persoa que carece de tempo (3 puntos)	
Con incapacidade para organizarse (3 puntos)	
Os familiares néganse a atendelo/a aínda que teñan posibilidades (8 puntos)	
Vive só/soa pero hai familiares con posibilidade de atendelos no mesmo concello ou a menos de 20 km (5 puntos)	
Está ben atendido (0 puntos)	

Puntos

Total puntos apoio social	

FACTOR-3: SITUACIÓN FAMILIAR/SOCIALIZACIÓN MENORES (máximo total 20 puntos)

3.1. Conflito (máximo total 4 puntos) Puntos

Cun membro xerador de conflicto de nivel moderado (1 punto)	
Cun membro xerador de conflicto de nivel grave (2 puntos)	
Con máis dun membro xerador de conflicto de nivel moderado (3 puntos)	
Con máis dun membro xerador de conflicto de nivel grave (4 puntos)	

3.2. Limitacións de rol (máximo total 2 puntos) Puntos

Familias nas que ambos proxenitores ou titores teñan importantes limitacións físicas ou psíquicas para proporcionar unha axeitada atencións aos menores (2 puntos)	

3.3. Monoparentalidade (máximo total 2 puntos) Puntos

Familias monoparentais que por distintas circunstancias (saúde, traballo, idade avanzada...) non poidan atender aos menores (2 puntos)	

3.4. Habilidades parentais (máximo total 2 puntos)

	Puntos
Familias con escasas habilidades parentais (carencia de hábitos alimenticios, aseo persoal, administracións do orzamento, ausencia de roles, organización...) (2 puntos)	

3.5. Número de menores (máximo total 10 puntos)

	Puntos
Un menor (3 puntos)	
Dous menores (5 puntos)	
Tres menores (7 puntos)	
Catro ou máis menores (10 puntos)	

	Puntos
Total puntos situación familiar/socialización menores	

FACTOR-4: OUTROS ASPECTOS SOCIAIS (máximo total 20 puntos)

4.1. Vivenda (total 10 puntos)

	Puntos
Non hai luz eléctrica (1 punto)	
Non hai auga corrente (1 punto)	
Non posúe WC (1 punto)	
Non posúe cuarto de baño completo (1 punto)	
Non ten neveira (1 punto)	
Non ten quentador (1 punto)	
Non ten lavadora (1 punto)	
Non reúne condicións mínimas de hixiene/habitabilidade (1 punto)	
Existen barreiras arquitectónicas no interior da vivenda (1 punto)	
Existen barreiras arquitectónicas no exterior da vivenda (1 punto)	

4.2. Integración no contorno (total 10 puntos)

	Puntos
Situación de illamento ou de rexeitamento (10 puntos)	
Ausencia de relacións sociais (6 puntos)	
Existen escasas relacións coas persoas do contorno (4 puntos)	
Integración axeitada no contorno (0 puntos)	

	Puntos
Total puntos outros aspectos sociais	

	Puntos
TOTAL XERAL	

Factor 5. BAREMO SITUACIÓN ECONÓMICA (máximo total 40 puntos)

DESCRIPCIÓN	PUNTOS
≤ ó 100% do IPREM	40
> ó 100% ata o 200%	30
> ó 200% ata o 300%	20
> ó 300% ata o 400%	10
> ó 400% ata o 500%	05
> ó 500%	0

PUNTOS SITUACIÓN ECONÓMICA: _____

TOTAL XERAL: _____

ANEXO IV

INFORME SOCIAL

1.- DATOS DE IDENTIFICACIÓN DO EXPEDIENTE

EXPEDIENTE	INTERVENCIÓN Nº	DATA DE SOLICITUDE	DATA DE INICIO
SECTOR DE REFERENCIA	AMBITO DE ATENCIÓN	Nº TOTAL USUARIOS	

2.- DATOS DO SOLICITANTE

NIF.	APELIDOS E NOME			
ENDEREZO	NUMERO	PISO	LOCALIDADE	
MUNICIPIO	C.P.	TLF.	SEXO:	M
				H
DATA DE NACEMENTO	LUGAR	NACIONALIDADE	ESTADO CIVIL	

3.- DATOS SOCIO-FAMILIARES

VIVE SÓ		VIVE ACOMPAÑADO	

Unidade de convivencia:

APELIDOS E NOME	PARENTESCO	IDADE	E.CIVIL	PROFESIÓN

Outros familiares:

APELIDOS E NOME	PARENTESCO	IDADE	E.CIVIL	PROFESIÓN

4 .- DATOS ECONÓMICOS DA UNIDADE FAMILIAR

CONCEPTO	SOLICITANTE	CÓNXUXE OU RELACION DE ANÁLOGA NATUREZA	ASCENDENTES E/OU DESCENDENTES <25 ANOS, OU DISCAPACITADOS >25
Rendas de traballo, prestacións ou pensión			
ingresos por outras actividades			
Ingresos por capital mobiliario			
Pagares, letras do tesoro, bonos, ...			
Accións, dividendos,etc			
Intereses bancarios			
Ingresos por capital inmobiliario			
Rendas de aluguer de vivenda, fincas, etc			
Outros (especificar)			
TOTAL DE INGRESOS DA UNIDADE FAMILIAR			
INGRESOS MENSUAIS		COSTE DO SERVIZO Ó MES	

5.- CARACTERÍSTICAS DA VIVENDA

SITUACIÓN		RÉXIMEN DE TENZA		BARREIRAS	
RURAL		PROPIA		DENTRO DA VIVENDA	
CÉNTRICA		ALUGUER		FORA DA VIVENDA	
ILLADA		ACOLLIDA		INEXISTENTES	
		CEDIDA EN USO		OUTROS	

Equipamentos (dispón de)

	si	non		si	non		si	non
Electricidade			Baño			Figorífico		
Gas butano			Ducha			Teléfono		
Auga corrente			Só Wc			Televisión		
Auga quente			Calefacción			Lavavaixelas		
Ascensor						Lavadora		

6.- PROPOSTA DO TRABALLADOR SOCIAL

Diagnóstico Social

Proposta de atención domiciliaria:

NEGATIVA		CAUSAS:	
POSITIVA		PUNTUACION	

Monfero, de de 20

A Traballadora Social

Asdo:

Nº Colexiación:

ANEXO V

PROXECTO DE INTERVENCIÓN

1.-Datos de Identificación do Expediente

Expediente	Intervención	Data de solicitude	Data de Inicio

Sector de Referencia	Ámbito de Atención	Nº Total de Usuarios

Nome e Apelidos	Data de Nacemento	DNI	Sexo	Estado Civil

Proxecto	Data do Proxecto	Data Fin de Proxecto

Antecedentes relevantes:

2.-Atencións a prestar:

☐ Atencións de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria

☐ Atencións de carácter persoal na realización doutras actividades da vida diaria

☐ Atencións das necesidades de carácter doméstico e da vivenda

☐ Atencións de carácter psicosocial e educativo

☐ Atencións de carácter complementario ao servizo de axuda no fogar

☐ Actividades de acompañamento, socialización, e desenvolvemento de hábitos saudables

Outras Especificar:

Días da semana

Horario	L	M	X	J	V	S	D	Horas semanais	Aportación usuario
Mañá									
Mediodía									
Tarde									

Tipo de servizo a prestar:

☐ Atencións domésticas

☐ Actividades de acompañamento

☐ Coidados de atención persoal

☐ Acondicionamento da vivenda

☐ Teleasistencia

☐ Apoio social e educativo

☐ Apoio na estructuración familiar e dinámica relacional

☐ Apoio de carácter socioeconómico

☐ Eliminación de barreiras

☐ Outros

Perfil dos/as profesionais:

Outros servizos:

3.-Existencia doutros Servizos/Apoios prestados a Domicilio

Existencia:

Servizos/apoios:

Nº de horas semanais:

4.- Obxectivos Específicos e Tarefas que se propoñen

☐ Mellorar a calidade de vida das persoas usuarias

☐ Posibilitar a permanencia das persoas no seu contorno de convivencia

☐ Favorecer e potenciar a autonomía persoal no propio domicilio

☐ Manter, mellorar e recuperar as redes de relación familiar e social

☐ Previr situacións de dependencia ou exclusión social

☐ Retardar ou evitar a institucionalización

Tarefas a realizar:

AT. DOMÉSTICAS	A. PERSOAIS	EXTERNAS	OUTRAS
☐ Limpeza fogar	☐ Levantarse / deitarse	☐ Xestións	☐ Respiro familiar
☐ Lavado roupa	☐ Vestirse / espirse	☐ Médico	☐ Psicosocial
☐ Pranchado e cosido	☐ Aseo persoal	☐ Recetas	☐ Socioeducativo
☐ Elaboración comida	☐ Baño / ducha	☐ Centro saúde	☐ Apoio rel. famil.
☐ Compras	☐ Atención encamado	☐ Paseos	
	☐ Comer / beber		
	☐ Moverse na cama		
	☐ Control medicación		
	☐ Control alimentación		

5.-Periodicidade do Seguimento (mínimo bimensual)

Observacións

Monfero, de de 20

A Traballadora Social

Asdo:

Nº Colexiación:

ANEXO VI

ACORDO DO SERVIZO

Reunidos en Monfero o día ..... dunha parte Don/a ..... con DNI: .....

E doutra ....., en calidade de Técnico responsable do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Monfero

ACORDAN:

1. Que o Concello de Monfero, prestará o Servizo de Axuda no Fogar, á persoa arriba indicada dende o día ..... do ..... de .....

2. Que a prestación do SAF se realizará por un prazo de ....., con posibilidade de prórroga segundo a valoración técnica do Departamento de Servizos Sociais da entidade prestadora acreditada.

3. Que o SAF se levará a cabo os días da semana ....., en horario de ....; por un total de ..... horas semanais.

4. Que atendendo á Orde do 22 de Xaneiro de 2009 que regula o Servizo de Axuda no Fogar , a Ordenanza Fiscal municipal que regula as taxas do SAF, e a aplicación do baremo corresponde, a persoa usuaria comprométese a aportar ..... euros mensuais como contribución ao custo do servizo.

5. Que a persoa usuaria acepta domiciliar o aboamento da taxa do Servizo do SAF establecido no punto 4º, na entidade bancaria da súa elección, no número de conta autorizada para tal efecto.

6. Que, de acordo co proxecto de intervención establecido para o caso, as actividades que se fixan inicialmente para o desenvolvemento do SAF son as seguintes:

☐ Atencións de carácter persoal

☐ Atencións de carácter de apoio psicosocial

☐ Atencións de carácter doméstico

☐ Atencións de carácter socioeducativo

☐ Atencións de carácter técnico e complementario

7. Que as tarefas que se fixan inicialmente para o desenvolvemento do SAF, e que serán levadas a cabo polo persoal auxiliar do servizo serán as seguintes: ....

8. Que, así mesmo, a persoa usuaria, a súa familia ou persoas achegadas se comprometen a levar a cao as seguintes tarefas:

....

9. Que as modificacións que puidese haber nas condicións inicialmente estipuladas neste acordo, deberán ser recollidas nun documento novo asinado pola persoa usuaria e a persoa responsable do SAF, sendo anexadas ao acordo orixinal.

10. Que o servizo se prestará atendendo ás condicións reguladas na Ordenanza Municipal sobre o mesmo, onde están recollidos os dereitos e obrigas da persoa usuaria, baixas temporais e causas de extinción.

Ambas partes dan a súa conformidade ó presente acordo de prestación do SAF, e asínano.

Monfero, de de 20

A persoa usuaria O técnico responsable

ANEXO VII

RENUNCIA Á SOLICITUDE

Nº DE EXPEDIENTE .....

D/Dª .....

DNI ..... Data de nacemento: .....

Domicilio .....

EXPOÑO:

Que solicitei o Servizo de Axuda no Fogar, no departamento de Servizos Sociais deste Concello con data ....., e non estou interesado no mesmo.

Renuncio á mencionada solicitude, poñéndoo en coñecemento deste Departamento.

SOLICITO:

Que se proceda a arquivar dita solicitude.

Monfero, de de 20

Asdo.:

ANEXO VIII

RENUNCIA AO SERVIZO

D/D.ª .....

DNI ..... Data de nacemento: .....

Domicilio: .....

Nº EXPEDIENTE: .....

EXPOÑO:

Que son beneficiario/a do Servizo de Axuda no Fogar dende ..... ata a data, e non estou interesado/a en seguir beneficiándome do mencionado servizo, poñéndoo en coñecemento do departamento de Servizos Sociais.

SOLICITO:

Que se acepte a renuncia ao servizo e se arquive o expediente.

Monfero, de de 20

Asdo.:

DOCUMENTACIÓN – SOLICITUDE SERVIZO AXUDA NO FOGAR

☐ Fotocopia do DNI do solicitante ou calquera outro documento oficial acreditativo da súa identificación.

☐ Tarxeta da Seguridade Social

☐ Certificado de residencia e convivencia

☐ Informes médicos segundo o modelo que se facilitará no Departamento de Servizos Sociais

☐ Xustificante de ingresos do solicitante e do cónxuxe ou parella de feito: declaración da renda ou certificado de imputacións, xustificantes de pensións, prestacións, ou rendas de traballo (INEM, INSS, nómina etc) alugueres, certificados de rendementos do capital mobiliario, recibos catastrais.....)

☐ Solicitude de Domiciliación Bancaria

☐ A persoa beneficiaria asinara un documento no que se compromete a autorizar o acceso a súa vivenda ao persoal que presta o servizo

☐ Contrato de aluguer, se é o caso.

☐ Se poderá solicitar os interesados a aportación doutros documentos distintos dos anteriomente enumerados, a efectos de constatar se reúne as condicións esixidas para ser beneficiario da prestación solicitada. En calquera caso, o concello non disporá desta documentación para fins distintos dos concernentes ó Servizo de Axuda no Fogar.

ANEXO IX

AUTORIZACIÓN PARA A DOMICILIACIÓN BANCARIA DO CUSTO DO SAF

Polo presente escrito AUTORIZO ao Concello de Monfero para que faga efectivo o importe dos vencementos periódicos ordinarios que se produzan a partir da data de entrega deste documento, do recibo dos datos que se especifican no apartado A, con cargo á conta que se indica no apartado B, da que son titular eu representante del. A xestión da domiciliación levarase a cabo nos termos establecidos polo Concello, e que acepto expresamente.

A) DATOS DO RECIBO A DOMICILIAR:

Concello de Monfero
Concepto: Prestación do Servizo de Axuda no Fogar
NIF: P1505100F

B) DATOS DA CONTA DE CARGO:

APELIDOS E NOME DO TITULAR																			NIF:		
APELIDOS E NOME DO REPRESENTANTE (DE SER O CASO)																			NIF:		
DOMICILIO:																			CÓDIGO POSTAL		
MUNICIPIO:																			PROVINCIA:		
TELÉFONO 1:								TELÉFONO 2:													
ENTIDADE				SUCURSAL				DC		Nº DE CONTA											

Monfero, de de 20

(Sinatura do titular da conta ou do seu representante)

X. SEGUEMENTO DO SAF

1.-Datos de Identificación do Expediente

Expediente	Intervención	Data de solicitude	Data de Inicio

Sector de Referencia	Ámbito de Atención	Nº Total de Usuarios

Nome e Apelidos	Data de Nacemento	DNI	Sexo	Estado Civil

2.-Tipo de seguimento:

3.- Valoración do servizo de axuda a domicilio prestado

Informacións emitidas polo persoal de Atención

Actitude de/dos usuarios

Observacións nas execucións da axuda no fogar

4.- Proposta de modificación do servizo a prestar

Cambio no Servizo	Si	
	Non	

Tipo de Cambio	Causas	Proposta

Proxecto Novo
☐ SI
☐ NON

Proposta do SAF		
	1.- Continuidade	
	2.- Suspensión	
	3.- Motivo da Baixa	

Data da próxima revisión:

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MUGARDOS

Adxudicación provisional da obra de "Abastecemento de auga nos lugares de O Monte e Igrexa-Fonte e saneamento de augas residuais no Galiñeiro e no Vilar" incluída no PCC anualidade 2010 da Deputación Provincial

A N U N C I O

ADXUDICACION PROVISIONAL DE OBRAS

De acordo co establecido no prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento negociado das obras que figuran deseguido, comprendidas no P.C.C. Anualidade 2010 da Exma. Deputación Provincial de A Coruña, a través do presente anuncio dase conta da adxudicación provisional acordadas por este Concello en sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local realizada o día 07.10.2010:

Obra: "ABASTECEMENTO DE AUGA NOS LUGARES DE O MONTE E IGREXA-FONTE E SANEAMENTO DE AUGAS RESIDUAIS NO GALIÑEIRO E NO VILAR"

Empresa adxudicataria provisionalmente: CONSTRUCCIONES GONZÁLEZ GONZÁLEZ S.L

Importe adxudicación:

A) Prezo sen I.V.E.: 91.909,53 €

B) I.V.E.: 16.543,72 €

C) Total (A + B): 108.453 €

Mugardos, 8 DE OUTUBRO DE 2010

O ALCALDE

Asdo. XOSÉ FERNÁNDEZ BARCIA

2010/14721

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MUROS

Inicio procedemento sancionador por infraccións de tráfico

EDICTO DE NOTIFICACIÓN

Inicio procedemento sancionador por infraccións de tráfico.

En cumprimento do artigo 59.5 da Lei 30/92, de 26 de novembro do réxime xurídico das administración públicas e do procedemento administrativo común e sendo devoltas polo servicio de correos as notificacións de inicio de expediente sancionador por infraccións de tráfico, comunícolle que a Alcaldía do Concello dictou a seguinte RESOLUCIÓN:

1.- Iniciar procedemento sancionador por presunta infracción en materia de de tráfico contra:

Dn/a. COELHO AMO ALBERTO (expt. 161/10), conductor do vehículo MERCEDES 350 matrícula 7082-FCG, por infracción o artigo 94.2 do Regulamento Xeral de Circulación por ESTACIONAR ENRIBA DA BEIRARRÚA, sancionable con multa de 90,00 €.

2.- Concederlle un prazo de quince días para que alegue o que considere oportuno na súa defensa e propoña as probas que estime oportunas.

3.- Comunicarlle que o importe da sanción, reducirase nun 50% si realiza o pago dentro dos quince días seguintes á notificación da denuncia, con excepción das infraccións á Lei 30/1995, do 8 de novembro do Seguro Obligatorio de Automóbiles.

Muros, 28 de setembro de 2010

O SECRETARIO DA CORPORACIÓN

Asdo./ José Manuel González García

2010/14512

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MUROS

Exposición pública da conta xeral do exercicio 2009

Formulada e rendida a conta xeral do orzamento desta Corporación correspondente ao exercicio 2009, e informada pola Comisión Especial de Contas, exponse ao público cos documentos que a xustifican, na Intervención deste Concello, por espacio de quince días, contados a partir do seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, co obxecto de que os interesados poidan examinala e formular por escrito os reparos e observacións que estimen pertinentes durante dito prazo de exposición e oito días máis, de conformidade co que determina o artigo 212.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Muros, 7 de outubro de 2010.

O ALCALDE

Asdo.: Domingos Dosil Cubelo

2010/14674

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

NARÓN

Policía Local

Rectificación anuncio de poxa de vehículos publicado o 30/09/2010 no BOP Nº 188

EDICTO

En relación coa publicación do pasado día 30 de setembro de 2010, número de BOP 188, rectifícase parte do texto en relación a unha poxa de vehículos, quedando o mesmo tal e como queda exposto a continuación.

Con motivo da retirada de vehículos da vía pública por infracción das normas contidas nas disposicións legais vixentes en materia de tráfico, supostos de abandono así como por outras causas, vehículos que se encontran depositados nas instalacións da Policía Local e que se relacionan, e están baixo o expediente de poxa, SE INFORMA:

En cumprimento do disposto no Artigo 615 do Código Civil, e de conformidade co establecido na Orde do 14 de febreiro de 1974, procédese á execución do expediente incoado no seu día, seguindo as directrices do Artigo 59 da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, e publicado no B.O.P. 77 de data 03 de abril de 1995.

O sistema de adxudicación dos vehículos será o de poxa á cha, non admitíndose posturas inferiores a 120 Euros (Cento Vinte euros) para o primeiro lote, e de 40 euros (Corenta euros) para o segundo, con un total de 160 Euros (Cento Sesenta euros), poxa que se celebrará nas instalacións que posúe a propia Policía Local (nave de Servicios Externos sita na Estrada de Cedeira km.-01) ás 10:00 horas no que se cumpran 20 días hábiles dende a publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia. Así mesmo, infórmase a tódolos titulares dos vehículos que se relacionan, a apertura dos expedientes para a súa execución, polo tanto, as persoas que se consideren afectadas poderán formular a oportuna reclamación dentro dos cinco primeiros días hábiles.

A valoración dos lotes en individual é a seguinte:

1º LOTE:

06 turismos ao prezo unitario de 20 Euros.

2º LOTE:

04 ciclomotores ao prezo unitario de 10 Euros.

Estes vehículos irán destinados a material non utilizable (chatarra). Só poderán licitar aquelas persoas que se encontren en posesión da Licencia Fiscal de centros autorizados para o tratamento de residuos conforme á normativa vixente.

Os vehículos non adxudicados poderán ser cedidos de forma directa a aqueles que o soliciten no prazo de 10 días hábiles ante a Xefatura da Policía Local, con previo consentimento do responsable do Negociado de Facenda, sen suxeición a tipo algún, e poderán ser adxudicados, tanto de forma individual como conxunta atendendo ás melloras ofertas, non sendo necesaria a presentación de ningún tipo de licencia fiscal.

Non se admitirán posturas que o Concello considere insuficientes.

A adxudicación dos vehículos non presupón a aptitude dos mesmos para circular, e polo tanto, será por conta dos adxudicatarios o dotarse dos permisos e autorizacións necesarias para facelo, correndo á súa conta os canons establecidos para tal fin.

Os adxudicatarios, virán obrigados a satisfacer no acto e en efectivo o prezo do remate.

Os vehículos adxudicados deberán ser retirados dentro do prazo de setenta e dúas horas seguintes á poxa, e os que non sexan retirados en dito prazo, entenderase que o adxudicatario renuncia de forma tácita ós mesmos, non procedéndose por parte da Administración á devolución do prezo do remate.

Os vehículos se entenden cedidos nas instalacións onde se orixina a poxa, sendo por conta do adxudicatario os gastos que ocasione o seu traslado.

RELACIÓN DE VEHÍCULOS:

1º LOTE. (TURISMOS).

MATRÍCULA	MARCA	Nº EXPEDIENTE
C-1026-AZ	CITROEN ZX	137/07
C-7853-AH	RENAULT 21	041/10
C-4569-BD	CITROEN BX	062/10
C-1621-BM	CITROEN ZX	070/10
C-3137-BG	CHRYSLER DIAMON	098/10
C-6176-BM	CITROEN ZX	118/10

2º LOTE. (CICLOMOTORES).

C-4260-BLC	APRILLIA ALLY	052/10
C-4287-BGF	HONDA NSR	061/10
CARECE	DERBI	083/10
C-5787-BFD	YAMAHA	119/10

MATRÍCULA	MARCA	Nº EXPEDIENTE

Narón, 05 de outubro de 2010.

O ALCALDE

Asdo.: José Manuel Blanco Suarez

2010/14377

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ

Secretaría

Delegación especial efectuada polo alcalde a prol dun concelleiro da corporación municipal

ANUNCIO

Delegación especial efectuada polo alcalde a prol dun concelleiro da corporación municipal

O alcalde do concello das Pontes de García Rodríguez, por medio de Decreto da súa autoridade nº 1900/2010, do 7 de outubro -e facultado polos artigos 61.3 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia; 14 do Regulamento orgánico municipal (ROM), publicado no Boletín Oficial da Provincia (BOP) nº 179, do 20 de agosto de 2001, e 43 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF), aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro- resolveu delegar no concelleiro da Corporación municipal Javier Carballo Oseira a atribución para autorizar un matrimonio civil, ao abeiro do disposto no artigo 51 do Código Civil.

O acto de autorización de matrimonio terá lugar o día 15 de novembro de 2010, no salón de sesións da Casa do Concello.

Esta delegación faise pública no Boletín Oficial da Provincia (BOP), a teor do disposto no artigo 44.2 do ROF.

As Pontes de García Rodríguez, 8 de outubro de 2010

O alcalde

Valentín González Formoso

2010/14713

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PORTO DO SON

Delegación de competencias

